28 maio
xunio 1970

GRIAL



LOIS TOBÍO: O Erasmismo de Gondomar.

JAMES JOYCE: Giacomo Joyce.

AMABLE VEIGA: Fonología gallega. Fonemática. Más sobre vocales.

E. GONZÁLEZ LÓPEZ: Na percura de novos horizontes: O expresionismo. "La media noche".

R. CARBALLO CALERO: Auto do prisioneiro,

M. GONZÁLEZ GARCÉS: Poemas a Albertiño.

MARINO DÓNEGA: Un texto galego esquencido, de Xohán Rof Carballo.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 28 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1970

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

O erasmismo de Gondomar, por LOIS TOBÍO 129
"Giacomo Joyce", por James Joyce, trad. de D. GARCÍA-SABELL 161
Fonología gallega. Fonemática. Más sobre vocales, por AMABLE VEIGA ARIAS 173
Na percura de novos horizontes: O expresionismo. "La Media noche", por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 183

ESCOLMA

Auto do prisioneiro, por R. CARBALLO CALERO 189
Poemas a Albertiño, por M. GONZÁLEZ GARCÉS 207

PENEIRA DOS DÍAS

Un texto galego esquencido, de Xohán Rof Carballo, por MARINO DÓNEGA 211
Paul Claudel, por XOHÁN ROF CARBALLO 213
¿Proceso á Igrexa galega? A propósito do libro de Alvilares Moure, por XOSÉ-MARTIÑO MONTERO SANTALLA ... 216
Un viaxe a Galicia do século XIX, narrado por D. Marcial Valladares Núñez, por MARINO DÓNEGA 225
Expedición de Zamora a Orense, por MARCIAL VALLADARES 227
Rauda... Pranto polo fillo morto, trad. de ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO 231
Un gaiteiro, por ÁLVARO CUNQUEIRO 232
O Centro Galego de Londres, por C. DURÁN 235
A língua galega na escola 237

LIBROS, por *B. Losada, Antonio Fraguas Fraguas, X. González, R. Barral, A. Pousa Antelo e X. M. R. Pampín* 243

O REGO DA CULTURA 252

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

O ERASMISMO DE GONDOMAR

Os libros

No tempo de Gondomar tiña xa estiñado aquela fervenza espritoal que fora o movimento erasmista español. Mais ficaba aínda un eco e recendo dela que se deixaba sentir nunha seleita minoría, arelante dunha relixiosidá interior, espritoal, ilustrada, por oposición á relixión esterna, ritualista, burocratizada e calcificada de maioría. I ese recendo erasmista, ese anceio dunha relixiosidá fonda i enxebre (que, baixo dunha ou doutra forma, ha persistir dende entón en España máis feble ou máis nidio, segundo os tempos), percébese tamén en don Diego Sarmiento de Acuña. Coma home cultivado, intelixente e curioso, non podía manterse alleo a aquel esprito. Sabemos que era apaixoado leitor [1] e que mercóu libros arreo deica arrecadar unha bibrioteca que atinguéu os quince mil volumes cara o fin da súa vida [2]. E nesa sonada bibrioteca figuraban non poucos libros de Erasmo e de erasmistas españoles. Na parte principal dela, a que tiña en Valladolid [3] (outras, máis pequenas, estaban en Gondomar i en Madrid) atopábanse, en 1623, as seguintes obras orixinás de Erasmo:

"Desiderii Erasmi Roterodami Omnia opera, folio, 8 voluminibus, Basileae 1540". É a coñecida edición de Froben.
"Eiusdem Paraphrasis in Epistolas Apostolicas, 8.°, Lugduni 1544".
"Eiusdem Apophthegmatum opus, 16.°, Lugduni 1547".
"Idem, 8.°, Lugduni 1544".
"Eiusdem Paraphrasis in 4 Evangelistas, 8.°, 2 volumin, Lugduni 1544".
"Eiusdem In Acta Apostolorum periphrasis, 8.°, Basileae 1534".

---

[1] "... lo más del día y de la noche lo paso con los libros, que he hallado algunos impresos en español, antiguos y curiosos, y que yo no había visto". (Gondomar a Juan Hurtado de Mendoza, Londres 16. 11. 613, BP II/2168 fol. 30 v.). A súa filla Constanza alúdelle nunha carta do 10-1.620 ao costume que el tiña de ir ler ao campo. (BP III/2180, fol. 63).

[2] Juan Antolínez de Burgos, *Historia de Valladolid* cap. LVI, cit. en *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 1903, p.65.

[3] *Indice y inventario de los libros que hay en la librería de Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, en su casa de Valladolid, hecho a último de abril del año de* 1623. BN, 13593 e 13594.

"Eiusdem Hiperaspistae liber duobus adversus librum Mart. Lutheri cui titulum fecit servum arbitrium, 8.°, Basileae 1527".

"Eiusdem Interpretatio aliquot dialogum Luciani, 8.°, Basileae 1534".

"Desiderii Erasmi Roterodami Eloquia familiaria, 16.°, Amsterodami 1621".

Endemáis, antre os varios libros que trocara, en 1619, por outros, a un libreiro, figuraba:

"Erasmus In Novum Testamentum, 1541".

De traducións ao castelán de obras de Erasmo, tiña as seguintes:

"Erasmo Roterodamo Enchiridion o manual del caballero christiano, 8.°, Anvers 1555".

"Libro de Apothegmas que son dichos graciosos de reyes, príncipes y varones ilustres, 8.°, Anvers 1549". Hai duas traducións ao castelán deste libro, entramas moi libres, pubricadas por difrentes editores, na mesma vila e no mesmo ano [4].

Tocantes a libros de autores erasmistas ou fortemente infruenciados polo erasmismo, moitos eran os que tiña Gondomar. Somente sinalaremos os que coidamos máis sonados e caraiterísticos:

"Libro que trata del viaje de Turquía, folio, hay dos destos del mismo autor". Manuscritos. Citámolo a mantenta en primeiro termo porque non deixa de ser siñificativo que, dos catro manuscritos que se conservan desta xurdia obra erasmista [5] —non imprentada deica comenzos do noso século— dous procedan da bibrioteca de Gondomar [6].

"Diálogo de Mercurio y Carón do se cuentan las guerras desdel año 1521 hasta los desafíos de los reyes de Francia y de Ingalaterra hechos al Emperador en el año 1528, 4.°". É, xa se sabe, a obra principal de Alfonso de Valdés.

"Polidoro Virgilio, De los inventores de las cosas, 4.°, Medina del Campo 1599". Trátase da tradución de Vicente de Millis, segundo o testo espurgado por orde de Gregorio XIII. Pra Bataillon, o esprito de Polidoro Virgilio está moi preto do de Erasmo [7].

"Antonio de Porras, Tratado de la oración, 4.°, Alcalá 1551". Libro marcadamente erasmista, segundo Américo Castro [8]; pra Bataillon, herdeiro direito do *Modus orandi* de Erasmo. No prefacio recóllese a ideia erasmiana de que hai que percurar que o pobo leia os evanxeos [9].

"Antonio de Guevara, Varios tratados espirituales y discursos, folio, 2 volum., Valladolid 1550".

"Antonio de Guevara, Epístolas familiares, 8.°, 2 volumen., Salamanca 1575".

"Marco Aurelio con el relox de Príncipes, folio".

"Antonio de Guevara, Menosprecio de corte y alabanza de aldea, 8.°, Alcalá de Henares 1592". Gondomar tiña eiximprares doutras edicións dalgúns destes libros, mesmo unha tradución italiá das epístolas. Bataillon nega o erasmismo de Guevara, pesie a certas coincidencias de detalle [10]; entroques Castro

---

4 Unha de Francisco Thámara e outra de Juan de Jarava. Bat. II, 228.

5 Pra Bataillon. "la obra maestra de la literaturna a la vez seria y de pasatiempo que España debe a sus humanistas erasmianos". Bat. II, 280.

6 Gárdanse na BN, 3871 e 6395. Véx. en Bat. III, 279 ss. unha analise dos mss e a demostración de que a obra non é de Cristóbal de Villalón, coma se coidara, sinón do esgrevio médico e humanista segovián Dr. Andrés Laguna.

7 Bat. III, 244.

8 AC 131.

9 Bat. III, 124, 142, 174.

10 Bat. I, 286, 305; III, 222, 308.

di que a inspiración da doitrina relixiosa do sonado bispo de Mondoñedo vén do cristianismo antivulgar da corte de Carlos V, tan infruida por Erasmo antre 1520 e 1530 [11].

"Fr. Francisco de Osuna, Abecedario espiritual, 4.°, 6 volum., 1.° Burgos 1537, 2.° Burgos 1539, 3.° Toledo 1528, 4.° Valladolid 1551, 5.° Burgos 1542, 6.° Medina del Campo 1544". Osuna tiña certos puntos de coincidencia con Erasmo [12] e, coma logo veremos, foi censurado pola Inquisición.

"Dr. Constantino, Exposición del primer psalmo de David, 16.°, Anvers 1556". Este libro do máis sonado orador sagro do seu tempo, inzado de erasmismo, foi condanado, coma toda a obra impresa do seu autor [13].

"Fr. Juan de los Angeles, Diálogos de la conquista del espiritual y secreto reino de Dios, 4.°, Madrid 1595", Recóllese neste libro a ideia erasmiana da valencia básica da virtú íntima sin a cual as boas obras non valen ren [14]. Tamén aparez no catálogo o "Tratado espiritual de los misterios de la misa" do mesmo autor (8.°, Madrid 1604).

"Diego de Estella, De la vanidad del mundo, 8.°, 2 volum., Salamanca 1581". Gondomar tiña outra edición en 4.°, Alcalá 1597.

"Diego de Estella, Meditaciones del amor de Dios, 8.°, Salamanca 1582". Figura outra edición en 4.°, Alcalá 1597. O infruxo erasmiano é notorio nas obras de Diego de Estella, asegún Bataillon [15].

"Alexio Venegas, Agonía del tránsito de la muerte, 4.°, Toledo 1543". Inspirada na *Praeparatio ad mortem* de Erasmo, tense pola obra mestra da literatura ascética española do tempo de Carlos V [16].

"Juan de Avila, Sus obras con su vida, 4.°, Madrid 1588". O 'Apóstol de Andalucía', despois de ter sido perseguido pola Inquisición, sospeitoso de iluminismo, tivo que correxir o seu *Audi filia* [17].

"Hernán Núñez, Refranes o proverbios en romance y la Philosophia vulgar de Mal Lara en mil refranes glosados, 4.°, Madrid 1619".

"Juan de Mal Lara, La Philosophia vulgar, 1.ª parte, folio, Sevilla 1568". Américo Castro estudóu en detalle o infruxo de Erasmo en Mal Lara [18].

"Pedro de Luxán, Coloquios matrimoniales, 8.°, Alcalá de Henares 1577". Inspirado en varias obras de Erasmo [19].

"Pedro Mexía, Silva de varia lección, folio, Sevilla 1570". Aparez endemáis outro eixemprar da edición de Alcalá 1588.

"Idem, Diálogos, 8.°, Sevilla 1580" [20].

"Dr. Juan Luis Vives, Introducción a la sabiduría, 8.°, Anvers 1551".

"Juan Luis Vives, De veritate fidei christiana libri 5, folio, Basileae 1543".

"Juan Luis Vives, Instrucción de la mujer cristiana, 4.°, Zaragoza 1545". Tamén noutras edicións.

"Juan Valdesio, Comentario sobre la epístola de San Pablo a los romanos, 8.°, Venecia 1556". O nome do lugar da edición é probabremente falso; debéu ser Xinebra, troque que se facía pra enganar á Inquisición [21].

"Fr. Bartolomé Carranza, arzobispo de Toledo, Comentarios sobre el catecismo cristiano, folio, Anvers 1558". A obra de forte ton erasmista do famoso arcebispo, estreitamente avencellada ao *Enchiridion* de Erasmo [22].

"Manual de oraciones por el m. Gerónimo de Campos". Testemuña a persistencia baixo Felipe II da corrente humanista de oración, enriquentada por Erasmo [23].

---

11 AC 105, s.
12 Bat. I, 218.
13 Bat. II, 117, 119 s.
14 AC 215.
15 Bat. II, 375 ss.
16 Bat. II, 159 ss.
17 Bat. III, 63, 328, 372 s.
18 AC 167.
19 Bat. II, 237, 255.
20 Bat. II, 242 s. 255.
21 Bat. III, 317.
22 Bat. II, 107.
23 Bat. II, 371.

"Martín Azpilcueta Navarro, Manual de confesores y penitentes, 4.º, Salamanca 1557".

"Idem, Tractado de alabanza y murmuración, 4.º, Valladolid 1572".

"Idem, Del silencio que se debe guardar en los divinos oficios, 8.º, Salamanca 1588". Aparecen outros libros deste autor, mais non o principal, o *Libro de la oración y horas canónicas*, no que, baixo apariencia de refutar a Erasmo, recolle moito do seu pensamento. Azpilcueta estivo sempre a favor do perseguido Carranza [24].

"Fr. Felipe de Meneses, Luz del alma cristiana, 4.º, Medina del Campo 1577". Trátase do libro que don Quixote eloxia cando visita a imprensa de Barcelona e que, segundo Américo Castro, é dos máis infruidos pola doitrina erasmiana [25].

Moitos deses libros estaban xa condanados polos índices da Inquisición ou obrigados a espurgo no ano de 1623 en que se fixo o catálogo da bibrioteca valedolidesa de D. Diego. As obras relixiosas de Erasmo foran prohibidas polos índices de Valdés (1559) e Quiroga (1583) [26]. E Gondomar ben tiña que sabelo pois na súa bibrioteca se atopaban doce espurgatorios, antre eles o do seu amigo don Bernardo de Sandoval, de 1612. Escomasí, non semella que lle dera maior importancia nin que lle causara moito remorso nin moito medo o feito de ter libros prohibidos [27]. Polo demáis, a cousa non debía sere entón moi rara. A meiados do século XVI, o inquisidor de Zaragoza escribía a un amigo que antre letrados que se gababan de seren moi latinos ou gregos ou de teren "grandes librerías", había libros sospeitosos "y quien éstos tiene no está católico" [28]. Pois malia as prohibicións, seguía habendo en España, e seguíanse lendo, libros heterodosos. A bibrioteca de Gondomar é unha boa proba delo e confirma o que di Américo Castro verbo deso. Esta caste de prohibicións, como as económicas, somente sirven pra facer xurdir ou aguilloar o mercado mouro e o contrabando [29].

Xa en 1599 escribía a don Diego a súa dona dende Toro que un dos seus libros, o *Abecedario* de Osuna, estaba antre os que se leron por mandado dos inquisidores e que termase ollar o papel que eles fixeran sobor delo por si había máis que correxir. I engadíalle, cicáis temendo que lle non daría tino, "que no hay que hacer donaire desto porque hay descomunión", que "dentro de tercero día se incurre en la descomunión, por eso no os descuidéis a hacer la diligencia" [30]. Doña

---

[24] Bat. II, 177 ss, 327.

[25] AC, 236 ss.

[26] AC, 222. No *Inventario* da bibrioteca de Gondomar as obras de Erasmo incrúiense baixo o rubro "Libros de retórica y de la elocuencia latina", ca espricadeira: "Aquí van todas las obras de Erasmo como en su propio lugar". Semella querer dar a enxergar que somente se tiñan pola súa valencia retórica, malia seren na maioría de tema relixioso. Os *Eloquia familiaria* están antre os "Libros de poesía".

[27] Dende 1558 foi delito a posesión de libros prohibidos e orgaizouse a súa esculca; os prelados, ca axuda do brazo secular, habían dispor a inspeción de librerías e bibriotecas. Bat. II, 334 s.

[28] Bat. II, 342.

[29] AC, 222.

[30] BP 2140, s.d., s/f.

Constanza dá a enxergar que os inquisidores correxiron o libro en ausencia de don Diego mais non sabemos si éste fixo a dilixencia que lle pedía a súa muller. O certo é que, esborranchado i esgazado ou non, o *Abecedario* de Osuna, sonada obra erasmista, seguía na bibrioteca de Gondomar vintecatro anos despóis.

Non eran, abofé, os libros de Erasmo ou dos erasmistas os máis heterodosos que se atopaban nas estanteirías da Casa do Sol. Estienne Eussen, bibriotecario de Gondomar, que lle escribía en francés, decíalle en 1619 que antre os libros que lle chegaran de Galicia había "aucuns huguenots come Galvin et autres, lesquels me semble ne sont dignes d'avoir cet honneur que d'estre mis parmy les catholiques, puisque leur doctrine est du tout abominable, ains sera meilleur de les separer et les escrire sur un papier à part" [31]. Aquel Eussen era, xa que logo, home tolerante pois conformábase con arredalos dos católicos por non seren dinos da súa compaña, e non propuña que se botasen ao lume, seu merecido e obrigado destino. Emporiso, non direitamente mais a traveso do crego Santana que coidaba a don Diego a facenda de Valladolid, suxerira mes e meio denantes ao seu amo que compría facer a lista dos libros prohibidos pra o espurgatorio. Cicáis foi a resposta de Gondomar moi fría, si é que a houbo, e por esa razón somente se estrevería despóis a propor arredalos dos outros e inventarialos a parte, i en todo caso, decíalle, "comme il semblera bon a Monseigneur je les ordonneray", e non falaba máis de espurgatorio, que de certo non houbo [32].

Podia que eses libros chegados de Galicia tivesen sido remesados por don Diego dende Inglaterra por mar ao remate da súa primeira embaixada. Outros libros e papés, moitos deles raros i escelentes, viñeron por terra canda el en grande número. A Inquisición alarmóuse e ordeóu a todos os comisarios do Santo Oficio que si chegaban a España os libros, papés, estampas e relacións mercadas polo Conde de Gondomar en Londres e noutros puntos do estranxeiro, se mandasen á corte pra seren eisaminados por persoas competentes [33]. Mais non debéu sere moi cinguida a revisión, si é que se fixo, pois moitos peixes grosos libraron da rede [34]. Veleiquí algúns deses "abominables" que cinco anos despóis seguían tan cam-

---

[31] Santana a Gondomar, Valladolid, 12-1-619, BP II 2134, fol. 96. Eussen a Gondomar, Valladolid, 27-2-619, id. fol. 183.

[32] Eussen a Gondomar Valladolid, 27-2-619, BP III 2134, fol. 183. SC 44.

[33] Madrid, 24-7-618, BN 18430-1.

[34] Podia que as infruencias de Gondomar tivesen librado aos seus libros da revisión. Mais a Inquisición era dura, coma se ve polo que lle sucedéu a un dos seus criados, Juan de la Sierra. Achándose éste en Baiona pra embarcar pra Inglaterra, encarregáralle algún da vila que lle mandara uns libros de Londres; e coma el "venía como un bozal e ignorante en esta materia", mandóullos aos poucos días de chegar por un mercador inglés quen, ao voltar, contoulle que o pillara o Santo Oficio e que o destinatario dos libros fuxira. Sierra, que non dixera nada a Gondomar do choio, non quixo voltar a Espa-

pantes na Casa do Sol, anque arredados polos escrúpulos do bibriotecario [35]:

"Joannis Calvini, Institutio Christianae religionis, folio, apud Joannen le Preux, 1609".

"Juan Calvino. Institución de la religión cristiana, 4.º, 1597, traducida de latín en romance por Cipriano de Valera".

"Dos tratados contra la autoridad del Papa y contra la misa, 8.º, 1588". Debe ser a obra de Cipriano de Valera que cita Bataillon [36].

"Les ordonnances ecclesiastiques de l'Eglise de Genève, 8.º, Genève 1562".

"La Biblia que es los sacros libros del Viejo y Nuevo Testamento por Cipriano de Valera, folio, Amsterdam 1602".

"Lutheri Disertatio de libertate ecclesiastica, 4.º, Witebergae 1521".

"Cras credo, hodie nihil. Satyra Menippea, 8.º, Lugduni Batavorum 1621".

"Marcus Antonius de Dominis, De republica ecclesiastica, folio, 2 volum., Londini 1617 et secundum volumen 1620".

"Machumetis Alcoran cum Philippi Melanchtonis confutatione..., folio, 1550".

"Epistola lutherania ad Leonem decimum".

"Doctrina et politica ecclesiae anglicanae, 4.º, Londini 1617".

A eles hai que engadir obras de Maquiavelo, Savonarola, o rei James I e outros autores anglicáns, etc., todo o cual fai que o número de libros heterodosos ou sospeitosos da bibrioteca de Gondomar fose relativamente importante.

Se cadra pra tranquilizar a súa conciencia, pro quizaves máis aínda pra evitar o escándalo e as posibres denuncias [37], decidéu pedir ao Papa, axiña de chegar a Londres na primeira embaixada, permiso pra ler libros prohibidos, tanto de estado coma de relixión, "porque hay muchos casos", decíalle, "en que conviene que yo mismo vea estos libros", invocando que eso era pra "servicio de Nuestro Señor y de Vuestra Santidad y beneficio de las almas". Licencia semellante demandaba pra os cregos que tiña na embaixada, alén de certos privilexios tocantes ao culto, vistas as especiás circunstancias en que se atopaban [38]. Catro meses despóis aínda non se recibira o permiso nin sabía nada del, i entón decide escribir ao seu amigo e paisano o Conde de Castro, embaixador en Roma, pra que lle diga ao Papa que eran moi necesarias as licencias que pe-

---

ña canda el ao remate da primeira embaixada. Mais adiante escribíralle dende Londres contándollo todo, e que fora por ifiorancia, e que si daquela soupera o que agora sabía non houbese remesado os libros e, pola contra, houbese denunciado ao que llos pidéu. "Bien sabe V. S.ª cuan delicado es este negocio", decíalle, "y que si voy a España me prenderán sin que tenga remedio, con que me quedaré deshonrado para toda la vida" e que por eso ficara en Inglaterra. Anque o fixera por ifiorancia, "si el Santo Oficio me cogiera en España... juzgara que lo hice por malicia". (Sierra a Gondomar, Londres, 19-1-619, BP III/2160, doc. 68).

[35] No *Indice y inventario* forman, cáxeque todos eles, unha seición especial sin tiduo, coma xa suxerira Eussen.

[36] Bat. II, 318.

[37] Se cadra, as moitas pexas que Gondomar puña aos que querían visitar a súa bibrioteca non era só polo medo de que lle arroubasen libros mais tamén para que non visen os heterodosos que tiña. (Vex., por eix., Gondomar a Santana, Londres 20-5-620 e 7-7-620, BN 18423, fols. 74 e 77, e tamén Ga 29 s).

[38] Gondomar a Paulo V, Londres, 30-8-613, DIE III, 54.

día; e coa carta, mándalle —non se sabe ben con qué tención— dous libros heréticos imprentados en Inglaterra, cuio tiduo non decrara na carta, "según la doctrina del país" engadindo que o tén desconsoado de se ver en terra onde esas cousas se din e que dá gracias a Deus de ser galego "pues de nuestra nación ni he leído ni oído que haya habido hereje" [39], có que amosaba unha lagoa na súa grande sabencia de historias.

De alí a poucos días soupo por carta do cardeal Millino que se tiña concedido a autorización pra os cregos celebrar misa e adeministrar sagramentos, e tamén a licencia pra ler libros prohibidos, mais non a de Gondomar, i éste insiste có Conde de Castro e có cardeal en que lle era moi precisa e que voltasen a lla pedir ao Pontífice [40]. Por fin, catro meses despóis chégalle carta de Millino ca nova de que se lle deu a tan degarada licencia pra ler libros prohibidos, namentras estea en Inglaterra. Don Diego contesta agradecendo ao cardeal e dille que algunhas vegadas o segredario de linguas e outros traguíanlle libros e papés dos herexes e que os collía "inadvertidamente" i escomenzaba a miralos, e logo sentía escrúpulo daquelo, pero que, coma non eran materias da súa profesión, "porque aun la lengua latina no sé bien", e fai "tanto horror" ouvilas, non se ocupaba moito delo. E conta que téndolle traguido poucos días atráis un libro que alí escribira un tal Casabona [41] escontra do cardeal Baronio, devolveuno ao libreiro porque lle non parecía xusto que o embaixador do Rei Católico vise atal libro e nin tansiquera o pillase ca man [42]. Todo esto, xa que logo, é pura hipocresía, xustificabre pola aititú defensiva en que tiñan que estar daquela os españoles intelixentes e cultos [43]. Nestas custións, o que diga Gondomar —ou calquer outro do seu tempo— non se pode tomar ao pé da letra nin moito menos. Non agardóu don Diego, abofé, a licencia do Papa pra ler e ter libros prohibidos. E os que mercóu en Inglaterra levounos a España e non se desfixo deles coma debera, visto que a licencia somentes lla deran pra mentres es-

---

[39] Gondomar a Castro, Londres, 20-12-613, BP III/2168, fol. 52 v.

[40] Gondomar a Castro, Londres 1-1-614, id., fol. 59 v. Gondomar a Millino, Londres, 7-2-614, id., fol. 89 v. Aínda voltará a insistir con Castro o 10-4-614, ao tempo que lle manda outros dous libros —non se sabe si tamén heréticos— dicíndolle: "Envíeme V. Ex.ª licencia de S. S. para leer libros prohibidos que para su servicio y del rey nuestro señor es muy necesario". (Id. fol. 138).

[41] Isaac Casaubon, hugónote francés que pasóu a Inglaterra á morte de Henri IV, invitado polo rei James, e foi por éste adicado principalmente a escribir panfletos polémicos pra as liortas relixiosas de entón. Véxase D. H. Willson, *King James VI & I*, Londres, 1962, p. 230 s.

[42] Gondomar a Millino, Londres 15-5-614, BP III/2168, fol. 173 v.

[43] "Epoca de recelos y delaciones" (AC 196). "En la España de Cervantes, quienes hablaban en público o escribían recelaban de todos y se expresaban con cautela, con disimulo, cuya exageración podía llegar a lindar con la hipocresía" (AC 213).

tivese naquel país e ca condición de que eses libros non se sacasen fora [44]. Pra apurar o argumento, don Diego chega a decir que nin coñecía ben o latín, cando sabemos que non é certo, pois en latín falaba ás veces co rei James e na súa bibrioteca había moitos libros latinos.

Pensamento e conduta

O erasmismo español, corrente renovadora, europeizante, culta e moderada que chegara a acadar boa acollida e gran infruxo en moitos seitores políticos i ecresiásticos na primeira metá do XVI, escomenzóu logo a sofrir ataques e ser ouxeto de receios, e a nemiga foi medrando deica chegar á prohibición e persecución. Malia eso, moito do vello esprito erasmiano remanecéu nos anos a seguir, máis ou menos acochado, nunha escolleita minoría que seguía soñando ca piedá ilustrada e libre e as arelas de paz que Erasmo simbolizara [45]. Escomasí, había que se gardar dos cen ollos furadoiros da Inquisición e botar man do encubrimento, disimulo e mesmo hipocresía, obrigada defensa dos discrepantes, coma ben sabemos.

Semella certo que Gondomar sintéu marcada incrinación e simpatía por esa aititude espritual porque acaía á súa maneira de ser, ao seu caráiter e condición. Moi a miudo o feito dun individuo adherir a unha doitrina non é debido a un movimento de fora cara adentro, a un contaxio ou internación da ideia, que conquire un esprito neutro, espeitante e pasivo, senón, pola contra, a un movimento, cara fora, da ialma, que atopa na doitrina a encarnación e formulación espresa i escrarecida dos seus pulos, degaros ou sentimentos innatos, deica entón máis ou menos bretemosos. Gondomar achóu na corrente erasmista, enfeblecida xa anque non morta no seu tempo, pro sempre presente nos libros, o conceito articulado do que no seu interior sentía. Non foi un conquerido, un convencido polo engado da verba erasmiana, sinón un coincidente ab initio. Recoñeceuse nela. Porque era un home esencialmente comprensivo, por intelixente, aberto, afouto de saber e de se informar sin valados nin pexas, humán [46] e cunha boa dose de escepticismo e humorismo, coma bon galego.

---

[44] Gondomar a Millino, Londres 7-2-614, BP II/2168, fol. 89 v.

[45] AC 197 s, Bat. I, 297; III, 296, 435.

[46] Sabemos, por eixempro, que non gostaba de ter escravos. O seu fillo Lope escribíalle de Gibraltar o 10-4-609 que xa sabía que "no es muy amigo de esclavos" e que por eso non lle mercará ningún. (BP II/2166 s.f.). A súa dona era da mesma opinión. En ocasión que quería desfacerse de ún que tiña, percurándolle un bon amo, di que "en toda mi vida pienso comprar esclavo que les he mucha lástima". (Dª Constanza a Gondomar, Madrid, 7-12-611, BP III/2175, s.f.).

A primeira coincidencia que dexergamos ca corrente erasmiana é o pacifismo. Erasmo e os erasmistas defenderan un irenismo teolóxico que arelaba o arranxo, unha paz branca antre católicos e protestantes. Erasmo coidouna posibre e quixo servir de meiador [47]. Mais coma os probremas políticos e relixiosos andaban daquela ensarillados, o pacifismo relixioso tiña que levar após de sí o pacifismo político. Erasmo somentes vira coma solución ao mundo de entón, esnaquizado polas loitas arreo, que a doitrina de Cristo inspirase aos príncipes sentimentos de paz [48]. E a súa condanación da guerra chegóu mesmo a rexeitar a cruzada contra os infiés [49]. Antre os erasmistas españoles ése era tamén o sentimento domiñante. Atal sucedéu con Alfonso de Valdés que encarnóu e inspiróu a política de paz antre os cristiáns, da primeira etapa do reinado de Carlos V. No sonado *Diálogo de Mercurio y Carón,* que se atopaba, coma vimos, na bibrioteca de don Diego, amosa esa tendencia coma unha das principás caraiterísticas da súa política. E anque aceita a guerra contra o infiel si é defensiva, non deixa de sinalar que, baixo dela, pode acocharse grande pezoña [50]. Outro pacifista afervoado, antre os erasmistas españoles —polo que Gondomar debía sentir gran afición visto que, coma dixemos, posuía dous manuscritos do seu *Viaje de Turquía*— fora o Dr. Laguna. As ideias relixiosas deste libro son as que corresponden ao fito do seu autor de pór a súa autoridá moral ao servicio da política imperial de reconciliación antre o catolicismo e o protestantismo [51]. Na Universidá de Colonia, centro de irenismo teolóxico, o Dr. Laguna pronuncióu un discurso encol da door da probe Europa, cansa xa de se esnaquizar a sí mesma. Mais este pacifismo dos erasmistas era violentamente atacado por algúns, que chegaban a consideralo herexía. Asín, Ginés de Sepúlveda defendía a guerra, contra a opinión dos que chamaba herexes modernos que decían que toda guerra está prohibida pola lei divina [52]. E o sonado arcebispo de Valencia Juan de Ribera escribía a Felipe III que as paces celebradas con Inglaterra constituían unha ofensa á Eirexa e que a Escritura prohibía facer a paz con herexes [53].

Os ideás pacifistas dos erasmistas tiñan que lle acair a un esprito pacifista de seu coma Gondomar. Pois inda que non deixóu de comprir servicio de armas na súa mocedá e tivo logo

---

[47] Bat. I, VIII, 120-122, 131, 151.
[48] Bat. I, 470.
[49] Bat. I, 478.
[50] Bat. I, 469.
[51] Bat. III, 296.
[52] Bat. III, 236.
[53] Carta do 27-1-608 (BN 18434, s.f.).

cárregos e responsabilidades militares de orgaización e direición, segundo era obrigado, coidaba que "el guerrear hoy de los hombres no se reduce a la fuerza natural como los toros ni aún a batallas, sino a disminuir o aumentar amigos y comercios..., pues lo que se puede hacer con arte y consejo es lo mejor y en lo que interviene la fuerza siempre hay riesgo y ventura en el suceso y la conservación" [54]. Nas relacións con Inglaterra, moi esmerfelladas cando se fixo cárrego da embaixada, aconsellaba seguir o camiño do amor, que tiña "por único remedio, a lo menos el que se debe escoger y probar primero" [55] e que pra elo debía facerse o meirande esforzo, inda que se aventurase moito, pois anque todo era risco, a guerra e a paz, risco por risco prefería o da paz. A traveso desas frases súas, vese que o seu pacifismo tiña un matiz pragmático, coma compría a un político e dipromático, matiz que tampouco era alleo aos erasmistas políticos como Alfonso de Valdés e Gattinara. Tamén por ser home político non era un pacifista a ultranza senón con modo: partidario da paz namentras ela fose unha boa paz, é decir con ventaxes pra todas as partes, cousa que non coidaba que se dése na que había antre España e Inglaterra cando el encetóu a súa tarefa en Londres. Pois coaquela mala paz Inglaterra ía gañando sin loita e gozaba do bon da guerra e do bon da paz [56]. Todos os seus esforzos irán endereitados a trocar aquela mala paz nunha paz boa [57]. I en grande parte consigueuno. Mais por debaixo deste senso realista, inevitabre pola súa función, no fondo do seu esprito humanista e humán latexaba, por temperamento e refreisión, un grande, sinceiro amor á paz, que se esbesulla en moitos feitos da súa vida privada [58], que lle axudaría non pouco a gañar o afeito do tamén pacifista James I, e que, polo demáis, é condición básica de todo bon dipromático.

---

[54] Gondomar a Felipe III, Madrid 28-3-619, DIE III, 140. O feito deste pasaxe figurar nunha carta que é coma un eisame de conciencia proba que era o seu verdadeiro pensamento. Véx. tamén as instruccións a Fray Diego de la Fuente na carta a Ciriza, Londres 1-11-616, Ga. 92.

[55] Gondomar a Lerma, Londres 9-5-614, DIE IV, 110 s.

[56] "Apuntamiento" con instruicións pra Fr. Diego de la Fuente na carta a Ciriza cit. na nota 54.

[57] O 6-9-613, a pouco de chegar a Inglaterra, escribía a John Digby, embaixador de James I en Madrid, "que lo que deseo y procuro es estrechar una verdadera paz entre estas dos coronas". (BP II/2168, fol. 4 v.).

[58] No "negro pleito" que lle puxo a súa nora (Gondomar a Ciriza, Madrid 21-7-619, DIE II, 196) fixo canto puido por chegar a unha transación, que se acadóu ao ano (Gondomar a James I, Madrid, 15-10-619, DIE II, 213); e no testamento insiste cós seus fillos en que se leven ben e toma disposicións pra que non haxa preitos antre eles, "que es lo que yo deseo, y que entre todos haya mucha paz y conformidad". *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXII, 66, p. 104 (1967).

O erasmismo arelaba restabrecer sobre alicerces novos e sans aquela unidá da Europa esmondegada pola creba da conceición meieval da communitas christiana, a aparición dos estados chamados nacionás, que foi a súa consecuencia, e a rebelión de Lutero. Eran esas novas bases un cristianismo limpo dos espurios sedimentos que os séculos foran deixando nel, unha libertá inteleitual afincada na cultura humanística, moderación e bon senso, comprensión e tolerancia. A nova doitrina foi acollida con entusiasmo en toda Europa por unha esgrevia minoría que se avencellaba por enriba das fronteiras a traveso de libros i epístolas principalmente, tamén de viaxes i estudos en universidás estranxeiras, formando coma unha estesa irmandade. Tiña, por todo eso, un senso internacionalista que se xunguía ca súa arela pacifista.

Tamén en Gondomar dexergamos un craro senso internacionalista. Eran aquéles tempos en que España devalaba xa marcadamente cara un empechamento en sí mesma, o arredamento gradual de Europa. Dende que Felipe II, decatándose da imposibilidá de se opor á maré crecedeira das novas correntes en moitos dos seus estados, decidéu facer de España a forteza da ortodosia e do seu poder absoluto i escomenzóu a tronzar, a modo máis impracabremente, os vencellos que a xunguían ao resto da Europa, e desfacer polo ferro e polo lume da Santa Inquisición toda sospeita de disidencia, os pobos hispánicos víronse obrigados a se recoller na súa cuncha e alonxarse da Europa, esterilizando asín moitas das súas posibilidás creadoras. Púñanse pexas aos que querían ir deprender ás universidás estranxeiras [59], os estudos nas españolas foron debecendo, iñorantes dos novos camiños e horizontes do saber, e o insino devéu unha cousa resesa e rutinaria en que a memoria sustituía á intelixencia e ao discurrir. Mais sempre houbo un fato de homes que se laiaban desa situación e do dano que pra o país supuña, que arelaban o coñecimento e contaito do estranxeiro como aguilloante do propio xenio, riscando que os alcumasen de alleeiros ou desleigados, cando non de antipatriotas ou herexes.

Un deses homes foi tamén Gondomar. Sentía grande curiosidade polas terras de fora, coma o amosan os moitos libros que tiña de historias, xeografía, viaxes e literaturas estranxeiras, en varias linguas, e confesa que unha das cousas que o alentóu a aceitar a embaixada foi o ver algo de fora de España "y conocer el humor de estas gentes" [60]. É certo que non

[59] Ao Felipe II sair de Flandes o 1-7-559 non quixo que ficaran estudantes españoles na universidá de Lovaina pra non se veren espostos á herexía e deulles orde de voltaren a España nun prazo de catro meses. (Bat. II, 335).

[60] Gondomar a Ciriza, Londres 6-9-613, en Ga 56.

quixo ir ás Filipinas [61] nin tampouco a América, pra o que era porta a asistencia de Sevilla que desbotóu pola embaixada de Londres [62]. Mais eso esprícase porque non se quería alonxar moito de España, visto que o seu degaro era chegar a ter un posto importante no goberno central da monarquía, e que o que do estranxeiro lle atraguía era a Europa; pois, polo seu temperamento e formación, era un esprito enteiramente européu. Os viaxes i estadas fora da Peninsua enriquentaron a súa esperiencia e puido ollar de preto moitas cousas novas e deprender non pouco. A fins de 1613 lembraba ao seu amigo don Rodrigo Calderón, que era meio estranxeiro, o que lle éste dixera de que cando saíse do país abriría os ollos e sería "outro home", que eso lle pasara a el o tempo que andivo alén fronteiras; e Gondomar escribíalle que o mesmo esperimentara en sí [63].

Dende os primeiros tempos da súa misión, por obriga da tarefa e pola súa natural e afouta curiosidade, termóu saber canto máis puidera encol do país en que vivía, a súa xente, o seu goberno, a súa economía, a traveso de conversas cuns e outros, dos informantes, dos libros e papés que arrecadaba e dos viaxes e visitas. No mes de agosto de 1614, por eixempro, fixo, coma el decía con gracioso anglicismo, un "progresillo" polo interior do país no que visitóu facendas e casaes escelentes, durméu en confortabres "inns" e ademiróu a fartura da terra [64]. Ao cabo dun ano daba outra bordeada pola terra adentro, ollándoo todo con curiosidá e gosto, recibindo moito agasallo e gozando "de muchos parques y riberas de cazas que desto hay gran divertimiento" [65]. A impresión que recibéu do estado e circunstancias de Inglaterra foi, en conxunto, moi favorabre. Louva a súa prosperidá comercial [66] e navieira [67],

---

[61] SC 16.

[62] Gondomar a Acevedo, Londres 29-7-614, BP II/2168, fol. 228.

[63] Gondomar a Calderón, Londres 28-11-613, BP II 2168, fol. 35.

[64] Gondomar a Guadalest, Londres, 28-8-614, BP. II/2168, fol. 253 v. No "apuntamiento" que deu a Fr. Diego de la Fuente, fala da "policía, regalo y abundancia que hay en las casas de posadas y mesones de estas partes del norte" (Gondomar a Ciriza, Londres 1-11-616, en Ga 98).

[65] Sancho de Luna y Rojas a Gondomar, Milán 29-9-615, BP II/2169 s.f.

[66] Decía Gondomar ao Marqués de los Vélez o 16-12-613 que cos roubos feitos en tempos de Elisabeth "se ha enriquecido este reino, que está lleno de oro y plata y no hay otra moneda... y así hay aquí todo lo que hay en el mundo" (BP II/2168, fol. 46 ss.); e ao Conde de Benavente, o 19-3-614, que solo en moeda corrente de prata e ouro había na cidá de Londres, antre mercadores e homes de negocios, máis de vinte millóns e que era grande a fartura de mantenzas e que todas as carnes e aves eran moi brancas e gordas (id. fol. 113 v s). "Tenemos cada día salmón fresco y de manera que le comen los criados y otros muchos buenos pescados, y el mejor... son los lenguados" (Gondomar a Añover, Londres, 7-3-614, BP II/2168, fol. 101 v.).

[67] "Los navíos de particulares son infinitos y muy buenos"; "el mucho número de navíos bien aparejados y ligeros con que navegan" (Gondomar a Ciriza, Londres 1-11-616 en Ga 93, 105). "Los ingleses dicen tener dos mil navíos para traer lo que precisan" (Gondomar ao Marqués de los Vélez, Londres, 16-12-613, BP II/2168, fol. 46 ss.).

o seu goberno [68], a súa asisada política económica [69], o sistema que se seguía no nomeamento dos postos púbricos [70]. O reino estaba rico e o rei probe porque era gastador e non lle daban o diñeiro que pedía [71]: "o contrario de España, en certo xeito", quería cicáis dar a entender don Diego. "Porque como aquí no hay clérigos ni frailes ni monjas ni tienen conquistas ni guerras, viene a ser este reino todo un lugar [e.d. todo poboado coma unha grande cidá] según la mucha población, multiplicación y gente del" [72]. Non hai que esgarabellar moito pra descobrir o que Gondomar coidaba verbo disto. Nestas súas ouservacións e comentarios tiña sempre diante dos ollos, doéndolle, a situación do seu país, tan inferior a outros, en moitas cousas, por nugalla, desleixo e falla de siso e polo pouco que os reises se coidaban do ben do pobo. E toma entón unha aititude crítica que está tamén dentro da liña erasmiana.

CRITICA SOCIAL E POLITICA

O erasmismo, baseándose na depuración dos testos da Escritura pra lles restituir o seu pristino senso, asenllaba estabrecer a doitrina cristiana enxebre meiante unha crítica das deformacións, desnaturamentos e restos pagáns e xudaicos que a luxaban. Esa crítica, esencialmente relixiosa, que tivo

[68] "En lo político y civil hay aquí gran gobierno" (Gondomar ao Marqués de los Vélez, ibid.).

[69] "El bien y aumento de un reino consiste en que salga de él mucha mercaduría para fuera, y de la de fuera entre poca dentro, que es, en sustancia, vender mucho y comprar poco. Y esto ha sido y es toda la policía de aquí y por esto han hecho ley de que ninguno pueda traer mercaduría en navío forastero, y esta ley la han hecho sacada a la letra de ordenanzas y cartas de Castilla, que yo he visto aquí en el mismo español y traducidas en inglés" (Gondomar a Ciriza, Londres 1-11-616, en Ga 97 s). "Los ingleses meten en España lo que allá sobra y sacan cada año millones de oro y plata y aumentan con ello sus navíos, marineros y comercio; ...desde el año 1604 que se hicieron las paces, ha crecido el trato y riqueza de sólo Londres más de veinte millones en dinero y en mercadurías y crecido en edificios más de la tercera parte de lo que antes era y todo el reino se ha aumentado mucho". (id. 91 s). "El dinero entra y no puede salir... la ropa vieja que aquí sobra la van a trocar... por las otras cosas... a todas partes del mundo". "Tienen leyes muy favorables para los ingleses que comercian y tan opuestas a los extranjeros que ninguno puede vivir aquí". "Los ingleses no quieren que otros traigan nada de fuera porque no ganen y lleven el dinero y así no consienten que ni forastero ni natural saque dinero de aquí ni en efectivo ni en letra, si no es para viaje al que va por tierra y se lo tasan rigurosamente" (Gondomar ao Marqués de los Vélez, Londres, 16-12-613, BP III/2168, fol. 46 ss.).

[70] Censurando o favoritismo hispánico e non ter eiquí "la virtud y méritos la preeminencia y estimación que les toca", cita un caso que presenciara en Inglaterra dun cabaleiro que se achegóu ao rei pra lle falar dunha pretensión inxusta. James respostóulle "con gran cólera" ser merecente de que o mandase aforcar pois facíalle perder o creto ao seu goberno e xusticia; e Gondomar engade que o feito fora moi louvado na corte de Londres: (Gondomar a Felipe III, Madrid, 26-3-619, DIE II, 139).

[71] Gondomar a Ciriza, Londres 1-11-616, en Ga 89. O 29-5-614 decía Gondomar a Guadalest que o rei James achábase "embarazado" polas súas débedas e necesidás e o Parlamento non lle quería dar diñeiro (BP III/2168, fol. 183).

[72] Gondomar ao Conde de Benavente, Londres 19-3-614, BP II/2163, fol. 113 v.

a máis sonada e brilante espresión no *Eloxio da tolemia,* achábase xa a un paso da crítica social e mesmo política, paso que non dubidaron dar algúns erasmistas españoles coma Vives e o Dr. Laguna [73]. Espritos alertes e sinceiros, cheos de vivo e aitivo amor pola súa terra, ollaban con mágoa as súas moitas madias e arelaban porlles remedio. Eles foron os que encetaron a corrente de crítica social e política que había denunciar, ao longo dos séculos, o atraso, a incultura do pobo, a decadencia e fosilización do insino, o desorde, inxusticia e deshonestidá da adeministración, a imprevisión, frivolidá, demoras e desorientación na condución dos negocios púbricos, o desbaraxuste das finanzas e a falla de siso da política económica; nesa corrente entrarán logo, antre outros moitos, Quevedo, Feixóo, Cadalso, Larra, os do 98 e os de despóis. Todos eles compriron unha tarefa ingrata e mal vista polos satisfeitos e conformistas, beneficiarios dese conformismo, coma é ingrata a misión do médico que tén que anunciar un diagnóstico grave. Mais o estabrecimento dun diagnóstico certo é suposto imprescindibre pra toda eventual curación.

Nesa liña de crítica social e política de raigaña erasmista está tamén Gondomar. Có seu agudo senso, ollada furadoira e gran cultura, ben se decataba do abismo cara o que camiñaba aquela monarquía "que se va acabando por la posta" [74]. Pero non foi un simpre crítico. Cando lle deron oportunidá pra axudar á mellora do común, adicouse á laboura en corpo e alma e con éisito sobexo. A envexa e o receio mantivérono alonxado da función púbrica anos dabondo i endexamáis chegóu a ter o posto de goberno que degaraba. Podia que nas conversas cos amigos, ás que era moi afeito, se espresara con máis libertá da que compría pra estar en gracia co privado Lerma. Cicáis foi pra apracalo que non aforróu a louvamiña nas súas cartas ao Duque ou ás súas feituras: outra manifestación da hipocresía defensiva á que se vían forzados os españoles de entón. Mais cando Lerma cai, ao voltar Gondomar da primeira embaixada, estrévese éste a mandar ao rei a sonada carta do 28 de marzo de 1619, onde espón por miudo canto pensa encol dos probremas da monarquía española. Era aquel día o de Xoves Santo, e xusga ser sazón a xeito pra facer confesión e decraración, advertindo dos danos, en descargo da súa conciencia. Temos eiquí, ceibe de pexas e cautelas, o pensamento de Gondomar sobre os asuntos púbricos de España, esposto con toda sinceiridade, o que dá valor esceicioal a este documento [75].

Non imos facer agora unha análise detida das críticas de don Diego neste escrito que, polo demáis, hai que completar

[73] Bat. II, 295.
[74] Gondomar a Felipe III, Madrid, 28-3-619, DIE II, 146.
[75] Id., DIE II, 131 ss.

con outros i especialmente co "apuntamiento" que lle dera ao seu confesor Fr. Diego de la Fuente cando veu a España a informar, en 1616 [76]. Sería angueira longa. Mais compre sinalar o feito de que moitos dos seus xuicios e advertencias baséanse na comparación có que vira no estranxeiro ou có que del sabía. E que moitas desas chatas que denuncia non eran cousa recente sinón que viñan de máis lonxe, dos tempos de lucidía e impoñente apariencia de Carlos V e Felipe II [77].

Critica Gondomar, por eixempro, —coma compría a un galego— o abandón en que se tiñan as cousas do mar, sendo que "en el aumento de navíos y marineros consiste la grandeza y conservación de España, porque el mundo está reducido hoy a que el que es señor de la mar lo sea también de la tierra" [78]. E critica asemade as pexas que se puñan ao desenrolo da economía, as dificultades pra viaxar (non había mesóns en que puidera pousar un cabaleiro de camiño e os estranxeiros decían que, pra andar por España, había que levar "bota y alforja y dormir en el suelo") [79]. Ataca crúamente o desorde, frivolidá, improvisación e inxusticia na xestión da cousa púbrica ("y acá durmimos ocupando el tiempo en lo que no importa ni para la ampliación del estado ni para su conservación, antes en lo que es de daño de lo uno y de lo otro, de que sé yo que se huelgan y ríen harto nuestros enemigos") [80], cousa debida, en boa parte, ao sistema de provisión dos cárregos por recomendacións e acomodos —pauliña permañente da adeministración española— en ves de nomear pra eles aos máis capaces, "como hacen las repúblicas bien ordenadas y nuestros enemigos". I engade desalentado que "aunque se conoce esta verdad por todos, no se remedia" [81], o que é pior, porque demostra que o mal non estaba na intelixencia sinón na vontade. Video meliora...

Este xeito de críticas teñen sempre espertado en España a indinación dos "amantes de sagradas tradiciones", que confonden a tradición cá rutina. E Gondomar debéu tamén aturar a xenreira, os ataques e as insidias deses aproveitados campeóns do tradicionalismo, quenes facían correr, sin dúbida, a voz de que era xa máis inglés do que español. Don Diego, humorizando coesa sona mintireira, dixo a Felipe IV, ao sere nomeado conselleiro de estado, que moito lle estimaba

---

[76] Gondomar a Ciriza, Londres, 1-11-616, en Ga 87 ss.

[77] Véxase, por eix., no tocantes á economía, R. Carande, *Siete estudios de historia de España*, Barcelona, 1969, p. 109 ss.

[78] Gondomar a Ciriza, Londres 1-11-616, en Ga 97.

[79] Ibid. 99.

[80] Gondomar a Felipe III, Madrid, 28-3-619, DIE II, 142.

[81] Id. 137 s.

que tivese outorgado a un inglés cárrego atal [82]. Mais a sona inxuriosa perduraría após da súa morte cando Olivares respostóu a don Antonio, o fillo de Gondomar, que lle pregaba unha mercé, que lla fose pedir ao rei de Inglaterra a quen seu pai servirá [83].

AITITUDE CARA OS PROTESTANTES

Outro aspeito no que se dexerga unha semellanza antre o erasmismo e Gondomar é na aititude cara os protestantes. En razón da súa tendencia conciliadora, Erasmo e os erasmistas pandeaban á comprensión, eran nemigos das posturas irredutibres e irreparabres e mesmo recoñecían que podían estar en parte xustificados certos recramos dos disidentes. Esto foi especialmente certo namentras o erasmismo inspiróu a política imperial a traveso de homes coma Gattinara e Alfonso de Valdés, pois había tamén antre os luteráns un grupo moderado partidario do arranxo. Mais cando as posicións se entaleceron e Trento fixo ilusorio o restabrecemento da unidá, os erasmistas ou devalaron cara a heterodosia ou tiveron que enfeblecer ou disimular os seus vellos degaros, inda que endexamáis chegaron a adoptar as posturas belixerantes e intransixentes dos ortodosos de estricta ouservancia.

Nesta etapa vivéu e desenrolóu a súa aitividá o noso don Diego. Da súa ortodosia sinceira non pode caber a máis pequena dúbida. Mais a súa aititude cara os protestantes en Inglaterra foi grandemente aberta e comprensiva e hai razóns pra coidar que elo non era somente debido ás obrigas da súa función dipromática sinón que respondía tamén á condición do seu caráiter e, de certo, ás súas refreisións e leituras. Nunca fala dos disidentes, ao xeito de tantos españoles do seu tempo, coma de réprobos condanados ou mesmo demos do inferno [84], senón, en todo caso, coma de homes trabucados que podían seren tan bos coma os outros. É especialmente siñificativo verbo disto o xuicio que fai do rei James. Malia sere

---

[82] SC 55. Queixándose certa vez a Buckingham de que a armada inglesa consentira que os holandeses visitaran no Estreito os navíos ingleses pra ver si levaban mercaduría española, obrigando aos de España a visitalos tamén por si transportaban facenda de holandeses, engadía, habelenciosamente: "y *como inglés*, siento que les hagan esa vejación a los navíos ingleses" (Londres 8-2-622, BP II/2108, fol. 121). Non hai dúbida que chegóu a tomarlle lei a Inglaterra. Por eso lle escribía Walter Aston, embaixador inglés en Madrid, o 22-8-620: "Los méritos de V.S.I. y *su afición tan grande a la nación inglesa* nos obliga a todos a que le sirvamos, y así no me maravilla que el rey mi señor le estime y honre" (BN 18422, fol. 200).

[83] SC 55.

[84] O seu predecesor Don Alonso de Velasco, queixándose dos traballos que en Londres pasaba, decía que non eran somente causados por homes senón por diaños "que aquí tienen su centro" (Velasco a Gondomar, Londres 25-12-610, BP II/2122, fol. 158). Anos denantes o P. Maldonado, xesuita, dixera nunhas conferencias en París: "Prima causa est quod daemones in haereticis, ut olim in idolis, habeant domicilium" (cit. por J. Caro Baroja, *El señor Inquisidor y otras vidas por oficio*, Madrid 1968, p. 187).

cabeza do bando protestante en toda a Europa, di de el que "tiene buen entendimiento, buena inclinación y corazón de rey, digan otros lo que quisieren" [85], xuicio que ha repetir a miudo. Coel encetóu unha amistá estreita e fonda porque tiñan moitas aficións comúns e tamén unha certa afinidá de caráiter e ideias. Pra Gondomar, a suprema valencia da persoa consistía en ser, coma decía, "hombre de bien", e semella que tivera por cousa secundaria a custión da ortodosia e, dende logo, as súas manifestacións esteriores. Por eso cita con aprauso e louvanza a resposta que dera Carlos V ao Papa Paulo III, escandalizado de que o Emperador fose amigo de Enrique VIII, ao lle decir, polo seu embaixador en Roma, que inda que o rei inglés "era hereje público, le tenía por mejor cristiano que al rey de Francia [con quen o Pontífice levaba grande amistá] y lo mostraba así en sus obras" [86].

Gondomar, con cautela galega, sabía que tiña que andar con tento naquela España de delacións e receios en que calquera denuncia segreda podía traguerlle un disgusto ca Santa Inquisición, e máis por vivir antre herexes e tratando coeles arreo. Terma moito, por eso, na correspondencia, de que fique patente e sin sombras a súa ortodosia, aludindo a miudo aos servicios relixiosos que se facían na capela da embaixada, a axuda que daba aos católicos, os esforzos pra traguer ao rego aos apóstatas, á homaxe que el e os seus facían na rúa, con ostentosidade, cando atopaban unha crus [87], e tamén ao engadir, cando xusgaba con eloxio a política, economía ou vida social de Inglaterra, que aquelo ben pouco valía visto que lles

---

[85] Gondomar ao Marqués del Valle, Londres 6-10-613, BP II/2168, fol. 10 s. Ao cómenzo da primeira embaixada, Gondomar coidaba mesmo que cicáis houbese sido bon católico "si las cosas hubieran ido por otro camino" (ibid.), e que non sería "difícil de reducir a la verdad" si os seus malos conselleiros non o estiveran persuadindo arreo de se manter no erro (Gondomar ao Marqués de los Vélez, Londres 16-12-613, id. fol. 46 ss.; Gondomar a Vegil de Quiñones, Londres 29-1-614, id. fol. 78; Gondomar aos outros embaixadores de España, Londres 11-10-613, id. fol. 12 s.) e a perseguir aos católicos, non por relixión sinón por xenreira a España (Gondomar ao Marqués del Valle, Londres 6-10-613, id. fol. 10 s.). Mais gostáballe ouvir a verdá (ibid.) e ás veces falaba Gondomar coel de materias de relixión "como pudiera yo hablar con un consejero de estado" do rei de España, anque non deixa de ter as súas sospeitas i engade que si nesto houber engano, sería a maior ante (Gondomar a Felipe III, Londres 4-1-618, DIE I, 185). Era tamén, asegún Don Diego, amigo da paz (Gondomar a Ciriza, Londres 6-9-613, en Ga 72; Gondomar a Hinojosa, Londres 20-12-613, BP II/2168, fol. 50 v s), "de natural blando y suave" (Gondomar a Ciriza cit., en Ga 65), nemigo do sangue e dos rigores, coma el mesmo decrarón ao Parlamento. Máis adiante, porén, na segunda embaixada trocará algo o seu xuicio encol da aititude do rei James verbo da relixión, espresando que "su interior y su ánimo... es deshacer la religión católica y lo que deja de hacer... contra esto sin llegar al extremo de la persecución es sólo por hacerlo con más efecto y seguridad" e que quería ser cabeza universal de todas as herexías; e Gondomar dubida moito que puidera convertirse e nin xiquera podía terse seguridá na súa moderación (Gondomar a Felipe III, Londres 22-5-620, DIE II, 336 ss).

[86] Gondomar a Guadalest, Londres 21-8-614, BP II/2168, fol. 251.

[87] "... no veo cruz en la calle donde yo y todos los míos no hagamos gran demostración y reverencia" (Gondomar a Hurtado de Mendoza, Londres 10-5-614, BP II/2168, fol. 163).

mancaba o principal, que era a verdadeira relixión [88]. Na carta xa aludida, en que descrebe o viaxe que fixera polo interior do país en 1614, conta que veu moita riqueza de casaes e froitos e que lle dixo aos donos que tiñan, a maiores, a riqueza do tempo (xa vira Gondomar o de que o tempo é ouro) pois que non ouvían misa nin rezaban nin confesaban nin facían ningunha penitencia nin mortificación; "pero que el tener esta que parece comodidad era causa de que yo no les tuviese envidia a las demás" [89]. Neste caso, coma noutros, hai que saber ler antre liñas. No fondo, don Diego laiábase do tempo que naquela España se perdía en escesivas, e ás veces fachendeiras, devocións, que tanto gorentaban ao pío e parvo Felipe III. Anos adiante, na xa citada carta do Xoves Santo de 1619, diráille que xa era hora de poñerse a traballar en serio polo ben da monarquía e deixar boa parte daquelas cerimonias [90].

Non hai dúbida de que a súa ampritude de esprito cara os protestantes ingleses e mesmo a amistade afeituosa con moitos deles [91] —non somente có rei sinón tamén con outros moderados, coma John Digby, o embaixador en Madrid, a quen xa coñecera denantes de sair pra Inglaterra e por quen tiña gran estimanza que ha durar deica o final— [92] favorecía a súa laboura dipromática. Mais non semella que pra elo tivese que violentar o seu natural. Doutra banda, anque axudóu

---

[88] "En lo político y civil hay aquí gran gobierno pero les falta lo principal que es la verdadera religión" (Gondomar ao Marqués de los Vélez, Londres 16-12-613, BP II/2168, fol. 46 s).

[89] Gondomar a Guadalest, Londres 28-8-14, BP II/2168, fol. 253 v.

[90] Gondomar a Felipe III, Madrid 28-3-619, DIE II, 146.

[91] Por iso, cando saéu de Inglaterra ao rematar a primeira embaixada, non somente os católicos mais tamén moitos protestantes —non os puritáns, abofé!— sintiron que se fose. Un Thomas Glover, que lle escribía en italián, decíalle que, alén dos amigos, outros moitos que el non coñecía, tanto católicos coma herexes, "lo amano, lo lodano e non poco sono condolenti del suo partire" (BP II/2160, doc. 9, s. d.,). O sonado Toby Mathew escribíalle de York o 30-7-618 (estilo inglés) que non só os católicos sinón tamén os protestantes laiábanse da súa ausencia (BP II/2160, doc. 14). E dúas donas amigas, cicáis españolas, madamas de Recalde e de Figueroa, doéndose da súa marcha pola boa compaña que lles facía, decíanlle que "los mismos herejes desean a V.S. y dicen que en el mundo hay tal embajador" e que somente había "un gran protestante que no quisiera que nasiera V.S.". Unha delas preguntóu a este protestante en qué lle tiña ofendido o Conde de Gondomar i el respostóu que "era un diablo del infierno que había ruinado este reino y que entendía todos los secretos del estado desta nación y que sería ocasión que se harían papistas todos", engadindo que "había menester el rey King James otro sujeto como el embajador de España porque, para desir la verdad, para su rey y reino ha hecho los mayores servisios que jamás se hisieron, y en todo el mundo hay rey servido con tan gran sujeto, tan entendido como todos los diablos, siendo sierto que es hombre de grandes partes que con ellas nos hará papistas" (Londres 1-10-618 —estilo inglés?—, BP II/2160, doc. 36).

[92] Digby escribíalle de Madrid o 9-5-613, cando Gondomar ía camiño de Londres, que máis gosto tivera ca súa conversa que con todo o demáis de Madrid (BP II/2170 s.f.); e Gondomar correspondíalle dende Londres decíndolle o 6-9-613 que cando se vían xuntos esquencíanse dos oficios e semellábanlles curtas as horas, "a mí por lo menos" (BP II/2168, fol. 4 v). O 2-3-614 decíalle Digby a Gondomar dende Madrid que ía sair pra Inglaterra e que nada lle aledaba máis "que de poder ver a mi señor Don Diego en Inglaterra porque por allá le serviré mejor que por acá" (BP II/2170, s. f.).

canto puido aos católicos ingleses, fíxoo sempre con discreción, asegún lle sinalaran nas instruicións [93]. Recén chegado a Londres, escribía ao Papa que esperaba que Deus lle daría gracia pra endereitar as cousas coma conviña ao seu servicio e ao da Súa Santidad, "que es lo que más me ha encargado el rey mi señor" [94]; mais eran frases de pura cortesía pois sempre antepuña, naturalmente, en caso de conflicto, os intreses do seu rei [95]. Por eso, anque tiña a simpatía do seitor moderado dos católicos ingleses, era ollado con xenreira e resentimento polos estremistas, por aquel fato de conspiradores que dirixían algúns xesuitas [96]. Pois, a difrencia do que fixeran algúns

---

[93] O 21-9-613 Felipe III escribía a Gondomar que o nuncio dixéralle que se propuxera en Roma que si os embaixadores de España e Francia e algún ministro do emperador apretaran ao rei James pra que non persiguira tanto aos católicos, cicáis se enmendaría", mais que el, Felipe, contestara ao nuncio que o rei inglés o tomaría a mal, e reitera a Gondomar as instruicións que lle dera ao ser nomeado embaixador de que andivese con tento no de axudar aos católicos ingleses e que non lles fixera moito caso nas xestións que lle pidisen facer e que lles aconsellase que fosen leiás có seu rei (BP 2183, s.f.)

[94] Gondomar a Paulo III, Londres 30-8-613, DIE III, 53. Nas instruicións da primeira embaixada nada hai deso e máis ben se lle recomendaba que andivese con tento nas axudas aos católicos ingleses, coma denantes vimos. O que Don Diego di ao Papa hai que tomalo coma falago e curtesía e cicáis tamén pra máis doadamente outer a licencia pra ler libros prohibidos que demanda a seguir.

[95] Moitos gobernantes da monarquía dos Austrias españoles daquel tempo e de denantes coidaban que o estado había estar ao servicio dun ideial relixioso católico interpretado polo propio estado —i, en tal senso, todo o que fose bon prá monarquía sería bon pra o catolicismo, por ser aquéla seu campeón— e non ao servicio incondicional do Papa e da estroitura política da Eirexa. Gondomar xoga cós dous conceitos con habelencia dipromática, asegún compre en cada caso. Mais o seu verdadeiro pensamento, de evidente cheiro regalista, refréxase no que dixo a Ciriza o 17-3-14 de que "hacemos lo que se puede con confiar en la ayuda de Dios, pues lo que aquí se hace es el principal fin el servicio de Dios". De Deus, non do Papa nin da Eirexa coma institución positiva. Denantes citara o caso de Don Juan de Zúñiga cando era embaixador en Roma e quen, coma o Papa lle dixera que quería mandar máis do que el, "le respondió que qué duda había en ello sino que el rey de España había de mandar en Roma más que el Papa" (Gondomar a Ciriza, Londres 19-3-614, BP III/2168, fol. 106 v s). I en carta ao Conde de Añover decía que cada vez se confirmaba máis que o rei de España "es santo y Dios español, como decía uno" (BP II/2168, fol. 126 v. Véxase tamén Gondomar a Girón, Londrés 10-4-614 id. 140). Ven ser un punto de vista semellante ao dos ministros erasmistas de Carlos V.

[96] Un crego católico inglés, John Benett, que fora a Roma pra certas xestións, escribía en 1622 a Gondomar, xa en Madrid, que na súa terra ían mellorando as cousas pra os católicos, mais que anque tiveran paz con todo o mundo, "no faltarán jesuitas que nos hagan la guerra". Soupo por un irmán seu que os xesuitas, "por las bocas de sus criaturas, echan su malicia contra el Conde de Gondomar, diciendo, entre otras cosas, que era demasiado confidente con el estado", e. d. amigo do rei. E sigue Benett: "Por donde V. E. ha remediado toda nuestra miseria, por allí querían éstos pegar no sé qué suspiciones". Engadía enrabechado estar seguro de que si a maoría dos católicos ingleses souperan todo eso "con sus manos los echarán fuera del reino. Mal pagan el trabajo, caridad y diligencia con que V.E. siempre acudía a nuestras necesidades y el peligro en que por nuestra causa se ha visto tantas veces" (Benett a Gondomar, Roma 5-9-622, BN 18427, fol 13). Xa en 1613 tiña Gondomar criticado a intemperancia do P. Creswell có embaixador de Inglaterra en España (Gondomar a Lerma, Londres 26-10-613, DIE III, 142). Ao ano seguinte laiábase de que "entre los religiosos benitos y de la Compañía y demás sacerdotes deste reino hay bandos y oposiciones, cosa bien escandalosa y perjudicial para el fin que los unos y los otros tratan, pero el demonio ha sembrado esta cizaña" (Gondomar a Guadalest, Londres 10-7-614, BP II/2168, fol. 216). E máis adiante seguía a decir que había emu-

dos seus devanceiros, non se mesturóu en intrigas nin conxuras i era nemigo das aititudes violentas que só servían pra pór a pior a situación dos católicos [97]. Nas frecuentes e longas conversas que có rei James sostiña, algunha de hastra máis de catro horas, en que de todo se falaba e con moita libertá, sempre amosóu, ao que sabemos, o meirande respeto polas ideas relixiosas de aquél, anque mantendo sempre as propias. I esto apracía grandemente ao Estuardo, pois non había cousa que máis aborrecese que o finximento nesas materias. Folgábase, —di Gondomar— "de que cada uno parezca lo que es y profesa, sin recelos ni escondrijos" [98], e contentábanlle aquelas demostracións e reverencias que Gondomar e os seus facían aos siños da vella relixión que atopaban na rúa, polo cual tíñao por home de ben i estaba moi seguro del, "porque muestro lo que soy" [99]. En realidá, o que verdadeiramente preocupaba ao rei inglés era a lealtade política dos seus súbditos. Coma á súa predecesora, non lle gostaba facer fiestras nas almas dos homes. Elisabeth dixera unha ves ao embaixador don Bernardino de Mendoza que non castigaba aos católicos "si no por no confesarla por reina, que en lo demás creía lo que ellos" [100]. E o mesmo podía decir James. Foron as conxuras o que encirróu a persecución, coma o rei lle dixera en certa ocasión a Fr. Diego de la Fuente [101]. Gondomar quixo mesmo axudalo a resolver o probrema dos que se negaban a prestar ao rei o xuramento de fidelidá, propondo fórmulas a xeito que deixaran satisfeitas ás dúas partes [102], e xusgaba que non se lle

---

lacións antre os xesuitas e os demáis sacerdotes, que chegaron a estar moi acesas "y era de mucho inconveniente" (Gondomar a Felipe III, Londres, 30-12-617, DIE I, 142). En 1620, "alguno de la Compañía o por su orden", mandaba informes a Madrid que, ás veces, discrepaban dos de Gondomar i eran pouco favorables ao noso embaixador (Tomás Ramírez a Gondomar, Madrid 1-11-620, BN 18422, fol. 248).

[97] "Y de la conjuración de la pólvora y desto que algunos han escrito de poder quitalle el reino y matalle ha nacido la invención... deste juramento, porque al que no le quiere hacer... luego le dicen que, pues no quiere negar que el Papa tiene poder para poner y matar a este rey, él se quiere levantar contra él y le quiere matar y es traidor"; i engade Gondomar que éste foi o maior freno pra que moitos se decrarasen católicos (Gondomar a Felipe III ,Londres 17-3-614, DIE IV, 4).

[98] Gondomar a Benavente, Londres 19-3-614, BP II/2168, fol. 113 v.

[99] Gondomar a Hurtado de Mendoza, Londres 10-5-614, BP II/2168, fol. 163.

[100] Mendoza a Felipe II, Londres 7-6-578, CDH, XCI, 259 ss.

[101] Gondomar a Felipe III, Londres 26-6-618, DIE I, 311.

[102] "A algunos deste Consejo... he dicho cuanto mejor sería hacer un muy firme juramento de fidelidad sin meterse en él al Papa ni a las cosas de la Iglesia y que con esto... todos los católicos harían este juramento sin reparar, con que se conseguiría el fin de la fidelidad sin los escándalos que causa tan extraordinaria manera de juramento". (Gondomar a Felipe III, Londres, 17-3-614, DIE IV, 4. Véx. *tamén Gondomar ao Cardeal Zapata*, Londres 10-4-614, BP II/2168, fol. 128 v s). Xa denantes lle suxeriran de Madrid que se arranxase un xuramento de fidelidá sin comprometer a fe (Felipe III a Gondomar, Madrid, 30-11-613, BP II/2183, fol. 33).

prestaba servicio ningún aos católicos ingleses falando mal do rei e os seus ministros [103].

RELIXION E "MATERIA DE ESTADO"

Varios casos demostran que o noso dipromático, cando había conflito, antepuña os intreses políticos, a "materia de estado" coma entón se decía, aos rigorismos católicos. Un deles foi o da proieitada boda do príncipe Charles. Cando se escomenzóu a falar dela, a corte de Madrid sinalóu a condición de que o príncipe tiña que se facer católico e que se daría "libertad de conciencia" aos católicos ingleses. Don Diego foi levando, amodiño, a xestión e os tratos de tal maneira [104] que, a final, os españoles xa se conformaban con que a infanta e o seu séquito puidesen praiticar libremente o seu culto nunha capela do palacio, sin insistir na conversión do príncipe, e que, en ves da "libertad de conciencia", pra os católicos, que supuña a derogación das leises contra eles, cousa que soio o Parlamento podía facer, se lles asegurase que non serían executadas, gozando así, polo momento ao menos, de tolerancia. Cando os escrúpulos e as sotilezas malintencionadas dalgúns cregos españoles —que Gondomar chamaba "los puritanos de España"— [105] ían ciscando pedriñas polo vieiro das negociacións nupciás, dirá que nesas materias de política non poden opinar os teólogos que están a ler na súa celda ou nas escolas, isolados no interior de España, a doitrina dos santos, sin ver nin considerar o que pasa no mundo [106].

Noutra ocasión, cando se pubricóu o sonado libro do P. Suárez, *Defensio fidei,* no que se sostiña a tese de que os súbditos non deben obediencia a un rei herexe e que podían mesmo darlle morte, James, gato escaldado que xa correra moitos riscos, alritóuse, falóu mal púbricamente de xesuitas e católicos e queixóuse amarguradamente a Gondomar do rei de España porque se decía que tiña aprobado o libro. "Yo he

---

[103] Gondomar a Lerma, Londres 26-10-613, DIE III, 142. A meiados de 1614, após da disolución do Parlamento, que tiña maioría puritá, os católicos alentaban a espranza de que melloraran coelo as súas cousas. Gondomar aconséllalles entón que andivesen con máis tempranza e modestia, non dando ocasión a que se fale deles (Gondomar a Felipe III, Londres 30-6-614, DIE IV, 154).

[104] O 6-10-613 avisa a Lerma do que lle dixo un confidente encol da visita que ía facer ao privado o embaixador de Inglaterra, aconsellando non eisixir que o Príncipe "se haga católico ni libertad de conciencia, sino algunas cosas que vayan disponiendo la mateia de grado a grado... porque queriendo caminar en esto muy aprisa nos ponemos en peligro de perderlo todo". Don Diego, ao seu xeito, fai a suxerencia coma proposta doutros, mais vese ben que está enteiramente de acordo (DIE III, 137 s.). E o 3-7-614, asemade que manda ao rei un papel de Digby verbo do choio da boda, engade os seus comentarios favorabres a que non se testelee en eisixir aquelas condicións, anque sempre apresentando a cousa coma opinión e consello dos "bien intencionados y prudentes" (DIE IV, 175, ss.).

[105] Digby a Gondomar, Londres 10-3-618, BP II/2170, s. f.

[106] Gondomar a Felipe III, Londres 30-6-614, DIE IV, 165.

pasado con él grandes cosas estos días", escribía o noso paisano, "por estas materias, porque me ha dicho sus sentimientos con gran llaneza y cortesía pero con gran dolor". E don Diego respostóulle que non fixera delo maior caso, que eran cousas de teólogos e que o rei de España seguía sendo o seu amigo e que desexaba o seu ben e a súa vida [107]. O embaixador soupo logo que un xesuita francés, o P. Cotton, confesor do rei de Francia, escribira ao embaixador do seu país en Inglaterra que o libro do P. Suárez fora queimado en París, e con toda razón, e o embaixador amosóu a carta ao rei James. E Gondomar, que sabía que o libro fora visto e aprobado en España, preguntóu a Lerma si estaba ben que, cando xente da mesma orde decía eso do libro do seu compañeiro, digamos que en España o libro tiña sido aprobado [108]. Don Diego debía estar abraiado e arripiado daquela falla de senso político e da estulticia dos que dirixían, aos bandazos, a política da monarquía [109].

Despóis de ter mellorado as relacións hispano-inglesas —moi escanastradas cando el encetóu a embaixada— gracias á súa habelencia e aos seus esforzos, unha decisión inconsulta e desasisada viña agora a escangallalo todo. Ao rei James recruecéuselle o medo despóis da aparición daquel libro e andaba "con tan grandes temores" que non se estrevía "a salir por las calles de Londres porque trae siempre presente... la muerte del rey de Francia", e cando ía á capital "es por fuera del lugar y en coches, corriendo por la posta, y está en esta ciudad lo menos que puede". "Dios le alumbre", engade Gondomar, "que me hace mayor lástima ver esto, habiéndole visto en tan buena disposición después que yo estoy aquí, con que tuve grandísimas esperanzas de verlo todo muy mejorado" [110]. Os que sufrían as consecuencias daquel medo do rei eran, primeiramente, os católicos, pois púxose máis duro no tocantes ao xuramento de fidelidade. "Si non queredes xurar que o Papa non pode mandar depor e matar a este rei —decíanlles— logo

---

[107] Gondomar a Hinojosa, Londres 20-12-613, BP II/2168, fol. 50 v s. Gondomar a Felipe III Londres 16-11-613, DIE III, 143.

[108] Gondomar a Lerma, Londres 28-7-614, DIE IV, 226.

[109] A política que mandaban facer dende Madrid era colandreante, e non por táitica, abofé, sinón porque alí loitaban contrapostos infruxos.

[110] Gondomar a Felipe IIII, Londres 17-3-614, DIE IV, 2 ss. Don Diego veu dende o enceto que eses libros polémicos facían máis mal ca ben. A comenzos da súa embaixada dixera xa a Madrid que, segundo lle sinalaran en Londres "sacerdotes doctos y celosos del remedio y cura de este rey y reino... el haberse escrito algunos libros desautorizando la persona del rey con palabras injuriosas ha hecho mucho daño al mismo efeto que se pretende porque ha dado materia a los malintencionados a que le hagan obstinado y a que escriba lo que ha escrito y... esto se ve en que el Cardenal Perón, que ha escrito obligándole con cortesía y moviéndole y persuadiéndole con razones, ordenó que se le respondiese al cardenal muy gratamente" (Gondomar a Felipe III, Londres 5-10-613, DIE III, 113 s.). Tamén trouxo a colación a opinión do seu grande paisano e amigo Don Baltasar de Zúñiga, quen lle escribía da Alemaña que a impresión deses libros traguía "malos efetos" aos mesmos católicos (Gondomar a Felipe IIII, Londres 17-3-614, DIE IV, 4).

querédelo matar e sodes treidores". "Medio que ha inventado el demonio de mezclar la religión con la fidelidad, con que ha hecho caer a muchos flacos", comentaba don Diego [111]. Ese medo esfarelóu tamén en boa parte a laboura paciente do dipromático, dando pé aos puritáns pra encirrar ao monarca contra España. Chamaban doitrina española á do P. Suárez e a éste "el Gigante Golías de España", e asín se pubricóu na tradución que en Inglaterra se fixera do seu libro [112]. Sin decilo espresamente, Gondomar dá a entender que non aceitaba, nin tansiquera teóricamente —deixando aparte a oportunidá de decrarala— atal doitrina. Faino polo seu sólito procedimento de espor a tese doutro sin contradecila nin comentala [113].

Ideias e praiticas relixiosas

Non é doado dexergar cal sería o verdadeiro pensamento relixioso de Gondomar, remanecido do seu xeito de ser, e das súas leituras e das estadas no estranxeiro que, asegún el mesmo confesa, abríronlle os ollos e fixeron del "outro home". A frase, anque vaga, abofé, semella revelar que o troque non foi somente esterno e ouxetivo, tocantes, por eixempro á información e á ollada dos probremas do tempo, tamén os relixiosos, senón asemade interno e subxetivo, cicáis equivalencia de "home novo" cuio senso espritoal non precisa comentario. Có andar do tempo, a convivencia con protestantes e, máis que nada, ca súa cabeza, o rei James, con quen coma dixemos, sostiña longas conversas en que todo se falaba, debéu ir luindo i esmoendo certas arestas das súas ideias ou interpretacións en materia de relixión. E anque non dexergamos nel indicio ningún de heterodosia, compre lembrar que, daquela, a fronteira antre ortodosia i heterodosia era aínda unha miga fluida e vacilante —coma o amostran os cambiantes criterios, no espacio e no tempo, dos espurgatorios— e non había, en realidá, máis criterio seguro de catolicidá que o material da obediencia ó Papa. As circunstancias da época obrigaban a encobrir o propio pensamento si había medo de que o tivesen por herético, temerario ou sospeitoso, ou susceptible de interpretación perigosa. O inteleitual, o home de pensamento vivía en contina alerta e, ás vegadas, tiña que pasar unha tempadiña

---

[111] Gondomar ao Cardeal Zapata, Londres 10-4-614, BP III/2168, fol. 128, v s. Gondomar aos outros embaixadores, Londres 7-2-614, id., fol. 82 v.

[112] Gondomar a Guadalest, Londres 17-7-614, BP. II/2168, fol. 218.

[113] Contáballe, por eixempro, a Ambrosio Spinola que o rei James lle dixera, falándolle da custión de Juliers e da conversión do Duque de Neuburg ao catolicismo, que estaba por eso sentido coel, mais que esto non autorizaba a tollerlle a facenda "porque él no era tan riguroso en sus opiniones como los jesuitas que dicen que a él le pueden quitar el reino y la vida por no ser de su religión y que imprimen y que persuaden a sus vasallos, no sólo que lo pueden pero que lo deben hacer". (Gondomar a Spinola, Londres 2-8-614 BP II/2168, fol. 234). Sin decilo espresamente, vese, polo ton, que Gondomar coidaba o mesmo.

nos cabozos da Inquisición. A única defensa, pra non ter probremas, era disimular e finxir. Debéu ser entón cando se acuñóu, ou se xeneralizóu, o dito de que "debajo de mí capa al rey mato". A hipocresía era cousa común por ser imprescindibre. Esta hipocresía ficóu moi afincada no ser coleitivo español.

Gondomar debéu pasar tamén os seus medos, e non sin motivo visto os libros "abominables" que posuía. Mais a súa paixón de bibliófilo e leitor era máis forte do que o medo. O 18.3.614 escribía a don Bernardo de Sandoval y Rojas, Inquisidor xeral e arcebispo de Toledo, amigo seu e tío de Lerma, que lle gardase a lei e amistá e non o esquecera e recoñecera o mérito que tiña manter a fe en terra de herexes; i engadía que non llo decía porque tivese medo á Inquisición, anque ben o podía ter por tratar á xente que trataba. Dillo, naturalmente, en ton lixeiro e meio en broma, pro síntese polo baixo aquel runxe-runxe de entón. E pra axotar toda sospeita, cóntalle de contado que na capela da embaixada seu confesor botáballe uns mañíficos sermóns que van ouvir asemade moitos señores católicos [114].

Nada sabemos do que Gondomar verdadeiramente coidaba verbo dos puntos principás da relixiosidá erasmiana, a preferencia pola oración mental sobor da oral, a doitrina pauliana da pouca ou nula valencia das obras esteriores sin pureza de intención e a crítica de certas cerimonias xusgadas pouco cristiás, de xinea pagá ou xudía, que luxaban ou embazaban a orixinaria enxebreza evanxélica. Tocantes ás cerimonias, chufaba de facelas brilantes e ostentosas na capela da embaixada; pro neso hai que ver, máis do que motivacións relixiosas, a arela de deixar ben posto e asentado o seu infruxo e consideración como embaixador de España e dar azos aos simpatizantes dela que eran maiormente os católicos. E tén boa conta de describir esas cerimonias en detalle ao rei, a Lerma e outros persoaxes e ministros, sinalando cantos foron os que a elas asistiron, as catrocentas velas que se repartiron o día da Candeloria, as moitas comunións que se daban os domingos, as xentes de viso que ían ouvir as misas que se decían a difrentes horas da mañán, o tanxer da campá a misa, avemaría e salve, polo cual a súa capela viña ser "la parroquia y iglesia catedral de Londres". Os oficios da Semán Santa de 1614 fixéronse —contaba don Diego— como puideran facerse en Toledo e nas procisións houbo mesmo discipriñantes [115]. Refire tamén que o Gran Canciller queixárase do que pasara entón

---

[114] Gondomar a Sandoval, Londres, BP III/2168, fol. 112.

[115] Gondomar ao Cardeal Zapata, Londres 10-4-614, BP III/2168, fol. 128 v ss. Véx. tamén Gondomar a Cárdenas, Londres 11-10-613, id. fol. 12 s.; Gondomar ao Marqués del Valle, Londres 6-12-613, id. fol. 10 s.; 30-12-613, id., fol. 55, ss.; 28-1-614, fol. 18, s.; Gondomar aos outros embaixadores, Londres 7-2-614, id. 82 v.

na embaixada e na capela "y que el Domingo de Ramos y la Semana Santa hubo procesión y se hicieron los oficios como si estuviéramos en Roma o en Sevilla y que habían asistido el Domingo de Ramos más de tres mil ingleses en la procesión" [116]. E Gondomar non fai o menor comentario encol desta notoria esaxeración. A Felipe III, sabendo o beato que era, escribéu unha carta falagueira en que lle contaba todas esas cousas e que había a cotío na capela devotos "rezando y haciendo oración" ata as nove da noite e que "el conservar V. M., aquí esto no puede dejar de ser grandísimo mérito para delante de Dios y aún acá se puede esperar mucho fruto de ello" [117].

Insiste Gondomar esmasiado nesto de dar conta das cerimonias pra non supor que o seu principal ouxetivo era protexerse das posibres ou malintencionadas sospeitas de enfeblecemento da fe [118] a que aludía, meio en bulra e meio en serio, na carta a Sandoval, e tamén pra erguer o seu prestixio na corte española, pois amostraba ter gañado grande infruxo na inglesa cando lle permitían semellantes libertades. O falar moito de devocións —coma do baño— soe responder ao medo, cicáis inconsciente, de que os outros pensen que ún é desleixado neso. Naqueles tempos, e noutros, as sospeitas, temores e desconfianzas verbo delo eran cousa dadoito. De alí veu o tipo do falso devoto, máis frecuente en España do que noutros sitios, e que recollido pola novela picaresca e a traveso de Cervantes e do teatro do século XVII, chegará deica o *Tartuffe* de Molière [119]. Seique non hai lingua europea que teña tantas verbas coma o castelán pra desinar ese tipo: gazmoño, mojigato, beato, chupacirios, santurrón, santero... E o que, ao comenzo, faise por necesidá defensiva, síguese logo facendo, algunhas veces, pra medrar e se enriquentar. Había, por eso, entón unha chea de hipócritas que finxían por comenencia unha devoción que non sentían e que a miudo desmentían ca súa conduta. Non caéu Gondomar nesta tacha, abofé, e, pola contra, dábanlle noxo ataes suxetos. Xa nos consellos que dera ao seu fillo García cando saéu pra Malta a se incorporar á armada da orde de San Xoán, dixéralle cóma debía facer as súas devocións sin ser "hipócrita ni santero". Anque tamén lle decía que o facelas a xeito daba "crédito y estimación" [120].

En Gondomar dexérgase craramente unha dobre persoalidá. Pois si dunha banda se nos aparez coma un home aitivo,

---

116 Gondomar ao Cardeal Millino, Londres 15-5-614, BP II/2168, fol. 173 v.

117 Gondomar a Felipe III, Londres 17-3-614, DIE IV, 6.

118 Un devanceiro de Gondomar en Londres, Don Diego Guzmán de Silva, embaixador de Felipe II preto da reiña Elisabeth, dixera que a longa permanencia dos diplomáticos en Inglaterra resfriaba a devoción (M. Fernández Alvarez, *Tres embajadores de Felipe II en Inglaterra*, Madrid, 1951, p. 188 s.).

119 AC. 145.

120 SC 71.

dunha tremenda aitividá que se sobrepuña ás mágoas e doenzas, coma un home político cun senso agudo das súas responsabilidás, por outra banda toda a súa vida andará a arelar o retiro do sabio, alonxado dos bruidos do mundo, a soias ca natureza e os seus libros e os seus pensamentos, fito que endexamáis acadará [121]. Nese home interior había, seguramente, unha relixiosidá de recendo erasmista, fonda, enxebre, limpa. Cando se vía en Londres "malísimo y acabadísimo", apouvigado de doores e preocupacións, "trayendo a cuestas negocios que cada uno es un imposible", e soña, melancólicamente, con poder ir enterrar os seus ósos a San Benito el Viejo, cabo da súa Casa do Sol, xa non lle veñen ao esprito as fachendosas cerimonias litúrxicas que facía na capela da embaixada sinón "la música y canto de órgano del sacristán, que no la trocaré por ninguna otra" [122]. O canto, a música, e non a pompa visual, principal estímulo e satisfacción da emoción relixiosa, revela, coma nos protestantes, que nos intres de total sinceiridade pandeaba a un xeito de relixiosidá interior. Cara afora tiña que xogar o seu rol de home púbrico e, coma atal, orgaizará as solenidás do culto na capela da embaixada con procisións e sermóns e moitas luces e grande concurrencia de xente, e recollerá o cadavre daquela doña Luisa de Carvajal que fora a Inglaterra a convertir herexes e que, anque morréu de morte natural, chamará mártir e considerará reliquia os seus restos. E tamén gardaría pra levar a España coma reliquias as cinzas dalgúns cregos católicos ingleses executados polas súas aitividades máis ou menos subversivas. Mais todo esto era política e falago ao beato Felipe III e á súa cobiza por ter as reliquias dunha nova santa que outro persoaxe, por certo, tratóulle de levar pola fachenda de telas no convento de que era patrón [123]. Mais en Gondomar había outro home interior, de devoción sinceira, sinxela e fonda. Nas noites do inverno londinense todos os da súa casa axuntábanse onda a chemineia e líase a vida do santo do día e, cando era cedo, un sermón de Villegas ou de Cabrera [124]. Non di don Diego que se rezara o rosario, devoción pouco favorecida dos erasmis-

---

121 Gondomar a Dovalle, Londres 6-9-613, BN 18419 s. f.; Gondomar a Santana, Londres, 16-2-621, BN 18430-1.

122 Gondomar a Antolínez de Burgos, Londres, 24-10-620, BN 18423, fol. 64. SC 49.

123 Don Rodrigo Calderón queria que se levasen ao seu convento de Portaceli de Valladolid mais o rei decidéu que fosen ao mosteiro da Encarnación onde hoxe aínda están.

124 Gondomar a Calderón, Londres 28-11-613, BP III/2168, fol. 35. Esas leituras cicáis se fixeran da *Aversión del mundo y conversión a Dios*, de Pedro Fernández de Villegas, e das *Consideraciones sobre los evangelios de la cuaresma* de Fr. Alonso Cabrera, libros entramos que figuraban na biblioteca de Don Diego.

tas [125], anque sabemos que tiña ún (que empregaba, polo menos, coma contraseña pra os membros da embaixada a quenes autorizaba a sair) [126] e que ao seu fillo García lle aconsellara, anos atráis, que o rezara cada día [127].

O erasmismo, tampouco era moi amigo da vida conventual, malia ter habido non poucos frades antre os erasmistas. Gondomar, pola súa banda, sintía especial simpatía polos dominicos. Había pra elo razóns persoás de amistá e mesmo parentesco —coma no caso de Fr. Antonio de Sotomayor, seu paisano, parente e confidente das novas da corte, pois era confesor do Príncipe, despóis rey Felipe IV— mais tamén políticas. Pois a orde de Santo Domingo era entón a máis favorecida dos reis e a que máis infruxo tiña [128]; e cando Gondomar saéu prá embaixada de Inglaterra, escolléu pra confesor seu a un dominico, Fr. Diego de la Fuente, home entendido e intelixente, de esprito aberto e moderado coma o do seu amo e fillo espritoal [129]. Aquel predicamento dos dominicos fixera xurdir xenreira, envexa e rivalidás noutras ordes, máis que nada nos franciscáns e xesuitas [130] que, baixo da capa hipócrita do punto teolóxico da "Concepta" (a conceición da Virxe sin pecado) [131], encirraron escandalosas e violentas liortas po-

---

125 Por eixempro, no *Viaje de Turquía*, que debía ser libro moi apreciado e lido por Gondomar, di Pedro de Urdemalas: "¿Pensáis que para Dios es menester rezar sobre taja?" (cit. por Bat. II. 302). Outro erasmista español. Conqués, chamaba ao rosario "cuentas moriscas" (id. 346). Véxanse tamén en Bat. as opinións de Erasmo (I, 168; II, 183) e Valdés (I, 415, 457, 459) e as alusións despeitivas de Cervantes na primeira edición do *Quixote*, que logo correxiría (II, 408, 412).

126 Ningún dos da súa casa podía sair dela sin decirlle onde ía e a qué "y lleva el paje de guardia mi rosario al portero para que le deje salir". (Gondomar a Hurtado de Mendoza, Londres 28-1-614, BP III/2168, fol. 68 s).

127 SC 73.

128 "... porque como nuestra religión se conoce entre las primeras en los favores que de V.M. y su real magnificencia y protección recibe" (Fr. José González, bispo de Palencia, a Felipe III, s. d., BN 18420, fol. 30, s.). Fr. Martín de Lamaciano Vergara escribía de San Sebastián a Fr. Diego de la Fuente o 11-9-615 (id. fol. 183) que era inaudito que se tivesen solevantado contra dos dominicos liortas, polo da "Concepta", en España onde había Inquisición "y la orden es tan favorecida de los reyes".

129 O rei James, có que tivo varias e longas conversas, tomóulle grande estimanza (véx. Ga. 33 s.). Un amigo inglés escribía a Gondomar, xa en España, que o Padre Maestro tiña gañado a vontade do rei e dos señores da corte, e que soupo mesmo que o rei dixera a moitos nobres "que no ha conocido hombre más de bien que el Padre Maestro; y... el Marqués [Buckingham] me ha dicho a mí que no sería él poderoso a descomponer al Padre Maestro con el rey" (Richard Berrie a Gondomar, 19-1-619, BP III/2160, doc. 67). "En el mundo hubo tal cosa, fraile tan estimado entre herejes", escribían a Gondomar as donas de Recalde e Figueroa (Londres, 12-10-618, id. doc. 48).

130 "Una gran persecución [na que interveñen] algunos religiosos de la orden de San Francisco, y los peores son los teatinos" (Fr. Francisco de la Cruz a Fr. Diego de la Fuente, San Gregorio de Valladolid, 21-6-615, BN 18420, fol. 148). Encol da oposición antre dominicos e xesuitas tocantes á custión da maxia, J. Caro Baroja, *El señor inquisidor y otras vidas por oficio*. Madrid, 1968, p. 190, ss.

131 "... qué es triste cosa lidiar contra la emulación disfrazada de capa de devoción" (Fr. José González a Felipe III, s. d. BN 18420, fol. 30 s.). "... son muchos a quienes no mueve la devoción de la Virgen sino el aborrecimiento de la orden de Santo Domingo, nacido de la envidia de la merced que Dios nos hace y nos ha hecho" (Fr. Francisco de la Cruz a Fr. Diego de la Fuente, véx. nota 130).

pulares que facían temer a algún dominico arripiado o xurdimento en España de cisma ou herexía [132]. Non semella que Gondomar sintise especial simpatía cara os xesuitas ingleses estremistas, coma vimos, nin eles cara el, anque os axudóu canto puido, librando mesmo da cadea ao sonado P. Baldwin, acusado de ter mollado na Conxuración da pólvora, e a quen levóu consigo ao finar na primeira embaixada [133]. Mais fora desas simpatías ou antipatías persoás ou de comenencia, e das sólitas frases de curtesía ou afago, Gondomar non se pronuncióu encol do tema da vida conventual deica a célebre carta do xoves santo de 1619.

Nesta carta, da maior importancia, coma vimos, pra coñecer o verdadeiro pensamento do noso dipromático, non podía decir, así e todo, verbo da relixión, canto sentía e coidaba porque a Santa Inquisión estaba ao axexo. Escomasí, xa di dabondo. "Son muchos los frailes y muchas las monjas que hay en España contra la misma conveniencia del estado eclesiástico y causa pública, pues vienen a ser más cabezas las de los pastores que las del ganado con que se ve que es imposible que él sustente tal carga". "La cura [da situación política i económica da que ninguén se preocupaba a xeito] pide remedio eficaz y presto, y que así es forzoso el hablar de ello y dejar todas las demás cosas y aún parte de los sermones" [134]. Esas outras cousas eran as festas, cortexos, procisións e argalladas con que Lerma tiña aparviolado a aquel rei beato e frívolo, e nas que o país perdía o tempo e o diñeiro que debera adicar a cousas máis serias e urxentes. Menos cerimonias, menos sermóns e menos frades e monxas e máis ansia polos probremas do común, pola política internacional, pola economía, polo benestar do pobo. Cando se maravillaba da riqueza e prosperidá de Inglaterra —coma denantes sinalamos— e do poboado que estaba o país que semellaba todo unha cidá, decía que eso era debido a que non tiña guerras nin había nela "clérigos ni frailes ni monjas" [135]. Decatábase de que entramas cousas ían levando á monarquía barranca abaixo e non calaba o que sentía. Si o erasmismo tiña criticado a vida conventual máis que nada pola dexeneración en que caíra no espritoal e intelectual, había que engadir a eso os danos que traguía ao común a concentración da riqueza nas mans mortas e a moita xente que se tollía ás aitividades productivas. Ese esceso de frades e monxas era perxudicial prá sociedá civil, a "causa pública", e tamén prá eirexa —"contra

---

132 "... los principios de la herejía de Inglaterra no han sido tan grandes como los que vemos en España" (id.).

133 Edmondes a Cornwallis, París 27-12-605 (est. inglés). BN 17778, fol. 318 v. Gondomar a Felipe III, Londres 26-6-618, DIE I, 313, 315; Gondomar a Felipe III, Londres 15-7-618, DIE II, 42.

134 Gondomar a Felipe IIII, Madrid 28-3-619, DIE II, 140, 146.

135 Gondomar a Benavente, Londres, 19-3-614, BP II/2168, fol. 113 v.

la misma conveniencia del estado eclesiástico"—. Nin era a opinión de Gondomar ideia senlleira i esceicioal no seu tempo. O franciscán Fr. Luis de Miranda, por eixempro, apresentara un memorial a Felipe III no seu Consello de Estado, sobor da ruiña i estroición que ameazaba "a la república y monarquía de España" si non se acodía axiña ao remedio, e sinalaba coma primeiras causas delo a moita facenda que de secular trocábase en ecresiástica e as moitas persoas que "por fines de seglares se hacen religiosos sin necesidad". Hai outros documentos semellantes coma o de Diego de Salina (1613), Sancho de Moncada (1619), unha consulta do Consello de Castela (1619) —que glosóu en cincoenta discursos Pedro Fernández de Navarrete— e o do Marqués de Careaga [136]. As Cortes pidían arreo que non se dese licencia pra novas fundacións de conventos e o rei tratara o choio con Fr. Francisco de Sosa, xeral de San Francisco, e Fr. Sebastián de Bricianos, seu pedricador, quenes xusgaron que se debía pór tasa e non fundar novos conventos. E Gil González Dávila, que era amigo de Gondomar, confesa "que somos más de los que son menester" [137]. As demandas e xuicios deste xeito seguirán nos anos vindoiros e deles faráse eco tamén un esprito tan lucidío i esgrevio coma Saavedra Fajardo [138]. Mais aquel maníaco relixioso e amigo de frivolidades, xogador e parvo, que era Felipe III, facía ouvidos xordos a estes recramos e no seu testamento encarregará ao seu fillo que "favorezca y haga favorecer las religiones y procure el aumento dellas" [139].

Tamén dexergamos en Gondomar a aititude de libertá espiritual de que fora símbolo Erasmo [140]. Fican del frases soltas, indicios ou alusións de pasada que amosan seu verdadeiro pensamento, dadoito acochado, coma en Cervantes, e moitos outros do seu tempo [141]. Un dos temas máis socorridos e con máis detalle espostos nos libros dos teoloxizantes da política do tempo en España é o da axuda que Deus dá aos bos. Os bós, naturalmente, eran os que defendían a causa do catolicismo. Mariana, por eixempro, decía que canto máis protexa o Príncipe a relixión "recibirá del cielo mayores honores, riqueza y potestad" [142]. Pra Quevedo, ser meio da causa de Deus "es calificación de victoria" e di que os brazos ergueitos ao ceo e sostidos pola axuda dos sacerdotes firen e desfán aos nemigos e que "quien se canse de orar a Dios se cansará de vencer" por-

---

136 Juan Isidro Yáñez, *Memorias para la historia de... Felipe III*, Madrid, 1723, introduc.

137 Gil González Dávila, *Historia de la vida y hechos de... Felipe III*, Madrid, 1771, p. 214 ss., 240.

138 *Empresas políticas*, empresas XXIV e LXVII.

139 J. I. Yáñez, o. c., p. 363.

140 Bat. I, 297.

141 AC 219 nota.

142 Juan de Mariana, *Del rey y de la institución de la dignidad real*, trad. de Barriobero y Herrán, Madrid, 1930, p. 188.

que somente Deus dá as victorias, e o pecado os vencimentos e a ruiña [143]. E Rivadeneyra afirma que Deus dá prosperidá aos príncipes que gardan a súa lei e consérvalles os reinos e os axuda e favorez e que cando defenden e gardan a relixión católica manterán a paz no seu reino e vencerán aos seus nemigos; que os que non seguiron a lei de Deus "pagaron con las setenas aunque se disimula o no se advierte" [144]. As citas poderían multipricárense. Mais coma, por disgracia, a realidá desmentía estas afirmacións, botábase man pra espricalo dos misteriosos desinios da Providencia, e o de que Deus quer probar aos escolleitos, e outras fuxidas ao escatolóxico, có que se esborrallaba todo o castelo que, de entrada, con tanta seguridá tiñan ergueito. Si Gondomar, diante das dificultás e probremas tremendos con que ás vegadas tiña que enfrontarse, "que cada uno es un imposible", apuña o telos resolto á misericordia de Deus [145], si, en ocasións en que se vía ensarillado nun embrullo do que non sabía coma sair, malia os seus cálculos i esforzos, a cousa resolvíase logo do xeito máis sinxelo e inesperado [146] —esperiencia común na vida do home—, e si dixera algunha ves —un pouco "pour la galerie"— ter a espranza de que, á final, trunfaría a boa causa pola que el i España loitaban, deixa xurdir eiquí e aló o seu cerne pensamento crítico e realista envolveito nunha levián coroza de humorístico xorne galego. En 1613 lembraba a un amigo o que lle sucedera en certa ocasión ao Conde de Palma cando un "adelantado" se lle fora queixar de que mancaban moitas cousas no exército. O Conde respostóu ao "adelantado" que Deus axudaría, e un Rodrigo de Orozco, que estaba presente, retrucóulle "que algunas veces había visto que Dios ayuda a los más [147], antecedente, xa que logo, daquelo de "Vinieron los sarracenos...". O seu esprito esculcador, crítico, libre, non se satisfacía cós conceitos correntes. Amostra unha fonda, racial, afinidá con Feixóo. Neste punto da pretendida victoria inevitabre dos bos, desbotaba o erro común de tantos escritores que pasaban por serios, competentes e intelixentes. Nunha carta que escribira aos outros embaixadores de Felipe III seus colegas, decía que lle escachaba o curazón "ver la sucesión del Príncipe de Orange rica y poderosa y triunfante, habiendo negado a Dios y a su Príncipe la obediencia y fidelidad y que hallase tantos príncipes en su ayuda... y que los Condes de Onel y Onodel de

---

143 *Política de Dios y gobierno de Cristo nuestro señor*, caps. XXII e XXIII.

144 Pedro de Rivadeneyra, *Tratado de la religión y virtudes que debe tener el príncipe cristiano*, Libro I, caps. VIII, X, XIII e XV.

145 Gondomar a Antolínez de Burgos, Londres 24-10-620, BN 18423, fol. 64. SC 49.

146 "... en mil cosas que se ofrecen a que no hallo salida ni camino y depáranoslo Dios por donde yo menos esperaba ni alcanzaba" (Gondomar a Añover, Londres, 3-4-614, BP III/2168, fol. 126 v.

147 Gondomar a Echavarría, Londres 7-10-613, BP II/2168, fol. 21 v.

Irlanda, sin tratar traición con su rey, por sólo defender la ley de Dios y la obediencia a Su Santidad... se hayan perdido". E concruía consoándose con que o verdadeiro xués daría, de certo no outro mundo, a uns e outros o premio e punición de que eran merecentes [148].

REMATE

Cicáis podería tamén ollarse infruencia erasmista, anque xa de caráiter menor e mesmo formal, na afeizón de Gondomar a contar anécdotas con moralexa, que lle valéu en Inglaterra o calificativo de "vello Esopo" [149]. O erasmismo puxera de moda a literatura de apotegmas [150], dende o *Apophthegmata* do mestre que, por certo, figuraba, asegún vimos, no seu testo orixinal e nunha versión española, na bibrioteca de Gondomar, como tamén se atopaba outra sonada coleición erasmista dese xeito de historias, a *Philosophia vulgar* de Juan de Mal Lara. O anecdotarismo gondomariano, esencialmente verbal —anque algún dos seus contos teñan sido recollidos por el mesmo, na súa correspondencia, ou por outros— víñalle, se cadra, da súa condición galega, mais, tamén nesto, coincidente cas correntes erasmianas.

Estas correntes permearon dabondo, ao noso xuicio, o esprito de Gondomar, segundo as probas e bos indicios deica eiquí sinalados. Era —repetimos— coma tantos homes esgrevios do seu tempo en España, un home esfendellado, cunha dobre persoalidá e mesmo cunha dobre vida, polo menos no degaro —endexamáis morto, endexamáis acadado— de se arredar do balbordo do mundo pra acollerse ao agarimo da natura e dos libros. Acarón dese degaro de arredamento había nél unha afervoada e non menos nobre arela de axudar ao bon goberno e mellora do común, era home político no mellor senso do termo. E nesta súa vida púbrica había levar a careta axeitada ao ambente do tempo. Totus mundus exercet histrionem. Asín o impuñan as circunstancias do vivir. Mais no seu cerne alentaba a luciña daquela espritoalidá depurada, daquela relixiosidá enxebre, ceibe, sinxela e recollida que o erasmismo propuñara. Cando está pra morrer, no testamento, dirá o noso don Diego que "en las cosas sagradas... se debe huir de la vanidad y atender sólo a la sustancia y reverencia del culto divino y de la Iglesia" [151].

LOIS TOBIO
Madrid

---

[148] Gondomar aos outros embaixadores de España, Londres, 1.1.614, BP II/2168, fol. 59 v ss.

[149] A. R. Pastor, "Un embajador de España en la escena inglesa", en *Homenaje ofrecido a Menéndez Pidal*, tomo III, Madrid, 1925, p. 249.

[150] Bat. II, 402.

[151] *Cuadernos de Estudios Gallegos XXII*, 66, 93 (1967).

ABREVIACIÓNS

AC, Castro, A., *Hacia Cervantes*, Madrid, 1967.

Bat., Bataillon, M., *Erasmo y España*, trad. esp. de Antonio Alatorre, 2 vols., México, 1950.

BN, Biblioteca Nacional, Madrid, manuscritos.

BP, Biblioteca de Palacio, Madrid, Manuscritos.

CDH, *Colección de documentos inéditos para la historia de España*, edit. por el Marqués de la Fuensanta del Valle y D. José Sánchez Rayón.

DIE, *Documentos inéditos para la historia de España... Correspondencia oficial de Don Diego Sarmiento de Acuña*, 4 vol., Madrid, 1936-1945.

Ga, *Don Diego Sarmiento de Acuña.. Cinco cartas político literarias*, edit. por D. Pascual de Gayangos, Buenos Aires, 1943.

SC, Sánchez Cantón, F. J., *Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar*. Disc. de ingr. na Acad. de la Historia en 1935. Madrid, s. d.

"GIACOMO JOYCE", por JAMES JOYCE

UN INEDITO DE JAMES JOYCE

A Micaela Misiego

James Joyce ten vintedous anos cando chega a Trieste, no 1904. Alí vai vivire dez, ensinando inglés na Berlitz School e na Scuola Superiore di Commercio. Son os días escuros. Son os días da xestación creadora. Pois logo, en 1914, dará remate ao *Retrato do artista adolescente,* i encetará o *Ulises*. E, nise mesmo ano, escribirá o *Giacomo Joyce.*

¿Qué é o *Giacomo Joyce?* Pois, sinxelamente, unhas breves notas nas que o literato vai deixando constancia do seu amor triestino, unha rapaza xudea que asistía ás clases de inglés. O manuscrito de Joyce, un coaderno de notas, foi deixado por ele en Trieste. O seu irmán Stanislaus resgatóuno. Logo, un coleicionista mercóuno e por primeira vegada deuse ao prelo por Faber and Faber, de Londres, cunha introdución e notas de Richard Ellmann, o grande biógrafo de Joyce. Eisiste unha tradución ao italián, na editorial Mondadori, feita, tamén cun pequeno limiar, por Francesco Binni. Que eu seipa, non hai máis versiós do *Giacomo Joyce,* e na obra de Hélene Cixoux, *L'Exil de James Joyce ou l'art du remplacement,* libro de máis de oitocentas páxinas, aparecido hai apenas dous anos, somentes se cita ista produción joyceán entre as obras póstumas do irlandés.

A realidade que dá base ao texto de Joyce é o seu amor non correspondido e nin tan siquer declarado. Trátase, como dí Ellmann, de "un poema de amor que endexamáis foi recitado". A alumna, Amalia Popper, tomóu leiciós en 1907 e 1908. Despóis marchou a Viena e Florencia en cuias universidades completóu os seus estudos. A partir de 1909, Joyce non voltóu a véla. Amalia casóu cun tal Michele Risolo, e finóu en Florencia, en 1967. I é curioso que a antiga e idealizada muller —a Beatrice joyceán— andando o tempo, en 1935, fixese a tradución dunha escolma dos *Dubliners,* co tídoo *Araby,* e limiar tamén dela. Nos tempos da relación humá meramente pedagóxica, Joyce xa estaba casado coa súa compatriota Nora Barnacle, i era pai de dous fillos, Giorgio e Lucía Anna. A

versión derradeira do *Giacomo Joyce* sitúase, pouco máis ou menos, entre Xulio e Agosto do 1914, é decir, cando Joyce tiña xa trinta e dous anos. A lembranza da xoven alumna aínda buligaba, con vida estrana, no seu esprito e na súa sensibilidade. Con todo, no outono daquele mesmo ano, decide non publicar o coaderno e, en troques, utilizalo na composición do *Retrato do artista adolescente,* no *Ulises* i en *Exiles.* As notas de Richard Ellmann fan ver con toda craridade os préstamos, ás veces literales, que as grandes produciós joyceáns toman ao "Giacomo" triestino. Pro isto é un problema de índole erudita que eiquí non interesa maiormente.

As cousas importantes dista creación joyceán son, ao meu ver, doutra categoría.

En primeiro lugar, a constancia escrita, en forma pura e primixenia, de algo que vai sere o grande achádego joyceán: as epifanías. O apreixamento de certos intres fuxidíos da realidade nos que se aparez, con misteriosa fondura e non menos misteriosa amplitude, o derradeiro senso dela mesma. O xurdimento da siñificación *esencial* do mundo a favor do lóstrego dunha vivencia persoal. Vivencia que eiquí, no *Giacomo Joyce,* é, curiosamente, máis visiva que auditiva. (Os ollos do escritor apenas escomenzaran o seu lento vieiro cara a cegueira). De xeito que podemos afirmar que o texto que hoxe se ofrece por primeira ves ao leitor galego é, en definitiva, unha ringleira, ben fermosa por certo, de epifanías joyceáns.

Como iste pequerrecho xornal amoroso, iste *Giacomo Joyce,* é, en verdade, un fidel refrexo do esprito joyceán, non podía fallar, a carón do lirismo transcendente das epifanías, ou mellor é decir, *na entrana mesma das epifanías,* o análisis implacable das propias vivencias eróticas, dos recordos apaixoados, da imaxe entre conmovedora e grotesca, do arrebatado amador. As agudas, inmisericordes ouservaciós: "Ela endexamáis se sona". "O seu corpo non ten cheiro: unha fror sin recendo". O relembro do adulterio en París. E tamén a ferós descripción de público no "loggione", a cazola do teatro da ópera. Todo isto forma o lado realista da narración. Entrambos compoñen e tornan visible ise fondo patetismo tan caraiterístico de toda a obra do irlandés.

Un derradeiro aspeito diste inédito de Joyce é a súa melanconía. Ele vé que, ao escribilo, xa ten trinta e dous anos. O poema en que isa tristura se apoia —"Mein junges Leben hay ein End", etc., "A miña mocedade ten un remate"— é dun tono decididamente elexíaco, outonizo. Os trinta anos non son o escomenzo da maturidade. Son o escomenzo do acabamento. Nas variaciós pra clavicordio de Sweelinck, o poema conclúe: "Mein Leben kann nich länger stehn, / Es ist sehr

schwach und muss vergehn / In Todeskampf und Streit" [1]. Iste sentimento de vida que xa non ten ouxeto, de vida á que soio agardan a decadencia i a morte, hoxe seméllanos escesivo. Escesivo por prematuro. Entón, era ben normal. Nele acubilla toda unha diferente valoración das edades do home. Denantes de Joyce, lord Byron tiña escrito, en Missolonghi, uns versos con iste tídoo revelador: "Niste día cumpro trinta e seis anos". Veleiquí a estrofa que dá o tono a toda a composición: "My days are in the yellow leaf; / The flowers and fruits of love are gone; / The worm, the canker, and the grief / Are mine alone!" [2].

Iste tinte de desespranza e de concrusión xustifica o envío final. Un envío no que a invocación ao paraugas, coa súa ambivalencia simbólica —a probeza, i a libido sexual— nos trai á mente a vellez, a miseria da vellez, a inutilidade i o fracaso— ¡aos trinta e dous anos! —dunha eisistencia que habería desenrolar, nas obras futuras, unha groria outa i esgrevia.

Richard Ellmann, no limiar á edición inglesa do "Giacomo", apunta que, pouco antes da súa morte, Joyce espoñía o seu desexo de escribir "algo moi sinxelo e moi breve". I Ellmann engade que cecáis nise intre, o artista estaba pensando en cómo tiña dado corpo, a traveso da "pequena, fráxil e transitoria perfeición da súa alumna triestina, á durable perfeición do *Giacomo Joyce*. Mais, matinara Joyce o que matinara, unha cousa é certa: a transcedente calidade literaria do texto. E, con ela, a verdade profunda da criatura humá que o escribíu.

D. G.-S.

[1] "A miña vida xa non pode sosterse máis, / É moi feble e debe perecer / En mortal agonía e loita".

[2] "¡Os meus días son outonizos, / As frores i os froitos do amor fuxiron, / O verme, a chaga i a pesadume, / Son soio pra min!".

¿Quén? Unha faciana pálida envolveita nunha pelica con forte perfume. Os seus movementos son tímidos e nervosos. Usa impertinentes.

Sí: *unha breve sílaba. Unha breve risada. Un breve bater das pálpebras.*

Escritura de monxa, de trazo longo e fino feito con tranquío desdén e resinación: unha rapariga de calidade.

Lánzome sobor da fácil onda dunha leria tépeda: Swedenborg, o pseudo - Areopaguita, Miguel de Molinos, Joachim Abbas. A onda esgótase. A súa condiscípula, retorcendo o seu retorto corpo, rosma en amorfo *italián vienés:* ¡Che coltura! *As longas pálpebras baten e ábrense: unha aguda agulla ardente aguilloa e treme no veludo do iris.*

Oco repiniqueo de outos tacós sobor dos resoantes escalós de pedra. Ar invernizo no castelo, pendurados arneses, candieiros de ferro bruto nas voltas da escada en espiral da torreta. Golpeteo-repiniqueo de tacós, un bruído agudo e xordo. Alguén berra que quere falar ca súa señoría.

Endexamáis se sona. Un xeito de falar: o menos polo máis.

Arredondeada e madurecida : arredondeada no torno do matrimonio misto, e madurecida no invernadeiro do aillamento da súa raza.

Un arrozal perto de Vercelli, baixo a brétema cremosa do vran. As aas caídas do chapeu ensombrecen o seu falso sorriso. As sombras raian a súa faciana falsamente sorridente, batida pola quente lus cremosa, sombras gris-soro baixo os marmelos, raias dun marelo xema de ovo as humedecidas pestanas, humor marelo rancio axexando dende a branda pulpa dos ollos.

Unha fror dada por ela á miña filla. Fráxil gasallo, fráxil donadora, fráxil meniña de veas azues.

Padua, máis alá, lonxe do mar. A silente Edade Meia, a noite, a tebra da historia, durmen na Piazza delle Erbe *baixo a lua. A cidade durme. Baixo os porches das ruas escuras perto do río, os ollos das putas buscan os fornicadores.* Cinque servizi per cinque franchi. *Unha oleada negra de senso, outra volta, e outra, e outra.*

Os meus ollos fallan na escuridade, os meus ollos fallan,

Os meus ollos fallan na escuridade, amor.

Outra volta. Non máis. Escuro amor, escuro degaro. Non máis. Escuridade.

Solpor. Atraveso a piazza. *Grisallo serán descendendo sobor de amplas devesas verde-xarxa, verquendo silenciosamente escuridade e xiada. Ela segue á súa nai con distraída gracia, a egua que guía a súa potranca. O grisallo solpor modela soavemente as gráciles e ben formadas cadeiras, o dócil, flexibel pescozo tendinoso, a cachola de fina osamenta. Serán, pas, penumbra do maravilloso... ¡Ei, egüeiro! ¡Ei, ouh!*

O pai e as rapazas esbarando costa abaixo, a escachapernas dun tobogán: o gran Turco i o seu harém. Axustadamente ensombreiradas i enchaquetadas, as botinas atadas con hábiles lazos sobor da lengüeta quente pola carne, a falda corta tensa polas redondas prominencias dos xionllos. Un branco resplandor: unha folerpa, unha folerpa de neve:

¡E cando axiña ela se vaia cabalgando,

Poida eu estar alí pra vela!

Saio precipitadamente do estanco e chámoa polo seu nome. Ela para e vóltase a escoitar a miña embrullada leria de leiciós, horarios, leiciós, horarios: e solermiñamente as súas pálidas meixelas enroxecen cunha acesa lus de ópalo. ¡Non, non, non teñas medo!

Mio padre: *ela cumpre os máis sinxelos aitos con distinción.* ¿Unde derivatur? Mia figlia ha una grandissima ammirazione per il suo maestro inglese. *A faciana do vello, fermosa, colorada, con fortes rasgos xudeos, e longas patillas brancas, vóltase cara min ao tempo que baixamos xuntos polo cómaro. ¡Ouh! Dito á perfeición: cortesía, benevolencia, curiosidade, confianza, sospeita, naturalidade, desamparo da edade, creto, franqueza, urbanidade, sinceridade, coidado, pathos, compasión: unha mistura perfeita. ¡Ignacio de Loyola, bule na miña axuda!*

Iste corazón está dorido e tristeiro. ¿Coitas de amor?

Longos labres sabidos na lascivia: moluscos de sangue escuro.

Néboa que se move sobor do outeiro conforme eu aluco cara enriba, dende a noite i a lama. Néboa pendurando sobor dos arbres mollados. Unha lus na habitación outa. Ela está a vestirse pra ir ao teatro. Hai pantasmas no espello... ¡Candieiros! ¡Candieiros!

Unha garimosa criatura. *A media noite, despóis da música, ao longo de toda a vía San Michele, istas verbas foron ditas soavemente. ¡Devagariño agora, Jamesy! ¿Nunca andiveche polas ruas de Dublín, á noite, saloucando outro nome?*

Cadavres de xudeos xacen ao meu arredor, apodrecendo no torrón da súa campa. Veleiquí a cova da súa xente, pedra negra, silenzo sin espranza... O granuxento Meissel tróuxome eiquí. Ele agora está máis alá daqueles arbres, coa testa cuberta, dediante da sepultura da súa dona suicida, perguntándose cómo a muller que durmíu no seu leito ten chegado a finar eisí... A cova da súa xente, e dela: pedra negra, silenzo sin espranza: e todo está disposto. ¡Non morrer!

Alza os brazos nun esforzo por prender no outo do pescozo o vestido de velo negro. Non o acada; non, non o acada. Recúa cara min en silenzo. Ergo os brazos pra axudala i os seus, caen. Collo os bordes moles do seu vestido e tirando deles pra abrochalo, aluco, a traveso da abertura do velo preto, o seu corpo esguío envolveito nunha camisa cor laranxa. Esbaran as cintas que a suxetan aos hombreiros, e descenden lentamente: corpo esguío, liso, espido, tremelucente de escamas prateadas. Descende lentamente sobor das delgadas nádigas de lisa, pulida prata, e sobor do seu sulco, sombra de prata toldada... Dedos fríos e calmos e arelantes... Un contaito, un contaito.

Pequeno, parvo, desvalido e lene alentar. Pro encórvate i escoita: unha vos. Un pardal baixo as rodas de Juggernant,

sacudimento sacudidor da terra. ¡Por favor, señor Deus, gran señor Deus! ¡Adeus, grande mundo!... Aber das ist eine Scheweinerei! [1].

Grandes lazadas sobor dos seus delicados zapatos cor bronce: espolós dun volátil agarimado.

A dona vai lixeira, lixeira, lixeira... *Ar puro no vieiro da terra outa. Trieste está espertándose a duras penas: a cruda lus do sol por riba do agolpamento dos tellados, como testudos de tellas morenas, unha morea de bichos postrados agarda a liberación nacional. Belluomo érguese do leito da muller do amante da súa muller: a ocupada dona da casa está aitiva, ollos endrinos, un platiño de acedo acético na man... Ar puro e silenzo no vieiro da terra outa: e cascos. ¡Hedda! ¡Hedda Gabler! Unha rapaza a cabalo.*

Os vendedores ofrecen, sobor das súas aras, os primeiros froitos: limós xaspeados de verde, cereixas con luces de xemas, púdicos melocotós con follas esgazadas. O carro pasa polo vieiro entre os postos de lona, os radios das rodas rodando no resol. ¡Abre paso! O pai dela, i o fillo, están sentados no carro. Teñen ollos de moucho. Sabiduría mouchesca aluca dende a fixeza dos seus ollos matinando encol da cencia da súa Summa contra gentiles.

Ela pensa que os cabaleiros italiáns tiñan razón ao espulsar a Ettore Albini, o crítico do Secolo, *da platea, porque se non erguéu cando a banda tocóu a Marcha Real. Ouviu decilo durante a cea. ¡Ai! Eles aman o seu país cando están ben seguros de cál é o seu país.*

Ela escoita: virxe prudentísima.

A falda revolta pra riba nun súpeto movimento do seu xionllo; o borde, en encaixe branco, da enagua, indebidamente levantada; a tensa trama da media sobor da perna. Si pol? [2]

---

[1] "¡Pro isto é unha porcachada!".

[2] "Si pol?". Deformación do triestino "Se pol?", "¿Pódese?".

Toco lixeiramente, cantando a media vos, a lánguida canzón de John Dowland. Reacio a partir. *Tamén eu me resisto a marchar. Aquela época é eiquí i agora. Eiquí, abríndose dende a tebra do desexo, están os ollos que escurecen o romper do abrente, o seu tremelucir, o tremelucir da escuma que cobre o pozo negro da corte do baboso James. Eiquí hai viños enteiramente ambarados, moribundas cadencias de doces arias, a orgullosa pavana, amábels damas nobles galanteando, dende os seus balcóns, con ávidas bocas, as rameiras lixadas da sífilis, e xóvenes esposas que, cedendo ledamente aos que as forzan, cínguense e cínguense de novo.*

Na desapacíbel e velada mañá primaveral flotan ténues recendos do París matutino: graos de anís, aserrín mollado, bolo de pan quente: e, cando atraveso a ponte Saint Michel, as augas azul-aceiro que se remexen, xean o meu corazón. Elas trepan e superpóñense na illa sobor da que os homes teñen vivido dende a edade de pedra... Torrada penumbra da vasta eirexa gargolada. Vai frío, como naquela mañá: quia frigus erat [3]. *Enriba das gradas do lonxano altar maior, espido como o corpo do Señor, os oficiantes xacen postrados en feble pregaria. A vos dun leitor invisíbel érguese entonando a chamada de Oseas:* Haec dicit Dominus: in tribulatione sua mane consurgent ad me. Venite et revertamur ad Dominum... [4]. *Ela está ao meu carón, pálida e transida de frío, vestida cas sombras da nave negra como o pecado, o seu delgado cóbado no meu brazo. A súa carne relembra aquela desapacíbel mañá velada pola néboa, carreira de antorchas, ollos crueles. A súa ialma está aflixida, treme e quere chorar. Non chores por min, ¡ouh, filla de Xerusalén!*

Espoño Shakespeare á dócil Trieste: Hamlet, dixen eu, que é moi cortés cos apacibles i os sinxelos, é rudo somentes con Polonio. Cecáis, por idealista amargurado, ele non pode ver nos pais da súa amada outra cousa que grotescas tentativas, de parte da natureza, por producir a imaxe dela... ¿Tédelo notado?

Marcha dediante de min ao longo do corredor e, conforme camiña, un escuro bucle do seu cabelo desenrólase devaga-

---

[3] Evanxelio según San Xoán, 18:18.
[4] Oseas, 5:15, 6:1.

riño e cai. Cabelo solto que cai. Ela se non decata e vai diante de min, sinxela e arrogante. Eisí iba diante do Dante, en pura dinidade, i eisí, limpa de sangue e de violación, encamiñóuse a filla de Cenci, Beatrice, hacia a súa morte:

.....Cingue
por min o meu cinto e ata istes cabelos
nun sinxelo nudo calisquer [5].

A criada díceme que tiveron de levala súpeto ao hospital, poveretta, *que sufría moito, moito,* poveretta, *que é moi grave... Saio da súa casa valdeira. Sinto que estóu nun intre de chorar. ¡Ouh, non! Non quero estar eisí, niste momento, sin unha palabra, sin unha ollada. ¡Non, non! Seguro que a adversa fortuna me non fallará.*

Operada. O coitelo do ciruxano ten penetrado nas súas entranas, e retiróuse deixando a mellada coitelada en carne viva do seu paso sobor do ventre. Vexo os seus intensos escuros ollos sufridores, fermosos como os ollos dun antílope. ¡Ouh, cruel ferida! ¡Deus libidinoso!

Aínda outravolta na súa cadeira a carón da fiestra; na súa língoa, verbas felices, felices risadas. Un paxaro rechouchiando despóis da tormenta, felís de que a súa pequena, tonta vida teña buligado fora do alcanzo dos dedos arrepañadores dun epiléptico señor donante de vida; e rechouchía felís, rechouchía e pía felís.

Ela di que si The Portrait of the Artist *fose sinceiro somentes por amor á sinceridade, teríame perguntado por qué llo din pra que o lera. ¿De verdade o faría? Unha muller de letras.*

Ela está perto do teléfono, vestida de negro. Risiñas tímidas, pequenos berros, tímido fluir de palabras de sutaque interrumpido... Parleró colla mamma... *¡Ven, churra! ¡Churra, ven! Espantóuse a pitiña negra: pequenas lerias súpetamente tronzadas, pequenos berros tímidos: está chamando á súa nai, a grosa galiña...*

---

[5] Shelley, "The Cenci", Act V, Scene IV, p. 330, na edición de Oxford, "The Complete Poetical Works of Percy Bysshe Shelley" (1927).

Loggione[6]. *As paredes empapadas rezuman unha humedade abafante. Unha sinfonía de cheiros funde a masa das hacinadas formas humáns: acedo recendo dos sobacos, ulisqueo de laranxas, afeites derreténdose nos escotes, augua de ámbar, bafo das ceas con sulfuroso allo, fétidas ventosidades fosforescentes, acacias, o franco sudor das donas casadas e das casadeiras, o fedor xabonoso dos homes... Vixieina toda a noite, toda a noite debín mirala: cabelos trenzados e suxetos enriba, a faciana oval aceitona, e calmos, doces ollos. Unha fita verde sobor do pelo, e sobor do seu corpo un vestido recamado de verde: o tinte da ilusión do espello vexetal da natureza, e da herba vizosa, a cabeleira das covas.*

As miñas verbas na súa mente: frías, pulidas pedras afundíndose de contínuo nun lamego.

Aqueles dedos fríos e sosegados teñen tocado as páxinas, porcas e limpas, nas que a miña vergonza resplandecerá pra sempre. Tranquíos e fríos e puros dedos. ¿Endexamáis se trabucaron?

O seu corpo non ten cheiro: unha fror sin recendo.
Nas escaleiras. Unha fría, fráxil man: timidez, silenzo: ollos escuros asolagados de languidez: cansacio.

Xiradoras coroas de néboa gris sobor do mato. A súa faciana ¡cómo é gris e seria! Húmedos, enguedellados cabelos. Os seus labres oprimen levemente e, ao seu traveso, sae un sospirante alento. Bicada.

A miña vos, agoniando no eco das propias palabras, morre como a vos fatigada da sabencia do Eterno invocando a Abraham ao traveso dos outeiros ecoantes. Ela apóiase contra a parede almohadillada: rasgos de odalisca na voluptuosa escuridade. Os seus ollos teñen bebido os meus pensamentos: e na húmeda cálida complacente, acolledora tebra da súa femi-

---

[6] "Loggione": A cazola do teatro.

nidade a miña ialma, ela mesma esvaecéndose, ten emitido e verquido e rebosado, unha líquida e abundante semente... ¡Que a tome agora quen queira!...

Ao sair da casa de Ralli atópome, de súpeto, con ela no intre en que os dous damos esmola a un mendiño cego. Resposta ao meu repentino saúdo voltando e desviando os seus negros ollos de basilisco. E col suo vedere attosca l'uomo quando lo vede [7]. *Gracias polo dito, messer Brunetto.*

Teñen *estendido baixo os meus pes alfombras pra o fillo do home. Agardan o meu paso. Ela está na sombra marela do vestíbulo, unha capa a cadros resgardando da friaxe os seus caídos hombreiros: e cando eu me deteño abraiado e aluco ao meu derredor, ela saúdame fríamente e diríxese á escaleira lanzándome dos lentos ollos en esguello un instantáneo chorro de veneno licoroso.*

Un forro macio e murcho, de cor verdecraro, tapiza o sofá. Un angosto coarto parisino. Agora mesmo estaba eiquí tendida a peluqueira. Biqueille a media i as beiras polvorentas da súa falda color negro ferruxe: É a outra. Ela. Jogarty chegóu onte pra sere apresentado. Ulysses *é o motivo. Símbolo da concencia inteleitoal... ¿Irlanda entón? ¿I o marido? Paseando o corredor en chancletas, ou a xogar ao xadrez contra sí mesmo. ¿Por qué nos deixaron eiquí? Agora mesmo estaba eiquí tendida a peluqueira apertando a miña testa entre os seus nudosos xionllos... Símbolo inteleitual da miña raza. ¡Escoita! A abismante tebra ten caído. ¡Escoita! Non estóu convencido de que tales aitividades da mente ou do corpo podan chamarse morbosas.*

Fala ela. Unha feble vos vinda de máis alá das frías estrelas. Vos de sabiduría. ¡Segue falando! ¡Ouh, fala de novo, faime asisado! Ista vos, endexamáis a teño ouvido.

Ela serpentea cara min ao longo do enrugado sofá. Non podo moverme nin falar. Serpenteante acercamento de carne astral. Adulterio de sabiduría. Non. Quero irme. Quero.

—¡Jim, amor!

Moles labres chuchós beixan o meu sobaco esquerdo: un bico de serpe sobor de miriadas de veas. ¡Ardo! Contráiome como unha folla no lume. Do meu sobaco dereito chouta unha

---

[7] "E coa súa ollada empezoña ao home cando o ve". Brunetto Latini, "Il Tesoro", Bologna, 1887, II, p. 137-138, según Ellmann, p. XXXVI.

lingoa de fogo. Bicóume unha serpe estelar; unha fría serpe noitébrega. ¡Estóu perdido!

—¡Nora!

Jan Pieters Sweelink. O raro nome do antigo músico holandés faime parecer toda beleza rara e remota. Escoito as súas variaciós pra clavicordio sobor dunha vella cantiga: A mocedade ten un remate. *Na vaga néboa de antigos sons xurde un feble punto lumioso: a palabra da ialma está pra ser ouvida. A xuventude ten un final: o final está eiquí. Xamáis voltará. Tí ben o sabes. ¿I entón? ¡Escríbeo, escríbeo! ¿Pra qué outra cousa tí sirves?*

"¿Por qué?".

"Porque doutro xeito non vos poderei ver".

Esbaramento - espazo - edades - follaxe de estrelas - e ceo palidecendo - silenzo - e máis fondo silenzo - silenzo da anihilación - i a súa vos.

¡Non hunc sed Barabbam! [8].

Impreparación. Un apartamento espido. Toldada lus do día. Un longo piano negro: ataúde da música. En equilibrio sobor do seu borde, un chapeo de muller, de frores roxas, e un paraugas pregado. As súas armas: un casco, en gules, a lanza roma enriba dun campo, en sable.

Envío: Amame, ama o meu paraugas.

JAMES JOYCE
Trad. D. GARCIA-SABELL
Santiago

---

[8] Evanxelio según San Xoán, 18:40.

FONOLOGIA GALLEGA: FONEMÁTICA
MÁS SOBRE LAS VOCALES

NEUTRALIZACIÓN EN DIPTONGOS DECRECIENTES

En el número 10 de GRIAL hemos estudiado la combinación de sonidos vocálicos que dan lugar a la formación de diptongos decrecientes; y después de hacer ver cómo un sonido vocálico puede aparecer funcionando en el margen silábico como consonante, y de establecer que los diptongos son inequívocamente grupos fónicos difonemáticos, llegamos a determinar una neutralización condicionada por el contexto: las vocales de abertura media se neutralizan ante [u̯], [i̯] tautosilábicas. Entendíamos entonces que las oposiciones |ę| - |e|, |ǫ| - |o| quedaban neutralizadas indistintamente ante [u̯] o ante [i̯].

Pues bien, hoy hemos de hacer notar que las vocales de abertura media anteriores sólo se neutralizan ante [i̯], y las posteriores ante [u̯], como lo demuestran formas como *veu* [bęu̯] (vino), *deu* [dęu̯] (dio) y *ois* [ǫis] (tú oyes), todas ellas con vocales medias abiertas y, por tanto, no neutralizadas. Que la [e] de *veu* y *deu* es abierta lo prueba el hecho de que conmutando el segundo elemento del diptongo con [s] en el primer caso y con [θ] en el segundo resultan las formas *ves* (vienes) y *dez* (diez), ambos con [e] abierta. *Ves* (vienes) con [e] abierta es distinta de *ves* (tú ves) con [e] cerrada. Por otra parte en la flexión verbal aparece la alternancia abierta/cerrada, *poida/poidamos* con [o] abierta tónica formando diptongo con la semivocal [i̯].

LA NEUTRALIZACIÓN COMPRENDE TAMBIÉN LOS TÉRMINOS EXTREMOS

En realidad la neutralización que acabamos de enunciar comprende también los términos extremos |i| y |u|, ya que ni en sílaba tónica ni en átona aparecen diptongos formados por [ii̯] y [uu̯], si bien el primero es morfológicamente posible, pues a *marchai* puede corresponder [*partii̯*]; es decir, las vocales de abertura media y mínima anteriores no redondeadas se neutralizan ante [i̯] y las posteriores redondeadas ante [u̯] lo mismo en posición tónica que en átona. Ante [i̯], pues, aparecen todas las vocales posteriores redondeadas, además de /a/: [ai̯], [ǫi̯], [oi̯], [ui̯]; pero las anteriores no redondeadas se neutralizan, siendo realizado el archifonema |E| por [ęi̯]. Ante [u̯], además de /a/, aparecen todas las vocales anteriores no redondeadas: [au̯], [ęu̯], [eu̯], [iu̯]; pero las posteriores redondeadas se neutralizan, siendo el archifonema |O| realizado por [ǫ]: [ǫu̯].

Considerada así la neutralización, con intervención de los términos extremos, es un caso de neutralización de una oposición gradual, cuyo archifonema, contradiciendo una vez más a Trubetzkoy, aparece realizado por un término medio. Si hemos comenzado por establecer la neutralización entre las vocales de grado medio, es porque era preciso determinar si la neutralización comprendía también a las vocales medias abiertas, ya que para los grados más cerrados la neutralización resultaba evidente. Por otra parte, como hemos de ver más adelante, la oposición gradual de cada serie de localización se puede descomponer en dos oposiciones bilaterales, cosa que, por otro lado, parecen reclamar las dos neutralizaciones anteriormente estudiadas.

Así las cosas, los diptongos decrecientes gallegos parecen encontrarse a medio camino de los portugueses lisboetas. En portugués lisboeta ninguna vocal anterior no redondeada forma diptongo con [i̯], en tanto que aparecen todas ante [u̯], y ninguna vocal posterior redondeada aparece ante [u̯], pero todas forman diptongo con [i̯]; lo mismo que en gallego, la vocal de abertura máxima puede formar diptongo tanto con [i̯] como con [u̯]; de todo lo cual da fe Giovanna Madonia, "Les diphtongues décroissantes et les voyelles nasales du portugais", en La Linguistique, 1969, I, que sigue a Morais Barbosa, "Études de phonologie portugaise" (Lisboa, 1965), que coincide en este punto con lo que dice A. R. Gonçalves Viana en su "Essai de phonétique et de phonologie de la langue portugaise", publicado en 1883 en el tomo XII de Romania y que en 1941 fue reproducido en el tomo VII del Boletim de Filología.

La duración o cantidad vocálica

Trubetzkoy y Roman Jakobson coinciden en incluir la duración o cantidad vocálica entre los rasgos prosódicos, a los que Alarcos Llorach dedicó un luminoso estudio, "Los rasgos prosódicos", en *Problemas y principios del estructuralismo lingüístico*, Madrid, 1967, y que contrariamente a lo que sucede con los rasgos inherentes quedan al margen de la segunda articulación y constituyen lo que los lingüistas americanos llaman "fonemas suprasegmentales", que en la terminología de los fonólogos de Praga suelen llamarse "prosodemas". La duración o cantidad vocálica es, pues, en la terminología de la lingüística americana un "Phoneme of duration".

En efecto, los rasgos inherentes crean oposiciones cuyos términos se excluyen mutuamente en un contexto dado, en tanto que los rasgos prosódicos crean contrastes en la cadena hablada; es decir, se requiere la presencia simultánea en el decurso fónico de los dos términos para que se produzca la función distintiva, culminativa o demarcativa, o las tres a la vez.

Ahora bien, todos los sonidos de la cadena hablada presentan alguna duración por pequeña que sea, y es precisamente esta duración lo que determina el carácter lineal del lenguaje, al sucederse los segmentos unos tras otros y no producirse nunca simultáneamente.

Pero la duración de los fonemas en el decurso fónico puede modificarse en función del temperamento o carácter del hablante, de los sentimientos que lo animan o deprimen, del tema sobre el que habla o del contexto ambiental, del "tempo", en fin. La duración, por tanto, en términos absolutos no puede tener valor distintivo; para que esto suceda es preciso que los fonemas vocálicos, los únicos capaces de ser portadores de "particularidades prosódicas" por ser silábicos y, por tanto, presentes y centrales por necesidad, en tanto que los consonantes son marginales y facultativos, presenten distinta duración dentro de la cadena hablada, alternando libremente largas y breves; y esta diferencia o contraste es lo que es capaz de desempeñar la función indicada. En este caso, las modificaciones que se produzcan en la duración o cantidad vocálica por cualquiera de los factores indicados u otros cualesquiera dejará constante el contraste cuantitativo entre los núcleos silábicos.

El estudio de la cantidad vocálica, dado su carácter prosódico, no cabe, por tanto, en un capítulo dedicado a fonemática, en el que sólo se tienen en cuenta los rasgos inherentes, que, como hemos visto, son los únicos que crean oposiciones paradigmáticas y definen las unidades mínimas de la segunda articulación o fonemas. Si la traemos aquí a colación, es porque repetidas veces se ha hablado de la existencia en gallego de vocales largas con valor distintivo, y siempre en términos de oposición y no de contraste.

En gallego la cantidad no tiene valor fonológico

Los rasgos prosódicos son perfectamente identificables, porque al producirse al margen de la segunda articulación crean contrastes y no oposiciones, y mientras las segundas por ser paradigmáticas, se realizan en ausencia de todos los términos menos uno en un contexto dado, los primeros por ser sintagmáticos, requieren la presencia en la misma secuencia fónica de los términos en contraste; es decir, la cadena hablada ofrece al oyente todos los datos necesarios para su identificación sin necesidad de recurrir a ningún dato de la memoria. Así, para nadie pasa inadvertida la existencia del acento y su localización en el decurso fónico.

Sin entrar, pues, en más consideraciones se puede afirmar que el contraste cuantitativo no tiene en gallego valor distintivo. Pero sucede que más de una vez se ha afirmado la existencia de cantidad vocálica en nuestra lengua. Así, se dice que *á*, a la, se distingue de *a*, preposición o artículo, y *ó* al, se distingue de *o*, artículo, porque *á*, a la, y *ó*, al, son vocales largas, en tanto que *a*, preposición o artículo, y *ó*, artículo, son vocales breves. Pero se da el caso de que *á*, a la, y *a*, la o a, lo mismo que *ó*, al, y *o*, el, no pueden aparecer en la misma secuencia fónica y, por tanto, no pueden contrastar, por estar los segundos términos incluidos en los primeros, que son amalgamas de preposición y artículo. Y, por otra parte, no pueden crear oposición paradigmática, porque, como ya hemos visto, por ser la duración un rasgo prosódico, para que haya pertinencia se requiere necesariamente la

presencia de los dos términos, largo y breve, en la misma secuencia fónica; todo lo cual demuestra concluyentemente que en estos dos casos, *á* y *a*, *ó* y *o*, la cantidad vocálica no crea diferencias distintivas.

Sin embargo, es evidente que en un texto como "*vou á Cruña*", voy a La Coruña, y otro como "*vou a Cruña*", voy a Coruña, hay diferencias entre las dos aes. Esta diferencia se quiso explicar también asignando a cada *a* una localización distinta; pero tampoco en este caso hubo acierto. Lo que distingue las dos aes en el mismo contexto es un rasgo prosódico y, por tanto, contrastivo. En efecto, en "*vou á Cruña*", voy a La Coruña, los núcleos silábicos *o*, *a* y *u* contrastan con el núcleo *a* de la sílaba final en que los primeros son "con acento", y el último "sin acento"; en "*vou a Cruña*", voy a Coruña, en cambio, el contraste es "con acento"/"sin acento"//"con acento"/ "sin acento". Es, pues, el contraste acentual lo que nos permite percibir como diferentes la *á* de "*vou á Cruña*", voy a La Coruña, y la *a* de "*vou a Cruña*", voy a Coruña.

Es también el contraste acentual lo que nos permite distinguir *dá*, de *dar*, y *da*, de la. En efecto, la frase "*o prado dá herba*" el prado produce hierba, se distingue claramente de esta otra: "*o prado da herba*", el prado de la hierba. La diferencia no es otra que el esquema acentual: *dá*, verbo, es tónico, mientras que *da*, de la, es átono.

En *dá*, verbo, no ha habido ninguna contracción de vocales en contacto como consecuencia de la pérdida de una consonante intervocálica, que es lo que ha dado pie a la pretendida cantidad larga de *á*, a la. Y tampoco nos queda el recurso de una posible pervivencia de la cantidad larga del latín, porque *dat*, aparte de que la cantidad se desfonologizó en los primeros siglos del Imperio, tenía en la lengua de Roma breve la *a*.

Que es el esquema acentual y no la cantidad vocálica lo que en estos casos tiene valor distintivo se puede demostrar claramente en el caso de *ó*, al, y *o*, artículo.

En efecto, en el caso de *ó*, al, cuyo carácter tónico pusimos de relieve en nuestro primer estudio sobre el sistema vocálico (GRIAL, 10), no hay la menor duda de que se trata de una /o/ abierta, lo cual basta por sí solo para distinguirlo de *o*, artículo; y ya hemos visto que una vocal de abertura media abierta sólo puede aparecer en posición tónica. Por lo tanto, si *a*, preposición, y *o*, artículo, se contraen dando como resultado una /ǫ/ abierta y tónica, es lógico que también sea tónica la /a/ resultante de *a*, preposición, y *a*, artículo.

Fue, pues, un acierto la adopción del "acento gráfico" como diacrítico para distinguir los dos casos.

VOCALES LARGAS SEGÚN CARBALLO CALERO

En la segunda edición de su Gramática, 1968, Carballo Calero señala la existencia de vocales largas de origen secundario en una serie de casos en que, según él, crean oposiciones de cantidad.

As I come out of Rolli's house I come upon her suddenly as we both are giving alms to a blind beggar. She answers my sudden greeting by turning and averting her black basilisk eyes. *E col suo vedere attosca l'uomo quando lo vede.* I thank you for the word, messer Brunetto.

Rey spread under my feet carpets for the son of man. They await my passing. She stands in the yellow shadow of the hall, a plaid cloak shielding from chills her sinking shoulders: and as I halt in wonder and look about me she greets me virtually and passes up the staircase darting at me for an instant out of her sluggish sidelong eyes a jet of liquorish venom.

A soft crumpled peagreen cover drapes the lounge. A narrow Parisian room. The hairdresser lay here but now. I kissed her stocking and the hem of her rustblack dusty skirt. It is the other. She. Esposito came yesterday to be introduced. *Ulysses* is the reason. Symbol of the intellectual conscience.... Ireland then? And the husband? Pacing the corridor in list shoes or playing chess against himself. Why are we left here? The hairdresser lay here but now: clutching my head between her knobby knees.... Intellectual symbol of my race: listen! The plunging gloom has fallen. Listen!
— I am not convinced that such activities of the mind or body can be called unhealthy —

She speaks. A weak voice from beyond the cold stars. Voice of wisdom. Say on! O, say again, making me wise! This voice I never heard.

She coils towards me along the crumpled lounge. I cannot move or speak. Coiling approach of starborn flesh. Wobbly of wisdom. No, I will go. I will.
— Jim, love! —

Soft sucking lips kiss my left armpit: a coiling kiss on myriad veins. I burn! I crumple like a burning leaf! From my right armpit a tang of flame leaps out. A tang, snake hot. She kissed me: a cold nightsnake. I am lost!
— Nora! —

Edición facsimil da páxina 15 do manuscrito do GIACOMO JOYCE, reducida fotográficamente.

She walks before me along the corridor and as she walks a dark coil of her hair slowly uncoils and falls. Slowly uncoiling, falling hair! She does not know and walks before me, simple and proud. So did she walk by Dante in simple pride and so, stainless of blood and violation, the daughter of Cenci, Beatrice, to her death:

> My girdle for me and bind up this hair
> In any simple knot.

The housemaid tells me that they had to take her away at once to the hospital, poverette! that she suffered so much, so much, poverette, that it is very grave. ... I walk away from her empty house. I feel that I am about to cry. Ah, no! It will not be like that, in a moment, without a word, without a look. No, no! Surely hell's luck will not fail me!

Operated. The surgeon's knife has probed in her entrails and withdrawn, leaving the raw jagged gash of its passage on her belly. I see her full dark suffering eyes, beautiful as the eyes of an antelope. O cruel wound! Libidinous God!

Once more in her chair by the window, happy words on her tongue, happy laughter. A bird twittering after storm, happy that its little foolish life has fluttered out of reach of the clutching fingers of an epileptic lord and giver of life, twittering happily, twittering and chirping happily.

Edición facsimil da páxina 11 do manuscrito do GIACOMO JOYCE, reducida fotográficamente.

El primero de estos casos es el ya estudiado de las amalgamas *á*, a la, y *ó*, al, que ya recoge en la primera edición de 1966.

En los demás casos que cita se trata de asimilaciones que dieron lugar a la formación de geminadas, que posteriormente se simplificaron, según él, alargando la vocal precedente. Un alargamiento compensatorio con todas las de la ley.

Según él:

"Vela"< vel-la <ver-la, verla, tiene una *e* más larga que "vela", vela.

"Velo" <vel-lo,<ves-lo, lo ves, tiene una *e* más larga que "velo", yo velo.

"Fano"< fan-no <fan-lo, lo hacen, tiene una *a* más larga que "fano", yo mutilo.

"Pola vella", por la vieja, tiene una *o* más larga que "pola vella". rama vieja.

"Ve-las cativas", ves las niñas, tiene una *e* más larga que "velas cativas", velas ruínes.

"Canta-nos galos", cantan los gallos, tiene una *a* más larga que "canta nos galos", canta en los gallos.

"Aparte de las oposiciones de timbre y acento" —concluye— "se dan en estos casos oposiciones de cantidad".

Pero, argüímos nosotros, si la diferencia de timbre y acentuación basta para distinguir unos textos de otros, la diferencia de cantidad, si la hay, es superflua y, por tanto, sin valor distintivo.

En efecto,

"Vela", verla, tiene /e/ cerrada frente a "Vela", vela, que tiene /ę/ abierta.

"Velo", lo ves, tiene /e/ cerrada frente a "velo", yo velo, que tiene /ę/ abierta.

"Fano", lo hacen, y "fano", yo mutilo, son formas perfectamente homófonas, cuya diferenciación es sintáctica y contextual, pues ambas formas no pueden aparecer nunca en el mismo contexto; es decir, no son conmutables.

"Pola vella", por la vieja, tiene /o/ cerrada frente a "Pola vella", rama vieja, que tiene /ǫ/ abierta.

"Ve-las cativas", ves las niñas, tiene /e/ cerrada frente a "velas cativas", velas ruínes que tiene /ę/ abierta.

"Canta-nos galos", cantan los gallos, y "canta nos galos", canta en los gallos, son textos perfectamente homófonos, imposibles en un mismo contexto o situación.

Nos tememos que en estos casos Carballo Calero no ha podido sustraerse a prejuicios historicistas.

¿Vocales medias abiertas en sílabas átonas?

A pesar de lo clara que parece estar la aparición de las vocales medias abiertas /ę/ y /ǫ/ exclusivamente en sílaba acentuada, avalada por la alternancia vocálica que se produce en la flexión verbal a consecuencia de los desplazamientos del acento, como hemos visto

anteriormente, debemos tener en cuenta que a una conclusión de este tipo sólo se puede llegar por vía inductiva: examinando un número suficiente de casos, se infiere que en todos los demás se da el mismo comportamiento. Pero, ¿cuándo el número de casos examinados es suficiente? Si en contra de las conclusiones así alcanzadas se aduce algún caso concreto que las contradice, no hay más remedio que rendirse a la evidencia.

Esto es lo que pretende hacer Carballo Calero, demasiado preocupado por determinar "a priori" el timbre de una vocal ante "las fuertes vacilaciones de pronunciación" y no dar "los gramáticos ni los filólogos una explicación sistemática y sencilla de las reglas que rigen el timbre de las vocales".

Desde luego, si el timbre de las vocales se pudiera determinar de antemano, de nada serviría que las vocales tuviesen timbre diferente, ya que carecería de valor distintivo; es justamente la libertad de poder elegir un timbre entre varios para una posición dada, lo que hace de él un rasgo pertinente.

Carballo Calero, pues, dice en su Gramática que etimológicamente *e* y *o* átonas pueden ser abiertas o cerradas como las tónicas; y añade que en el estado actual de la lengua, esta calidad sólo se manifiesta "cuando cabe referencia a palabra primitiva en que la vocal en cuestión ocupa posición tónica". Cita el caso de "ermanza", que, según él, tiene *e* abierta átona por proceder de "ermo", yermo, cuya *e* es inequívocamente abierta y tónica. Nos resistimos a creer que "ermanza" pueda probar nada; en primer lugar nos parece una palabra con poca vigencia, si es que tiene alguna, lo cual puede ser causa de que nos dejemos sugestionar fácilmente por la etimología; en segundo lugar, podemos aducir en contra el caso de "ferreiro" con *e* átona inequívocamente cerrada, a pesar de que "ferro", hierro, tiene *e* tónica inequívocamente abierta, de lo cual el castellano ofrece un paralelismo perfecto: herrero-hierro.

El caso de "besteiro", ballestero, con supuesta *e* abierta en posición átona, frente a "besteiro", "tratante de bestas", con *e* cerrada en la misma posición, nos parece igualmente carente de valor probatorio; ¿está viva en gallego la palabra "besteiro", ballestero? Si no está, ¿cómo podemos asegurar que tiene una *e* átona abierta?

"Cordeiro", cordelero, frente a "cordeiro", cordero, tampoco nos ofrece muchas garantías, porque cordero en gallego se dice "año".

Pero hay casos muy concretos y especiales de derivación en que no podemos negar que aparece una /ę/ abierta y /ǫ/ abierta en sílaba átona: son los diminutivos en "-iño".

En efecto,
"Pola", rama, y "poliña", pero "pola", polla, y "poliña".
"Bola", bola, y "boliña", pero "bola", torta, y "boliña".
"Oso", hueso, y "osiño", pero "oso", oso, y "osiño".
"Presa", prisa, y "presiña", pero "presa", puñado, y "presiña".
"Roda", rueda, y "rodiña", pero "roda", azada, y "rodiña".
En estos casos, repetimos, no podemos negar la existencia de vo-

cales de abertura media abierta en posición átona; átona, teniendo en cuenta que la primera sílaba del derivativo "-iño" es acentuada.

¿En qué medida puede modificar esto nuestro esquema anterior?

En primer lugar es preciso destacar que, incluso aceptado el testimonio de los diminutivos en "-iño", sólo una vez en cada palabra figura una vocal media abierta y que, por lo tanto, cuando aparece en sílaba átona, la vocal tónica no es ni /ę/ abierta ni /ǫ/ abierta.

En segundo lugar, aceptado el testimonio de los diminutivos en "-iño", la sílaba tónica sigue siendo un elemento limitador de la aparición de las vocales medias abiertas, ya que sólo figuran en la sílaba tónica o en átona precedente, y nunca en sílaba posterior a la acentuada.

Pero, con todo, la sílaba tónica como única posición de diferenciación máxima, es decir, la única en que pueden aparecer las siete vocales, sigue siendo válida para todas las palabras primitivas, salvo en casos de derivación en que, como en los diminutivos en "-iño", la relación de la derivada con la primitiva es tan estrecha, que la derivación sólo supone una modificación con valor expresivo o impresivo, o ambos a la vez; es decir, son variantes estilísticas.

La aparición, pues, de vocales medias abiertas en posición átona, si se acepta, es de orden muy secundario y apenas modifica el esquema anteriormente elaborado.

¿Doble acento en los diminutivos?

Pero teniendo en cuenta la abertura de las vocales y su distribución, cabe preguntarse si, en el caso de los diminutivos, es realmente átona la sílaba que es continuación de la tónica primitiva; es decir, si no estaremos ante un caso de doble acentuación. Desde luego, no cabe la menor duda de que la primera sílaba del derivativo "-iño" es acentuada y que su acento es, en todo caso, el dominante; se trataría simplemente de la conservación del acento radical, aunque en un plano secundario respecto al del derivativo. No sería éste el único caso de doble acentuación: los adverbios en "-mente" son un ejemplo bien conocido, sin salirnos de nuestra área lingüística.

En portugués, según nos dice Gonçalves Viana en el "Essai" ya citado, los diminutivos en *-zinho* tienen dos acentos: *prégonzínho;* que los diminutivos en *-inho* tienen un solo acento en el dialecto lisboeta y las vocales pretónicas "deviennen réduites"; que, en cambio, en el portugués del Norte estos diminutivos tienen dos acentos y las vocales radicales conservan su timbre. Lo que Gonçalves Viana nos dice es, ni más ni menos, que mientras en el dialecto lisboeta los diminutivos en *-inho* tienen un solo acento y neutralización de los timbres en las vocales radicales antes tónicas y ahora átonas, en el portugués del Norte estos mismos diminutivos conservan el acento radical y con él la abertura de las vocales.

El testimonio de Gonçalves Viana sobre el doble acento de los diminutivos en *-inho,* precisamente en el portugués más próximo a nos-

otros, parece suficiente para disipar las dudas y reservas que para el caso gallego pudieran abrigarse. No parece dudoso que los diminutivos gallegos en "-iño" se comportan, en lo que al acento se refiere, igual que los del portugués del Norte, con lo que las vocales abiertas permanecen inseparables del acento.

Estructura binaria del vocalismo gallego

Hasta aquí hemos estudiado la estructura del vocalismo gallego con estricta sujeción a la doctrina fonológica de Trubetzkoy, salvo en lo referente a la realización del archifonema de la neutralización de una oposición gradual, punto en el que, como hemos visto, los hechos del vocalismo gallego contradicen las enseñanzas de Trubetzkoy. Pero cabe también una interpretación binarista de las oposiciones entre las vocales gallegas de acuerdo con la doctrina de otro de los fundadores del Círculo Lingüístico de Praga, Roman Jakobson.

En efecto, tal como se presentan los hechos hay una posición, la de semivocal o semiconsonante, elemento débil de diptongo, en la que el vocalismo gallego aparece, como hemos visto ya en Grial, 21, reducido a dos miembros:

/E/ — /O/

/E/ es el archifonema y, por tanto, la base de comparación de los fonemas /a, ę, e, i/.

/O/ es el archifonema y, por tanto, la base de comparación de los fonemas /a, ǫ, o, u/.

La realización fonética de estos archifonemas, como también hemos visto ya, tiende a [i̯] y a [u̯].

Estos dos archifonemas están en oposición bilateral equipolente: anterior no redondeado/posterior redondeado, o agudo/grave, utilizando la terminología acústica de Jakobson. Esta oposición aparece, por tanto, realizada en la posición de diferenciación máxima, la tónica, por /ę/ - /ǫ/, /ę/ - /o/, /ę/ - /u/, etc., pero en todos los casos la oposición, aunque realizada en distintos fonemas, es la misma. Lo que distingue, pues, a un fonema de una clase de localización de un fonema de la otra clase es sólo esta oposición, anterior no redondeado/posterior redondeado, incluso en el caso de que pertenezcan a distintos grados de abertura, pues el grado de abertura es sólo pertinente dentro de una misma clase de localización, como lo prueba el hecho de que, como hemos visto ya, las vocales anteriores se neutralizan ante [i̯], semivocal ante la que conservan pertinente el grado de abertura las vocales posteriores que, por el contrario, se neutralizan ante [u̯], posición en la que las anteriores conservan la pertinencia del grado de abertura.

En la posición de diferenciación mínima, dentro del sistema de fonemas silábicos, que es la de sílaba final no acentuada, el vocalismo gallego aparece representado por tres miembros:

/E/ /O/

/a/

A los archifonemas /E/ y /O/ se opone el fonema /a/, el fonema

de abertura máxima; la oposición es igualmente bilateral, pero en este caso privativa: abertura máxima /a/ - abertura no máxima /E,O/. Debemos insistir en que la oposición se realiza independientemente entre /a/ - /E/ y /a/ - /O/. Desde el punto de vista de la localización /a/ es respecto a /E/ no anterior y respecto a /O/ no posterior no rendondeado.

Que esta oposición se realiza así lo prueba el hecho de que al neutralizarse, los archifonemas /E/ y /O/ aparecen en la posición de neutralización realizados por [ę̯] o [i̯] y por [ǫ̯] o [u̯]; son, por lo tanto, los términos no marcados.

Los fonemas /e/, /ę/, /i/, /ǫ/, /o/, /u/ funcionan, pues, como el término no marcado de la oposición abertura máxima / abertura no máxima, o denso / no denso, si preferimos la terminología de Jakobson.

En posición átona no final el sistema vocálico gallego está realizado por cinco miembros.

/i/ /u/
/E/ /O/
/a/

Aparece, por lo tanto, una nueva oposición: esta oposición establece la relación en que se encuentran los fonemas /i/ y /u/ respecto de los archifonemas /E/ y /O/, y sólo respecto de /E/ y /O/, porque respecto de /a/ ya sabemos que son realización del término no marcado de la oposición abertura máxima / abertura no máxima.

La oposición /i/ - /E/ y /u/ - /O/ es también bilateral privativa: abertura mínima /i,u/, - abertura no mínima /E,O/, o difuso / no difuso, en términos acústicos. Es decir, las vocales definidas como de grado medio de abertura en la oposición gradual, aquí se definen frente a /a/ como de abertura no máxima, y frente /i/ y /u/, cada una en su clase de localización, como de abertura no mínima.

En la posición de diferenciación máxima el sistema vocálico gallego está representado por la totalidad de sus fonemas:

/i/ /u/
/e/ /o/
/ę/ /ǫ/
/a/

Aparece, consiguientemente, una nueva oposición, la que distingue a /ę/ de /e/ y /ǫ/ de /o/. La posición de estos fonemas respecto de /a/, cada uno dentro de su correspondiente clase de localización, y respecto de /i/ y /u/ ha sido ya definida por las dos oposiciones bilaterales privativas que hemos enunciado. También en este caso se trata de una oposición bilateral privativa: abierto /ę/ y /ǫ/ - no abierto /e/ y /o/.

Según esto, el contenido fonológico de los fonemas vocálicos gallegos es el siguiente:

/a/: vocal ni anterior no redondeada ni posterior redondeada, de abertura máxima.

/ę/: vocal anterior no redondeada, de abertura ni máxima ni mínima, abierta.

/e/: vocal anterior no redondeada, de abertura ni máxima ni mínima, no abierta.

/i/: vocal anterior no redondeada, de abertura no máxima, mínima.

/ǫ/: vocal posterior redondeada, de abertura ni máxima ni mínima, abierta.

/o/: vocal posterior redondeada, de abertura ni máxima ni mínima, no abierta.

/u/: vocal posterior redondeada, de abertura no máxima, mínima.

La oposición abierto / no abierto de las vocales medias es considerada por el propio Trubetzkoy como bilateral privativa por el hecho de que es neutralizable; pues bien, puesto que también es neutralizable, no vemos razón para no considerar bilateral privativa la oposición entre /E/ e /i/ y /O/ y /u/; el hecho de que en ella intervenga un término extremo no nos parece razón suficiente para negarle tal estatuto y considerarla gradual. Entendemos que son las neutralizaciones lo que debe definir los términos de una oposición. Por otra parte no se ve claro cómo una oposición gradual puede concordar con el carácter discreto de los fonemas.

Las neutralizaciones, tal como se producen entre las vocales del gallego, parecen postular un sistema binario de oposiciones y con ello responder a la pregunta de "si la escala dicotómica constituye un principio rector que el analista puede sobreponer con éxito al código lingüístico o bien es inherente a la estructura del lenguaje".

AMABLE VEIGA ARIAS
Lugo

NA PERCURA DE NOVOS HORIZONTES: O EXPRESIONISMO "LA MEDIA NOCHE"

O ano de 1916, meiada a Primeira Guerra Europea, é unha data de grande siñificación na evolución do arte de Valle-Inclán, máis na prosa que na poesía; pois nel publicóu o seu manifesto simbolista, *La lámpara maravillosa* coa que pechóu a fase simbolista do seu arte; e apareceron, en "El Imparcial" de Madrid os artículos coas súas impresiós do frente da guerra en Francia, que visitara, como corresponsal de guerra dese xornal madrileño, en maio dese ano. Con estas esceas da Primeira Guerra Europea, que recolléu máis tarde nun volume, con tíduo de *La media noche* (1917), aspiróu Valle-Inclán a abrir novos horizontes estéticos á narrativa española.

Estes dous libros, que semellan tan alonxados o ún do outro, o primeiro como cerre do seu arte simbolista e o segundo como iniciación de outro máis impreciso, de novos e amplos horizontes, estaban estreitamente unidos no propósito; pois os dous aspiraban, con diferente téinica e forma, a trascender os límites do tempo e do espacio, os límites das dúas categorías a priori da razón, en percura do ausoluto, que non reconoce eses límites.

Na época simbolista, da que é a másima expresión *La lámpara maravillosa,* Valle-Inclán tratóu de trascender o tempo e o espacio en percura dos valores eternos. Daquela estas dúas categorías tiñan un valor simbolista como expresión do esencial e caraiterístico das cousas, sobre todo das de Galicia no que o eterno era o herdo espritual artístico e social que viña do pasado i estaba sempre vivo no presente, do que pasaría ao futuro. É doado confundir ao simbolista, amante do pasado vivo, co arcaizante, que ama o pasado morto; e por iso algús críticos, con grande lixeireza, tiduaron arcaizante a Valle-Inclán. Grave erro, pois el, como simbolista, nunca tencionóu refrexar na súa literatura o pasado ido, sinón o que enxamáis se ten murchado: o que nunca se quedóu atrás porque forma parte entranábel do esprito vivo dun pobo.

A percura do ausoluto, que había no simbolismo, ao despoxalo de todo atume de tempo i espacio determinados, concretos, e sustituílos por outros de pura ficción, non servía pra

atrapar a corrente fluínte da vida nun intre de grave crise nun lugar e nun espacio concreto, como era o da Primeira Guerra Europea. Pra solprender ese fluír tráxico e dooroso da vida había que ir á percura de outros horizontes artísticos nos cales se puidera comprender en toda a súa amplitude, xeográfica e temporal, o grande drama da Guerra Europea. Nesta percura Valle-Inclán atopábase atado a un tempo e a un espacio, ao da Guerra Europea, pero non quixo encaixonalo no pequeno espacio das aiciós particulares nin tampouco no tempo do minuteiro dos reloxes, sinón que escolléu un tempo e un espacio semellantes aos que empregarán os expresionistas nas súas obras de ficción: un espacio no que se integren todos os pequenos espacios particulares, e un tempo que condense nunhas horas, de tremenda intensidade, todos os episodios siñificativos que dan unha imaxe completa da guerra, do seu arrepío e inhumanidade.

Esta visión de amplos horizontes espaciás e xeográficos foi a que denominóu Valle-Inclán *estelar* no subtíduo de *Visión estelar de un momento de guerra* que deu a esta obra. É decir, que mentras a visión se amplía ás súas meirandes posibilidás, convírtese en *estelar* o tempo, condénsase nun intre, como si nese breve tempo correran todos os incidentes importantes e siñificativos do grande conflito humán do século XX.

O grande empeño estético desta obra foi non tanto o desprendérese do tempo e do espacio, como o de crear un tempo e un espacio estético, expresionistas, que sustituíran con ventaxa, na percura do total, achegado ao ausoluto, o tempo cronolóxico e o espacio limitado; e deste xeito ningunha das dúas categorías *a priori* se deshumanizóu, sinón que pola contra humanizóuse aínda máis, pois enchéuse do fluir de todas as correntes da vida, que semellaban marchar por diferentes canles e que aquí se encauzan nún, polo que flúe todo o arrepío da guerra, coas súas matanzas, as súas desfeitas de pobos, o seu sangue, a súa lama na inmolación de milleiros de seres humáns inocentes.

A *Visión estelar de un momento de guerra* foi a primeira tentativa valleinclanesca pra se mover na prosa por novos camiños estéticos, superados do simbolismo, en precura de outros horizontes polos que andaba a humanidade do seu tempo, coas súas preocupaciós e os seus problemas. E ao se mover por este novo camiño empregóu unha téinica, unha visión estelar, que non estaba moi lonxe da que empregarían ou empregaban xa os expresionistas pra presentar os temas trascendetás da vida humá nun intre de grave crise dos valores sociás, antre os que se destacaba a crueldade da guerra e con

el o da crueldade dos pobos europeos oicidentás que representaban, como o alemán, a forma máis alta da cultura do seu tempo.

Elementos da máis diversa procedencia contribuíron á formación da *visión estelar* de Valle-Inclán: uns recibidos do herdo tradicional, popular e literario de Galicia, como a meia noite chea de misterio e a noite *de luar,* que co simbolismo tíñanse elevado á categoría de notas caraiterísticas e representativas do mundo galego; e outros chegados coas novas correntes estéticas que se estaban a mover daquela na literatura europea.

Á tradición popular e literaria galega pertenece o tíduo de *La media noche,* desas esceas, que xa Valle-Inclán empregara no seu primeiro conto conocido, tiduado *A media noche,* conto de ambente galego cheo de misterio e de dramatismo. Outro elemento de proxenie galega é o estelar, procedente da *noite de luar* do mundo galaico, na que as cousas adequiren unha trasparencia máxica, como si baixo da luz da lúa se descobrira o esprito que xaz atobado baixo da materia.

En troques proceden das novas correntes estéticas, que axitaban entón os pobos europeos, o seu *novo tempo* concentrado e a súa *xeometría estendida.* Na súa noción do tempo penetran as correntes filosóficas bergsoniáns da intensidade do tempo vivido dramáticamente. Esta intensidade fai que o horror da guerra se reduza a unhas horas, antre a meia noite e o amencer, vistas simultáneamente en todos ou a meirande parte dos frentes de batalla que se estendían por unhas duascentas léguas. O arte expresionista, e o de Valle-Inclán singularmente, gostóu do emprego deste "tiempo intenso", concentrado, que ten un certo parentesco co tempo da traxedia grega. Valle-Inclán, que empregóu por primeira vez en *La media noche* esta téinica temporal, fará dela un elemento clave do seu arte dramático expresionista, como podemos dexergar no seu primeiro esperpento *Luces de Bohemia,* no que condensóu os sucedos máis siñificativos das dúas primeiras décadas da historia de España no século XX pra facer deles o fondo da súa aición dramática.

A xeometría esténdese gracias ao emprego dunha serie de esceas simultáneas que se desenrolan ao mesmo tempo, ou case ao mesmo tempo, nos distintos escearios da guerra. Na téinica da simultaneidade de esceas, seguíu Valle-Inclán o procedemento recomendado polos futuristas, que axitaron o esprito europeo por esta época, co cal aspiraban a atrapar a imaxe das cousas en movemento, tanto como a pluralidade de aspeitos e facetas que hai en toda realidade humá.

O expresionismo convertíu a simultaneidade das esceas nun dos procedementos artísticos máis axeitados pra presentar non soio unha serie de distintas esceas en diversos espacios, sinón tamén as varias caras ou aspeitos dunha mesma escea nun soio esceario.

Valle-Inclán, que nas palabras limiares desta obra afirmóu que a visión de un xeneral abrangue un horizonte máis amplo que o do soldado, limitado éste a unha parte da escea na que aitúa, coidaba á súa vez que a visión do escritor é moi superior á do xeneral en amplitude i en fondura, pero pra sélo ten que ser *estelar,* celestial, é decir, abranguer un horizonte que se erga por riba da terra e das continxencias dos pequenos espacios e dos pequenos tempos, pra captar un tempo de grande intensidade siñificativa e un espacio tamén siñificativo, formado por esceas simultáneas.

A iniciación da marcha do arte de Valle-Inclán cara o expresionismo, en *La media noche,* rexístrase dun xeito especial, ademáis das notas xa apuntadas (a visión global, estelar, o tempo intenso e a xeografía intensa) noutras tres de singular siñificación e de grande interés pra o desenrolo do seu arte narrativo e dramático: a aparición de un héroe coleitivo, da masa, en lugar do héroe individual procedente éste do decadentismo; o emprego do grotesco pra a presentación dunha serie de persoaxes; a téinica da silueta, de persoaxes, proxeitadas sobre dun fondo de luces incertas; e o emprego do contraste de luces e sombras, que ollaremos reaparecer con grande forza nos seus *autos para siluetas.*

O héroe desta obra é a humanidade doente, formada sobre todo de franceses, militares e civís, que sofren os horrores e a crueldade dunha guerra que desencadeóu na Europa o militarismo alemán. Son os xefes e soldados do exército francés e tamén do inglés que loitan nas trincheiras os que van nos convoios militares camiño do frente; a poboación civil das cidades indefensas da retagarda, bombardeadas pola aviación e a artillería enemiga continamente; son os propios soldados alemáns que sirven de carne de cañón pra os plans militares dos seus xefes; son as probes mozas violadas, como botín de guerra, polo invasor alemán; os nenos mortos nos bombardeos, os feridos e mutilados das batallas. En ningunha outra obra de Valle-Inclán hai un desfile máis abondoso da humanidade doente.

Nestas esceas da guerra, no frente, nas trincheiras, nas carreteiras do frente e nos pobos achegados a el, hai unha crara influencia da pintura goyesca das esceas da Guerra da In-

dependencia e tamén da téinica da masa que Goya empregóu na derradeira fase do seu arte, que se considera como un adianto do expresionismo europeo na pintura.

Pero, nas esceas de Valle-Inclán a masa non é borrosa como nas esceas goyescas da tauromaquia, por exemplo, sinón que ten en moitas das figuras unha certa individualidade, como ocurre cos cadros goyescos do Entroido, nos que cada máscara ten a súa choqueira persoalidade. Hai nesta individualización do persoaxe dentro da masa, unha preocupación caraiterística do arte expresionista europeo que pasará como un dos elementos constitutivos ao existencialismo literario. Os persoaxes desa masa teñen moitas veces contornos, siluetas ou figuras diferenciadas, que acusan a súa persoalidade, inda que señan máis tipos representativos dunha cras ou grupo que verdadeiros individos.

Pra acadar a individualización dos tipos emprega Valle-Inclán en *La media noche* os mesmos procedementos que utilizará na fase expresionista do seu teatro, tanto nos *esperpentos* como nos *autos para siluetas* e *melodramas para marionetas,* o grotesco, a silueta e o contraste de luces, pra destacar as figuras.

O grotesco foi un dos recursos máis empregados polo arte expresionista pra a caraiterización dos persoaxes. Alfredo Matilla, no seu estudo de *La media noche,* sinalóu o parentesco do arte desta obra co do esperpento, pero destacóu as diferencias que hai no grotesco nunha e noutro: "Sin embargo, en *La media noche,* inclusive en los pasajes concebidos a través de una mira distorsionada, no hay una desvalorización profunda, como después en el esperpento, y, antes, en algunos de los personajes de las dos primeras *Comedias*".

Outro dos recursos expresionistas utilizados por Valle-Inclán nesta obra, pra a presentación dos persoaxes, é o emprego de siluetas e o de figuras que se moven como marionetas, acompañadas as unhas e máis as outras de un intelixente uso dos contrastes de luces e sombras, sobre todo da luz da lúa.

Co emprego de siluetas e de figuras que se moven como marionetas amostra Valle-Inclán a súa preferencia pola chamada, na terminoloxía dramática máis que na narrativa, "psicoloxía enteiriza" ou dunha soia peza. Os xestos, os movementos, a silueta do persoaxe é a manifestación da súa enteira persoalidade, do seu mundo interior tanto ou máis que o diálogo, que apenas apunta nesta obra. Esta psicoloxía enteiriza é a expresión do concepto de tipos máis que de indivi-

dos distintos e orixinás que teñen estas figuras de Valle-Inclán: son tipos representativos de un grupo ou dunha cras social.

Con todos estes elementos avantóu Valle-Inclán polo camiño do arte expresionista, do que *La media noche* é a primeira tentativa, co que aspiróu a presentar á humanidade doente da Europa do seu tempo, vista dun xeito fondamente vivo, estelar, en toda a dimensión da súa traxedia.

EMILIO GONZALEZ LOPEZ
New York

AUTO DO PRISIONEIRO

PERSOAXES

O PRISIONEIRO
A NENA
O GARDIÁN
O OFICIAL
A NAI
LAURA
AMIGA PRIMEIRA
AMIGA SEGUNDA
AMIGA TERCEIRA
AMIGO PRIMEIRO
AMIGO SEGUNDO
AMIGO TERCEIRO

Celda do Prisioneiro. Ao fondo, no estremo dereito, porta da Direición; no estremo ezquerdo, porta do carto de baño, separada da celda por unha cortina. No lateral dereito, porta do ascensor. No lateral ezquerdo, leito. No centro, mesa. Cadeiras. Hai un teléfono. Todas as entradas e saídas dos persoaxes fanse polo ascensor.

E S C E A I

O PRISIONEIRO, A NENA

Mañá cedo. O Prisioneiro durme no seu leito. Entra a Nena. Diríxese ao Prisioneiro dormido.

A NENA — ¿Durmes? Cicáis hoxe che sexa pedida a túa alma. Pequena alma errante e magoada, meniña chorosa que atravesa a noite cos lobos á espreita. ¿Levas o caristel co pan e o viño para o camiño? *Vaise.*

E S C E A I I

O PRISIONEIRO

Oise un toque de diana. O Prisioneiro desperta. Deixa o leito. Viste pixama a raias. Cálzase uns pantufos. Entra no carto de baño. A escea fica soa ate que cesa o toque de diana. Entra o Gardián.

E S C E A I I I

O GARDIÁN

Trae servicio de dexexún que pousa na mesa. Arranxa a celda, recollendo o leito, que se convirte nun diván. Mentras remexe, fala co Prisioneiro, que permanez invisible.

O GARDIÁN — Vaia. ¿Ergueito coma decote? ¡Home! Hoxe non é un día coma outro calquera. Permítame que, coma todos os anos, sexa este humilde gardián quen o felicite o primeiro. Feliz cumpreanos. Que un servidor teña ocasión de repetir moitas veces esta felicitación. ¡Cómo se afái un aos costumes estabelecidos! Hoxe non tería vostede que obedecer ao toque de diana. É seguro que o Oficial non me pediría contas se o deixaba no leito un chisquiño máis. Mesmo podería lle servir na cama o dexexún. Vostede ben o sabe. Endebén, está en pe, coma calquer outro día. Ben ollado, ten razón. Modificar os costumes, unha vez adquiridos, é un incordio. ¡Eu estóu tan afeito ao meu! Non trocaría o meu emprego por outro algún. Haberá quen o crea aburrido. Ben. Son o Gardián. Pero, ¿qué é ser o Gardián? Debo mantelo a vostede nos límites desta celda. ¡Pero se vostede non ten por qué sair dela! ¿Ónde podería estar mellor? Traballo, non ten ningún. A hora oportuna, o dexexún; á hora oportuna, o xantar; a cea, á hora oportuna. Nin ten que guisar, nin ten que fregar. Nin facer o leito nin barrer o chan. ¿Son gardián ou son servidor seu? Eu coido da súa alimentación e da súa saúde. O ascensor non funciona para vostede. É automáticamente refractario ao hóspede. Fiestra non a hai. Fica a porta que conduz ao despacho do Direitor. Pero ésta é refractaria a todo o mundo. Tería que lla abrir o proprio Direitor, desde dentro. Logo ¿qué teño eu de gardián? Son, ben ollado, o seu servidor. Represento ao tempo, en certo xeito. A hora de xantar, sírvolle o xantar; á hora de dormir, apago a luz. E non me podo afastar un punto do ordeado. Nin quero. Eu son o prisioneiro, eu; e vostede é o meu gardián. Vostede reténme aquí; vostede obrígame a cumprir puntualmente o meu cometido. Pero non me laio. ¿Qué sería de min se non tivera ben asinalado en

cada momento o meu facer? ¿Cómo se pode vivir sin saber qué facer, tendo que inventar o seu facer? Nin vostede nin eu temos responsabilidades. Todo nolo dan feito. Abonda con cumprir. Eu estóu contento, ceibe de faternas. Vostede debe estalo tamén. Abofé, está vostede mellor ca min. ¿Qué crase de prisioneiro é? Un prisioneiro que recibe visitas. E algunhas sonlle boas visitas. Que non é pouca visita a señorita Laura. Un prisioneiro que é visitado pola señorita Laura non é mal prisioneiro. En fin, xa latricamos dabondo. Algo hai que deixar para outro día. Xa ten arranxada a habitación. Repito: que pase un día feliz. *Vaise.*

E S C E A I V

O PRISIONEIRO

O Prisioneiro sai do carto de baño. Séntase á mesa e consome o seu dexexún mentras se verifican as conferencias telefónicas que se indican. Soa o timbre do teléfono. O Prisioneiro toma o auricular.

O PRISIONEIRO — Diga. Sí, mamái. Desde logo. Moitas gracias. Supoño que virán, coma sempre. Pero, ¿i el? ¿Por qué non o chamas ti? Eu xa o fago. Unhas veces está comunicando. Moitas. Se cadra ¿ten descolgado o aparato? Outras veces soa a chamada, pero ninguén o colle. ¿Viaxa moito? ¿Por qué tanto misterio? ¿É verdadeiramente o meu pai? Fálasme del coma se fora un soño teu, un soño medio esquecido. Ben. Tencioaréino. Ate logo.

Colga. Continúa o dexexún. Soa o timbre do teléfono.

Hola, Laura. Gracias. Craro que sí. Moi ben. Coma sempre. Non creo. ¿É que teño pai? ¿Por qué non me contesta? Non parez que se lembre de min. Pode ser. Sobre esto teño algo que che decir. Logo falaremos. Ate logo.

Colga. Continúa o dexexún. Soa o timbre do teléfono.

Hola. Ben. Craro está. Vinde todos. Moitas gracias. ¿Qué sei eu? Poidera ser. Ate logo.

Colga. Continúa o dexexún. Marca un número no teléfono. Oise a chamada repetidamente. O Prisioneiro colga. Remata o dexexún. O Gardián entra.

E S C E A V

O PRISIONEIRO, O GARDIÁN

O GARDIÁN — *Recolle o servicio de dexexún, a falar.*

E logo, home. Alégrese vostede. Non todos os días se cumpren anos. E, se me permite este consello, non se preocupe das

cousas da Direición. Eu creo que cando o Direitor queira comunicar con vostede, xa o chamará. Entramentres, é inútil marcar o seu número. ¿É realmente o seu número? Figura nas guías de teléfonos; pero, ¿quén pode asegurar que responda a calquer chamada? ¿E qué máis lle ten a vostede que responda ou non? Verdadeiramente, ¿qué lle podería decir o Direitor? Cando o ten aquí, é que desexa aquí telo. E ¿qué máis lle ten a vostede que se lle dé ou non unha espricación? Eu obedezo, segundo parez, ordes do Direitor ao gardalo e servilo a vostede. Pero non se me ocurre pedir acraracións nin espricacións. Temo que a miña tranquilidade se perturbara. Agora estóu tranquilo. Teño unha tarefa que cumprir. Cúmproa. É a felicidade. Non sei cándo se me encarregóu esta misión. E, ben ollado, ¿encarregóuma alguén? Eu tampouco vin nunca ao Direitor. Nin desexo velo. Para un home do pobo, coma min, non é avegosa a vista dos poderosos. Prefiro un intermediario, coma o Oficial, meu xefe inmediato. E nin xiquera necesito moito trato con éste. A miña obriga é pura rutina. E na rutina está a felicidade. Vostede podería ser feliz se non cavilase tanto. Xa sairá algún día desta celda, polo seu pe ou levado a hombros. Pois logo ¿para qué coidar no demáis? Vostede non é un preso ordinario. É fillo do Direitor, segundo se dí. Ea. Xa é honor dabondo. O Direitor dálle casa e mesa, leito e calefaición central. ¿Qué máis quer? Alegre ese rosto. Hoxe cumpre anos. Cicáis o señor Direitor lle envíe unha mensaxe. I en todo caso, ¿non lle parez a señorita Laura unha mensaxe axeitada? Hoxe virá ela, e os seus amigos. Adobiaréilles algo para beber. Alégrese, home. *Vaise.*

E S C E A V I

O PRISIONEIRO

O Prisioneiro marca un número no teléfono. Non contestan. Colga. Entra o Oficial.

E S C E A V I I

O PRISIONEIRO, O OFICIAL

O OFICIAL — Bos días. Aínda que non é corrente que visite aos prisioneiros, hoxe quero facer unha esceición polo feito de tratarse dun cumpreanos e polo feito de tratarse de vostede. Ao cabo, vostede é fillo do noso Direitor, e merez toda a consideración do Corpo. Reciba, pois, a miña felicitación máis sincera e respeitosa. Aproveito a ocasión para lle preguntar se ten algunha queixa do seu Gardián, ou se algunha das cir-

cunstancias da súa vida non se axeita, na súa opinión, aos regulamentos dictados pola Superioridade.

O PRISIONEIRO — Señor Oficial, quixera outer unha audiencia do Direitor.

O OFICIAL — ¿Para formular unha queixa? A comida ¿non é boa? A calefaición ¿insuficiente? O toque de diana ¿intempestivo? O Gardián ¿irrespeitoso?

O PRISIONEIRO — En nada deso reparo. Pero necesito falar co Direitor.

O OFICIAL — Se non ten vostede queixa algunha que formular, ¿para qué quer vostede falar co Direitor?

O PRISIONEIRO — Para comprobar que esiste un Direitor.

O OFICIAL — Meu querido hóspede, ¿non ouserva vostede a esistencia dunha direición?

O PRISIONEIRO — ¿Unha direición?

O OFICIAL — Efeitivamente, unha direición, unha ordeación, un sistema. As cousas non acontecen ao chou. Vostede está sometido a unhas obrigas. A súa liberdade ten uns límites. Hai un horario que rexe a súa vida. Logo hai unha direición.

O PRISIONEIRO — Pero ¿hai un direitor?

O OFICIAL — Meu querido hóspede, se hai unha direición, ¿cómo non vai haber un direitor? Un orde, un sistema, supón un ordeador. Unha concurrencia a un fin dos acontecimentos supón unha intelixencia que estabeleza esa finalidade. ¿Qué lle parez?

O PRISIONEIRO — Unha sinécdoque.

O OFICIAL — ¿Cómo?

O PRISIONEIRO — Un tránsito do abstracto ao concreto. I en todo caso, se é razonable a esistencia dun direitor, ¿por qué non é esperimentable?

O OFICIAL — Vostede esperiméntaa todos os días. Esa porta é o Direitor.

O PRISIONEIRO — Esa porta está sempre pechada.

O OFICIAL — Tras dela está o Direitor.

O PRISIONEIRO — Vostede ten as chaves da prisión. Déme a desa porta.

O OFICIAL — As chaves que eu poseo son puramente simbólicas. Atributos tradicionás do meu cárrego. Hoxe está todo automatizado. As chaves son puro ornamento. Se lle eu deixara a chave da Direición, vostede non a podería abrir. Se lle eu deixara a chave do ascensor, vostede non podería entrar nel.

O PRISIONEIRO — Necesito algunha comunicación co meu pai.

O OFICIAL — Ten vostede un teléfono.

O PRISIONEIRO — Endexamáis responde o número que lle asignan na guía.

O OFICIAL — Estará descansando o señor Direitor.

O PRISIONEIRO — A súa vida ¿é unha sesta continua?

O OFICIAL — Non podo eu lle trazar o horario de traballo.

O PRISIONEIRO — ¿Non ten o Direitor un minuto para ouvir ao dirixido?

O OFICIAL — Permítame que coa autorización que me outorga o meu interés por vostede, interés de sobra xustificado, ao que vostede ten perfeito dereito pola alta calidade da súa condición, pois vostede non é un hóspede calquera, lonxe deso, vostede é o máis calificado hóspede que para esta casa podería soñar, pois é vostede nada menos que o fillo do Direitor, o único fillo do Direitor, o herdeiro do Direitor; permítame, digo, que coa autorización que me outorga o meu interés por vostede, lle suprique que abandone unha preocupación que me parez, dunha banda, frívola, de outra banda, perigosa. Meu querido hóspede: o señor Direitor rexe coa súa prudencia o destino do seu fillo. Aquí non se move unha folla de papel se non é pola vontade do Direitor. Abandónese vostede ás súas sabias providencias. Nada mellor lle poderá ocurrir do que lle ocurre. Hai que deixar facer ás intelixentes previsións do Direitor. Hai que deixar pasar os acontecimentos, regulados pola prudencia do Direitor. As cousas marchan por sí mesmas. Vive vostede no mellor dos mundos posibles. Só anda acorado por un estado de arela francamente neurótico, se me autoriza para me espresar así. Vostede non ten que pensar nada. ¡Lonxe de nós a funesta manía de pensar! Ten vostede resoltos todos os problemas: a súa alimentación é abondante e sana, ricaz en grasas, proteínas e hidratos de carbono, e ten asegurada a continuidade da mesma polos regulamentos da Casa; posee vostede unha vivenda que en todos os aspectos se axusta ás razonables esixencias da inspección sanitaria; recibe vostede, sen máis limitacións que as esixidas pola súa propria conveniencia, as visitas da señorita Laura. En fin, desde o punto de vista económico, no máis amplio sentido da verba, bromatolóxico, loxístico i erótico, a Casa satisfái todas as súas necesidades, de acordo coas máis apuradas normas de xusticia social. Non creo que negue vostede ao señor Direitor o carácter benfeitor máis nidio. ¿E cómo non ía ser así tratándose do seu señor pai? Vostede mesmo o recoñece así coa súa praxis de integración no sistema. Nunca se ten decrarado en folga de fame; nunca se ten pechado no carto de baño; nunca ten practicado a resistencia pasiva, nin deitado nin sentado. Endexamáis ten recibido ao Gardián con pancartas de protesta. Nin xiquera se ten deixado medrar a barba en sinal de repudio das normas estabelecidas. Se tivera algunha reivindicación social que formular, comprenderíase a súa preocupación. Pero non sendo así, esta preocupación é frívola. Se houbera unha causa efeitiva, se algún ben ouxetivo lle

fora negado, se o xantar non fora equilibrado, se a celda non dispuxera de ar acondicionado, se a señorita Laura fose fea, comprenderíase a súa mágoa; pero non sendo así, debe vostede coutar unha ansiedade inoportuna, unha saudade sin fundamento que perigosamente o inclina, é mester indicalo, á insania mental.

O PRISIONEIRO — Tras desa porta, di vostede, séntase un Direitor. ¿É insano querer velo?

O OFICIAL — ¡Qué galimatías! Dunha parte, a saudade, arela sen ouxeto, narcisismo espiritual, aberración metafísica; de outra, unha gnoseoloxía cativa, apreixada ao dado esperimental, groseiro sensualismo. Sinto ter que o deixar. O ascensor. A súa señora nai. *Entra a Nai.*

E S C E A V I I I

O PRISIONEIRO, O OFICIAL, A NAI

O OFICIAL — Miña señora. Cumprido o grato deber de felicitar ao seu señor fillo co gallo da data de hoxe, póñome aos pes da señora e déixoa entregada á conversa familiar. *Vaise.*

E S C E A I X

O PRISIONEIRO, A NAI

A NAI — Felicidades, fillo. *Bícao.*

O PRISIONEIRO — Gracias, miña nai.

A NAI — ¿Cómo estás? Hai tempo que te non vía. Estás pálido. Tes aquí ar acondicionado. Pero fáltache o ar ceibe. ¡Meu fillo! Ten paciencia. Se cadra, hoxe, o teu pai... Como quera que sexa, non estés triste. Ai, quixera vir todos os días. Pero, xa ves, vivo tan lonxe... Hai tanto que facer no mundo... Ai, se hoxe fora o derradeiro día... Meu fillo, esquezamos un intre as nosas mágoas. Estamos xuntos. Non dispoño de moito tempo. Pero virá Laura. Virán os teus amigos.

O PRISIONEIRO — Miña nai, ¿por qué estóu aquí?

A NAI — Meu fillo, non é mao estar aquí. Tes asegurado o xantar, tes asegurado o leito. Estás protexido. Tes ar acondicionado. Afora chove, neva, fai frío. Os coches atropelan á xente. E se vas en coche, os peatóns déitanse diante das rodas. E non hai onde aparcar. Logo, a xente é cada vez peor criada. Non atopas un fontaneiro se tes unha avaría na auga... E non digamos nada do servicio doméstico. Meu fillo, se estás aquí é porque el o quer. El sabe o que fai. El sabe o que che convén. Eu ben quixera te ver ceibe, e non sei por qué estás aquí; pero el é moi intelixente, todo o mundo o sabe, i es o seu fillo e quérete, e todo será para o teu ben...

O PRISIONEIRO — Miña nai, o meu pai ¿é verdadeiramente o Direitor? ¿Hai verdadeiramente un direitor? ¿Hai verdadeiramente un pai?

A NAI — Meu neno querido, non acores. Son a túa nai. Hai verdadeiramente unha nai. Tes verdadeiramente unha nai. Unha nai é todo. Un pai... ¿qué é un pai? Craro que hai un pai...; pero ¿qué é propriamente un pai? Ti es o meu fillo, eu son a túa nai. Descansa en min, acouga, non penses noutra cousa. Meu fillo, estóu contigo, tes o meu agarimo. ¿Non che abonda?

O PRISIONEIRO — Miña nai, ¿é que non teño un pai? Olla esa porta. Din que está tras ela. Olla esa guía de teléfonos: hai un número que lle corresponde. Golpeo a porta, i endexamáis se abre. Marco o número, i endexamáis contesta. Estóu aquí, confinado. Visítanme persoas. Non sei se son sombras. Unha muller engaiólame. Ás veces seméllame a súa boca unha froita de lume. Logo, unha froita de cinza. Todo, segundo me din, é ousequio do meu pai. O xantar, o beber, a calefaición, a ducha, a muller, os amigos, a nai. Todas son mensaxes del. Pero el non aparez nunca. E se el non esiste, non esisto eu. Sin ti, sin Laura, sin teito e sin pan podería vivir ou morrer se soupera quén son. Sin el non podo vivir nin morrer, non podo ser, porque non se é se non se ten un pai; e se non se sabe quén é o seu pai, non se sabe quén é un. Porriba de todo necesito coñecer ao meu pai. Dime ti quén é, por qué non abre esa porta, por qué non responde á miña chamada.

A NAI — Cala, fillo, acouga. Xa verás ao teu pai.

O PRISIONEIRO — ¿Qué pai é éste que se oculta así? ¿Por qué xoga conmigo ao tulé? Abonda de agarda, e de misterio. Ti, miña nai, ábreme esa porta. Chámao por teléfono. Ti terás a chave, coñecerás o sinal.

A NAI — Filliño, non acores. Tesme a min. Tes a Laura. Tes aos teus amigos...

O PRISIONEIRO — Sí, téñote a ti, teño a Laura, teño aos meus amigos, e auga quente, e ar acondicionado, e pan, e viño, e aceite, e sal... Pero se non teño pai, non me teño a min; e se non me teño a min, ¿de qué me serve o sal, e o aceite, e o viño, e o pan, e o quentor, e a auga, e os homes, e as mulleres, e ti mesma? Nai, ¿quén é o meu pai? ¿Cómo é o meu pai? ¿Por qué é o meu pai? Nai, ¿qué sabes ti del? ¿Por qué calas? ¿É que tampouco o coñeces? ¿É que non sabes quén é o meu pai? ¿É que non ten rosto? ¿É que me enxendróu antre as tebras? ¿Por qué me aborrez? ¿Por qué me castiga? ¿Castígate a ti en min? ¿É un pecado teu o que purgo eu?

A NAI — Meu fillo, non acores, non me abures. Se eu poidera traguerche ao teu pai, traguerìacho. Se aparecera el desparecendo eu, eu desparecería. Non me atormentes. Ou atorméntame, se queres. Pero eu non podo che amosar ao teu pai.

Eu ¿crees que o vexo? Máis perto estás ti del, que está tras desa porta. Aínda que non o vexas, está aquí, vive aquí. Nesta prisión el vive, e fora eu ando á toa, pobre muller sin home, coma nai solteira, ou amante esquecida. Fillo de moitas bágoas, non podo mercar coas miñas bágoas a presencia dun pai para ti.

O PRISIONEIRO — Non hai fillo sin pai; non hai entrañas de muller que froitifiquen se non as fecunda varón. Aínda que unha soa vez viras ao meu pai, saberás distinguilo antre os homes. Non che pido o seu rosto: abóndame a súa voz. Tes que coñecer o seu nome, ou xiquera o número do seu teléfono. Chámao, nai.

A NAI — ¿Cántas veces o chamaches ti? ¿Por qué vai contestar á miña chamada?

O PRISIONEIRO — ¿Por qué non? Es a miña nai. Sé a miña intercesora.

A Nai marca un número no teléfono. Pausa. Colga.

A NAI — Está comunicando.

O PRISIONEIRO — Volve a marcar.

A Nai marca un número no teléfono. Pausa. Colga.

A NAI — Non contesta. *Entra Laura.*

E S C E A X

O PRISIONEIRO, A NAI, LAURA

LAURA — ¡Que sexa embora!

Vai ao Prisioneiro e bícao. Logo bica á Nai.

A NAI — Laura, alégrome de te ver. Déixote con Laura, fillo. Laura: ves chovida do ceo. Escorréntalle esas brétemas que o anubían. Fillo, adéus. *Vaise.*

E S C E A X I

O PRISIONEIRO, LAURA

LAURA — ¿De qué brétemas fala a túa nai? ¿Non estás contento? Agora virán os amigos a te felicitar.

O PRISIONEIRO — Laura, faltaráme a felicitación do meu pai.

LAURA — Meu pequeno amor, abonda xa de coidar no teu pai. Hoxe cumpres trinta anos. Es xa todo un home. ¿Para qué che fai falla un pai? Os pais están ben para os nenos. Cando somos homes e mulleres ¿para qué queremos pais? Olla os pitos. Van tras a galiña de cativos. Pero os galos arránxanse sin a nai. E verbo do pai ¿quén sabe cál é o pai dun galo? O teu pai é o Direitor. Fornéceche todo o que necesitas.

¿Qué máis queres? ¿Crees que un pai pode ser un amigo? Estás moi trabucado. Nunca un pai comprendéu a un fillo. No mellor dos casos, os pais son unha interquinencia. Eu estóu do meu pai deica o curutiño. Se me gustaba a Universidade, era porque me liberaba del. Ti tes trinta anos, eu vintedóus: ¿qué falla nos fai o teu pai? O teu pai é o colmo da discreción, é o pai ideal. Paga os teus gastos e non nos amouca coa súa presencia. ¡Admirable pai, mentras non se faga presente! Anda, somos Adán i Eva no Paraíso, sin pai nin nai nin medo á serpente. ¡Todos os froitos da vida ao noso dispor!

Abrázao. San do ascensor os tres Amigos e as tres Amigas, que se poñen a aplaudir.

E S C E A X I I

O PRISIONEIRO, LAURA, OS AMIGOS, AS AMIGAS

AMIGOS e AMIGAS — *A coro.*

Viva, viva, viva.
Viva Adán con Eva.
Sexa un feliz día
para esta parella.

As Amigas bican ao Prisioneiro.

AMIGA PRIMEIRA — Felicidades.

AMIGA SEGUNDA — Moitas felicidades.

AMIGA TERCEIRA — Moitísimas felicidades.

Os Amigos abrazan ao Prisioneiro.

AMIGO PRIMEIRO — Moitísimas felicidades.

AMIGO SEGUNDO — Moitas felicidades.

AMIGO TERCEIRO — Felicidades.

AMIGA PRIMEIRA — ¡Trinta anos!

AMIGA SEGUNDA — ¡Trinta veces trinta anos!

AMIGA TERCEIRA — ¡Trinta veces trinta veces trinta anos!

AMIGO PRIMEIRO — ¡A edade de Cristo!

AMIGO SEGUNDO — ¡A edade de Dante!

AMIGO TERCEIRO — ¡A edade de Aleixandre!

AMIGA PRIMEIRA — ¡Trinta Lauras!

AMIGA SEGUNDA — ¡Trinta veces trinta Lauras!

AMIGA TERCEIRA — ¡Trinta veces trinta veces trinta Lauras!

LAURA — *Fostregando ás Amigas co seu cinguidoiro.*

¡Non, non, non! ¡Canallas, canallas, canallas! ¡Unha soa Laura! ¡Unha soa Laura! ¡Unha soa Laura!

AMIGO PRIMEIRO — ¡A Laura do Petrarca!

AMIGO SEGUNDO — ¡A Laura de Daniel!

AMIGO TERCEIRO — ¡A Laura cerásea!

LAURA — *Fostregando aos Amigos co seu cinguidoiro.*

¡Non, non, non! ¡Canallas, canallas, canallas! ¡Esta soa Laura! ¡Esta soa Laura! ¡Esta soa Laura!

As Amigas danzan en corro, de mans dadas, ao redor do Prisioneiro; e os Amigos o mesmo ao redor de Laura.

AS AMIGAS — Cumpreanos feliz;
cumpreanos feliz;
sexa un día ditoso
para ti e para min.

OS AMIGOS — Feliz día a Adán
cunha Eva cal ti;
sexa un día ditoso
para ti e para min.

Amigos e Amigas forman un só corro arredor do Prisioneiro e Laura.

AS AMIGAS e OS AMIGOS — Este home é un bo compañeiro,
que hoxe celebra a súa festa;
este home é un bo compañeiro,
compañeira debe ter.
Este home é un bo compañeiro,
que hoxe celebra a súa festa;
este home é un bo compañeiro,
Laura terá por muller.

Entra o Gardián.

E S C E A X I I I

O PRISIONEIRO, LAURA, OS AMIGOS, AS AMIGAS, O GARDIÁN

O GARDIÁN — *Trae bebidas e vasos que coloca na mesa.* ¡Arde o eixo, donas e cabaleiros! Haxa ledicia, haxa bo humor. Aquí arrecada este Argos algúns dons de Dionisos para celebrar a feliz coxuntura.

AMIGA PRIMEIRA — ¡Estupendo!
AMIGA SEGUNDA — ¡Formidable!
AMIGA TERCEIRA — ¡Sensacional!
AS TRES — ¡Moi bo!
AMIGO PRIMEIRO — ¡Oportuno!
AMIGO SEGUNDO — ¡Armónico!
AMIGO TERCEIRO — ¡Político!
OS TRES — ¡Coxuntural!
AS AMIGAS — ¡Viva Argos!
OS AMIGOS — ¡Viva Dionisos!

Os Amigos pasean en hombros ao Gardián, mentras as Amigas os seguen, berrando.

AS AMIGAS — ¡Argos! ¡Argos! ¡Argos! ¡Vivan as cadeas!

Os Amigos depositan ao Gardián no ascensor.

E S C E A X I V

O PRISIONEIRO, LAURA, OS AMIGOS, AS AMIGAS

Beben todos, cantando, rindo e latricando.

AMIGO PRIMEIRO — *Bebiam, bebiam... A beber, a beber, a apurar... Brindo por quien, señores, la victoria...* Laura, os teus brazos, para min cadeas... *Et in vino veritas, Flaccus dixit quiddam...*

AMIGA PRIMEIRA — ¡Ai, qué prisión! ¡Ai, qué prisioneiro! ¡Ai, que quixera ficar, meu amigo, e ser o teu carceleiro!

AMIGA SEGUNDA — ¡Vaia! ¡Qué lercha! De ser eso posible, correspondíame a min. Laura ben sabe que son a súa mellor amiga. Desde a máis tenra infancia partillámolo todo. E nas Teresianas éramos compañeiras de habitación.

AMIGA TERCEIRA — A verdade é que unha non ten na súa casa ar acondicionado. E a cama-diván é unha preciosidade. ¡Co sono que me dá a min o coñac!

LAURA — ¡Pois semella que máis ben te espile!

AMIGO SEGUNDO — A cara de algunha di: esto está que arde.

AMIGO TERCEIRO — Quererás decir que as meixelas das donicelas, orballadas polo deus vitivinícola e aquecidas polo trafego da musa da danza, semellan as mazáns do Paraíso.

AMIGO PRIMEIRO — Pero non son un froito proibido. É unha diferencia importante. Ningún anxo con espada de fogo nos porá na rúa se as anozcamos.

AMIGA PRIMEIRA — Abofé que sempre me parecéu un esceso de rigor desafiuzar a uns arrendatarios pola utilización duns bens accesorios.

AMIGA SEGUNDA — ¡Canté! Naqueles tempos o poder paternal era absoluto. Hoxe os pais son elexidos por sufraxio universal: a soberanía reside no pobo.

AMIGO SEGUNDO — Aínda non se tiña realizado a emancipación das mozas. Éstas non eran ceibes, coma vós. Eva estaba alleada.

AMIGA TERCEIRA — Alleada por Adán. Pai ou marido, o home era un tirano para a muller. Ate que nos liberóu a técnica.

AMIGO TERCEIRO — ¡Viva a técnica!

AMIGO PRIMEIRO — ¡Viva Eva ceibe!

AMIGA PRIMEIRA — ¡Viva Adán asoballado!

AMIGA SEGUNDA — *¡Vive la femme revoltée!*

AMIGA TERCEIRA — ¡Viva Prometeo encadeado!

AMIGO SEGUNDO — ¡Viva Himeneo liberado!

Ao redor do Prisioneiro e Laura forman os demáis un corro que xira, de mans dadas.

AMIGOS e AMIGAS — Un ano máis comprido está.
O Prisioneiro feliz será.
Antre os seus brazos dormirá.
Ningún soño o despertará.
A roda, a roda que non ten fin.
Ésta é a noiva que escollín.
Quéroa i ela quéreme a min.
Na noite pecha a luz perdín.

Sin soltarse das mans, desfán a roda e forman unha ringleira que vai desparecendo no ascensor.

E S C E A X V

O PRISIONEIRO, LAURA

Fican un a cada banda da mesa, de cara ao púbrico, a monologar asemade.

LAURA — O meu colo ten o quentor dun niño. Durme á sombra dos meus cabelos froridos. Acouga a túa cabeza sobre as miñas coxas brancas. Pecha os ollos e consómete no lume da miña chama.

O PRISIONEIRO — ¿Durmes? Cicáis hoxe che sexa pedida a túa alma. Pequena alma errante e magoada, meniña chorosa que atravesa a noite cos lobos á espreita. ¿Levas o caristel co pan e o viño para o camiño?

Avantan un cara o outro e comeza o diálogo.

LAURA — Ao fin ficamos sos.

O PRISIONEIRO — Ao fin ficamos sos.

LAURA — Por teléfono dixéchesme que tiñas algo que me decir. ¿Era sobre o teu pai? ¿Qué nos importa o teu pai? Xa che dixen que son feliz así, que somos felices así. ¿Non es ti feliz?

O PRISIONEIRO — Esta noite soñéi.

LAURA — ¿Conmigo?

O PRISIONEIRO — Non.

LAURA — ¿Co teu pai?

O PRISIONEIRO — Non.

LAURA — ¿Con outra muller? Non che consinto que soñes con outra muller.

O PRISIONEIRO — Non era unha muller. Máis ben unha nena.

LAURA — ¡Eso! ¡Qué desvergoñado! ¡E aínda tes callo para o decir!

O PRISIONEIRO — Eu dormía nesa cama. Ela entróu e achegóuse a min.

LAURA — Achegóuse ¿cánto?

O PRISIONEIRO — Como a dous pasos do leito.

LAURA — ¿E ti?

O PRISIONEIRO — Eu dormía. Soñaba que dormía. Permanecín estantío, pero ouvíaa e víaa ben.

LAURA — Logo falóu... ¿Qué dixo?

O PRISIONEIRO — Dixo: "¿Durmes? Cicáis hoxe che sexa pedida a túa alma. Pequena alma errante e magoada, meniña chorosa que atravesa a noite cos lobos á espreita. ¿Levas o caristel co pan e o viño para o camiño?".

LAURA — ¿E qué máis?

O PRISIONEIRO — Máis nada. Foise. Sonóu a diana i eu acordéi.

LAURA — ¡Boh! É un soño dabondo desenxabido. Non me interesa. Semella o conto de Carapucha Bermella. Unha lembranza infantil.

O PRISIONEIRO — Cando falamos por teléfono, preguntáchesme se tivera noticias do meu pai.

LAURA — Sí, craro; como é o teu cumpreanos, podía te ter telefoneado, ou qué sei eu... Preguntéicho por amabilidade, xa que sabía que o desexabas... Pero ¿qué importa eso? ¿Qué che importa o teu pai? Tesme a min enteira. ¿Non che gusto? ¿Non me atopas fremosa? O meu colo ten o quentor dun niño. Durme á sombra dos meus cabelos froridos. Acouga a túa cabeza sobre as miñas coxas brancas. Pecha os ollos e consómete no lume da miña chama.

O PRISIONEIRO — ¿Ámasme de verdade?

LAURA — Pois ¿non me din enteira a ti?

O PRISIONEIRO — Daquela, axúdame.

LAURA — ¿A qué?

O PRISIONEIRO — A atopar ao meu pai.

LAURA — En realidade, sempre foi moi difícil identificar aos pais. Esisten as probas de sangue, pero non son concluintes. Hai que se ater á decraración da nai, aínda que se ésta é contestada, perde todo o seu valor. Hai que modificar as estructuras familiares. A maioría dos pais son meramente putativos, presuntivos. A paternidade é unha *praesumptio iuris*, que admite proba en contrario. Ésta é a doutrina hoxe corrente na Faculdade. Non esquezas que son universitaria. Denantes, as rapazas de boa posición económica estudaban no Conservatorio ou na Escola de Artes para aprender a cantar e bailar. Hoxe matricúlanse na Faculdade co mesmo fin. A figura xurídica do pai tende a desparecer. A súa función tutelar pode ser asumida polo Estado, a base dun fondo constituido por un imposto *per capita* que gravase a todos os varóns en activo.

O PRISIONEIRO — Seméllame que ti, na Faculdade, aprendiches algo máis que cantar e bailar.

LAURA — É que fixen a tesiña sobre a función da paternidade na sociedade de consumo. Era dabondo mala, agás nas partes que me fixo o proprio direitor. Pero déronme notable. As tesiñas malas outiñan esa nota con seguridade. Se eran boas, podían outer notable ou sobresaliente. De todos xeitos, non creas. A miña pedantería é completamente superficial. Un enlevo máis, de requintada e decadente gracia, para o meu poder de seducción sensual. ¿Non o pensas así?

Colle coas dúas mans a cabeza do prisioneiro. Éste retíralle as mans coas súas proprias, e manténllas collidas.

O PRISIONEIRO — ¿Quéresme axudar?

LAURA — Son a túa escrava. *Ubi tu Caius, ego Caia.*

O PRISIONEIRO — Vas chamar ao meu pai.

LAURA — ¿Por teléfono? ¿Non dis que non contesta?

O PRISIONEIRO — Imos chamar á porta. Os dous xuntos. O meu pai é o teu pai.

LAURA — ¿Non tes chamado á porta moitas veces?

O PRISIONEIRO — Só. Agora contigo.

LAURA — *Soltando as súas mans das do Prisioneiro.* Ben. ¿Qué hai que facer? ¿Petar?

O PRISIONEIRO — Petarás canda min, e repetirás as miñas verbas.

LAURA — *All rigth.*

O Prisioneiro conduz a Laura perante a porta da Direición.

O PRISIONEIRO — Meu pai...

LAURA — Meu sogro...

O PRISIONEIRO — Non o tomes a bouba.

LAURA — Non o tomo a bouba. O teu pai será o meu sogro, ¿non?

O PRISIONEIRO — Non. O meu pai é o teu pai.

LAURA — Eu preferiría chamalo polo seu nome de pía.

O PRISIONEIRO — ¿Quéresme axudar ou non?

LAURA — Quero.

O PRISIONEIRO — Meu pai...

LAURA — Meu pai...

O PRISIONEIRO — Oi aos teus fillos, home e muller...

LAURA — Oi aos teus fillos, home e muller...

O PRISIONEIRO — Que chaman á túa porta...

LAURA — Que chaman á túa porta...

O PRISIONEIRO — Irmáns viaxeiros nunha noite de tebras...

LAURA — Irmáns viaxeiros nunha noite de tebras...

O PRISIONEIRO — Para que os agarimes coa chama do teu fogar.

LAURA — Para que os agarimes coa chama do teu fogar.

O Prisioneiro peta á porta. Laura imítao. Pausa.

O PRISIONEIRO — Meu pai...

LAURA — Meu pai...

O PRISIONEIRO — Sumisamente cho pedimos...

LAURA — Sumisamente cho pedimos...

O PRISIONEIRO — Déixanos ver o teu rosto...

LAURA — Déixanos ver o teu rosto...

O PRISIONEIRO — Para que no noso corazón se faga a luz.

LAURA — Para que no noso corazón se faga a luz.

O Prisioneiro peta á porta. Laura imítao. Pausa.

O PRISIONEIRO — O noso rogo foi desatendido.

LAURA — ¿Cómo un Direitor vai abrir unha porta porque peten a ela? I esa salmodia que recitabamos é seguro que non a ouvíu. Deberías pedir unha audiencia ao traveso do Oficial.

O PRISIONEIRO — Xa o fixen.

LAURA — Pide á túa nai que interveña.

O PRISIONEIRO — Xa llo pedín.

LAURA — ¿E nada?

O PRISIONEIRO — E nada.

LAURA — Logo, nada hai tras desa porta. É inútil chamar.

O PRISIONEIRO — Hai un número de teléfono. Se o marco, non responde. Pero en calquer momento o meu pai pode marcar o meu número. Hoxe é un día asinalado. Debo permanecer á espreita.

Soa o teléfono. O Prisioneiro corre a el e cólleo.

Diga. *Pausa.*

É para ti.

LAURA — *Ponse ao teléfono.*

Aquí Laura. Ah, moitas gracias. ¿Cómo se enteiróu de que estaba aquí? Amabilísima. Craro que sí. Moi agradecida. ¡De ningún xeito! Vou voando. Teño o coche á porta. Axiña estóu aí.

Colga o teléfono.

¡Válame Deus! Esquecérame que tiña que probar un conxunto de casaca e pantalón negro con adornos de estrás para cóctel de grande moda. A modista dérame esta hora. Menos mal que, como son boa siareira, chamóu a casa e localizóume aquí. Foi un rasgo de amabilidade estraordinaria. Co solicitada que está. ¡Que por menos de nada négase a traballar para unha, e unha fica espida por toda a temporada! Voume, queridiño. A próba non será moi longa. Coido que dentro de tres horas poderéi estar aquí. Se non, ate que volva. Un bico.

Bica ao Prisioneiro e vaise a correr.

E S C E A X V I

O PRISIONEIRO

O Prisioneiro fica só. Arrechégase á mesa e bebe unha copa. Entra o Gardián.

E S C E A X V I I

O PRISIONEIRO, O GARDIÁN

O GARDIÁN — *Comeza a recoller o servicio e a limpar a mesa. Fala namentres.*

¿Vai beber máis?

O PRISIONEIRO — Non, bebín demasiado. Doime a cabeza.

O GARDIÁN — É difícil non beber demasiado nun día coma éste, e con amigos coma os seus. ¡Xente leda! ¡Qué bo humor tiñan! Tamén eu bebín dabondo na miña mocedade. Hoxe non podo. Teño unha colecistopatía larvada que me obriga a ser prudente. Se non, a enxaqueca, o engullo... ¿Desexa algo o señor?

O PRISIONEIRO — Quero deitarme un pouco. A calquera que veña, non o deixe rubir. Dígalle que estóu descansando e non quero visitas.

O GARDIÁN — Ben lle virá un soniño. ¿Adobíolle o leito?

O PRISIONEIRO — Abóndame o diván. *Vaise.*

O GARDIÁN — Como queira. *Vaise.*

E S C E A X V I I I

O PRISIONEIRO, logo A NENA

O Prisioneiro permanez inmóvil, sentado á mesa, un certo tempo. Entra a Nena. Trae unha bandexa cun vaso.

O PRISIONEIRO — *Con sorpresa.*

¿Quén?

A NENA — Somente eu, señor.

O PRISIONEIRO — Pero ¿quén es ti?

A NENA — ¿Non me lembra? Son a filla do Gardián.

O PRISIONEIRO — ¿A filla do Gardián?

A NENA — Sí, xa lle teño servido outras veces. Agora tome esto. Sentiráse mellor.

O PRISIONEIRO — Non quero beber máis. Bebín demasiado.

A NENA — Esto faráile ben. É preciso que o tome.

O PRISIONEIRO — Preciso ¿por qué?

A NENA — Vostede está canso, alporizado, magoado. Esta bebida escorrentará o seu mal.

O Prisioneiro apura o vaso. Cae debruzado sobre a mesa.

¿Durmes? Cicáis hoxe che sexa pedida a túa alma. Pequena alma errante e magoada, meniña chorosa que atravesa a noite cos lobos á espreita. ¿Levas o caristel co pan e o viño para o camiño?

Vaise. Soa o teléfono. O Prisioneiro acorda.

E S C E A X I X

O PRISIONEIRO

O PRISIONEIRO — *Ao teléfono.*

¿Quén chama? *Pausa.*

¿Quén chama? *Pausa.*

¿Quén chama?

Deixa o teléfono, que continúa a chamar. Érguese e vai á porta da Direición, que golpea desesperadamente con ambos puños.

Pai, ¿es ti? *Pausa.*

Pai, ¿es ti? *Pausa.*

Pai, ¿es ti?

Cae morto. Lentamente, mentres o Prisioneiro xaz tendido no chan, a porta vaise abrindo, ate ficar aberta de todo. Tras dela, a máis absoluta escuridade. A modiño, vai caíndo o pano.

R. CARBALLO CALERO
Santiago

POEMAS A ALBERTIÑO

I

Tí viñeches
polas roitas do mar.
Os teus irmáns agardaban no porto
e perguntaban aos mariñeiros
si tí xa viñeras no seu barco.
Os teus irmáns eran moi meigosiños.
Tiñan a gravedade inxel do neno que non minte
e xamáis lle mintiron
pero síntese forte co seu maxín ergueito.
Crían en mín, seu pai, i en outras moitas cousas
verdadeiras pra eles.
Tí un día, ao fin, viñeches,.
Viñeches polos vieiros do mar e máis das luces
e da sorrisa da túa nai, doce porta de vida.
E trouxeches xoguetes,
o teu acougo inquedo, o teu lizgairo corpo
que viraba no ritmo xa dende pequeniño.
E un aquel de plenitú aos teus irmáns,
cáseque un pouco pais dende daquela,
os que sempre relembran que viñeches
polas roitas do mar, da luz e da sorrisa.

II

Ás veces —é gracioso— eu xogo a ser teu pai
e hastra póñome serio
—tamén hai outros nenos que maxinan ser grandes—
pero tí ben comprendes, é somentes un xogo.
As únicas verdades son ollar a tortuga
tan extraña,
o caracol chusqueiro que nos amosa os cornos,
rubir pola maceira, taniscar no seu froito,
gavear polo cereixo
i escoitar aos merlos, despóis que chove abondo,
na cantante camelia
ou enxergar as barcas esbarantes na ría.
¡Qué xogos verdadeiros!
E non os aballoados do camiñar opaco,

o latexar dos anceiados vermes,
o medo de homes-ratos con cheiro a podredume,
ou a cruel insistencia de alicates
e sombras enloitadas de tambores
que arríncanos a ialma.
E non quero falarche desas cousas lonxanas
que angúrianme e asoláganme cando non son un neno.
Voltemos a nós mesmos, Albertiño, xoguemos.

III

Vértese a ialma
como auga de acuario entre cristaes desfeitos
(No acuario da miña casa había
verdes algas, holouturias, anémonas :
rexias, dun amarelo forte que nin soupo Van Gogh,
rubís o corinactes,
belis, gemaceas, dalias,
bunodes e sagarceas.
O feiticeiro nado do camarón brinquelo,
o sinuoso perfil dos hipocampos...
E todo foi no chan auguiña soio).
O teu pai
de sempre foi un home feble
que ás veces ten a obriga de berrar.
É témero o de ter que berrar moitas veces ao día
ca boca e máis ca pruma e aínda ca ialma,
cando se é un amantiño da paz e do silencio.
E berra. Zoñuda, teimosa, foscamente.
Porque temos ao redor olladas tristes,
porque ténnos mergullados nas mordazas,
porque estamos xunguidos como gando,
porque teñen que fuxir os irmáns nosos
a terras nas que son uns cans alleos,
porque ninguén atende aos nosos berros.
O teu pai non quixera.
Face mentes en benzoar horas e libros,
tenciona poder ser humán benignamente
no seu ser, no seu verso;
quixera verte home
i esquencer as palabras
ateigadas de espiñas.

Hoxe é cando cho digo. Estóu un aquel triste
xa que tí es abondo moitismo máis pousado
do que poideron supoñer teus sete anos.
I emporiso tiven que berrarche fai un pouco.
E tí sorrís agora sin lembrarte.
Pero en mín inda soa o refrexo do grito.

IV

A mañán é un azul espello
no que raiolas bailan
nas froles das escumas
e algunha pomba eterna entre da bris molígase.
Quero xogar contigo
a ver choutar a tápea as volvoretas brancas
e a ser neno
esquencido da cotián espiña
e aspirar lene sombra das roseiras.
Estamos solagados nos recendentes verdes
e azús dos campos e da ría
e na vizosa felicidá irisada de rir.
Neste noso eido louro dos instantes de festa
non caben nin dragóns nin malas fadas.
A rolar a pelota. Tí, lixeiro, a persigues.
E unha nube pasa, branca,
e o intre é aínda máis azul.
Aquí, rente o cereixo e das camelias
no quedo acougo da pendente donda
que flúe cara a ría e o futuro.
Andamos a soñar a vida como froito
e negamos os vermes que encerra toda hora
e que sentimos dentro mordéndonos o ser.
Pero tí agora xoga, xa ves que eu xogo agora
tamén a ser feliz.

V

Tí tés agora sete anos.
E de súpeto creces, ábrese a túa ollada,
polo río das horas vai boiando o teu corpo
póusase nunha praia e surxe un home.
O ser feliz consiste no ver a frol pequena
—que é un pouco hastra o ser noso—
o seu color, seu nome —que cicáis iñoramos—,
na copia verde do fieito entre das augas
ou máis ben na túa risa de xardín tremolante.

VI

E xa tés quince anos. Corres máis, e fatígome,
atópasme, en silencio, un zoupón compañeiro
nos teus lizgairos xogos.
Mamai ten unha caña no cabelo fermoso.
Ou cicáis...
Eu encóntrome canso como froito maduro
e teño unha tristura sin orixe.
Ou cicáis...
Pero agora corramos,
agora que son neno e que xogo contigo.

VII

Ría, camelia, merlo, acougo, hortensia, verso,
recendo de maceira,
a cantiga da chuvia na ramalla de acacia
tremelucente ao sol. A sombra da figueira
de froito aberto en meles.
Denantes que todo ésto seia palabra soio,
palabra na que latexen as lembranzas,
denantes que eu me vaia por incerto camiño
e, irremediablemente, seias un home
con un pouco de sombra xa na frente,
xoguemos.

VIII

Albertiño, Alberte, don Alberte...
"Eu conoscín seu pai. I era moi serio..."
E daquela quixera
que me viras sorrir.
Corro agora contigo e xogaremos
a ver como as escumas irisan nos roquedos
e na praia acougada
canta o color dourado, os refrexos do nacre
e uns pasos espidos e felices.
Xiran, xiran as horas, fuso da nosa vida.
E foi o pisar propio o que deixóu o calco.
E tantas son as veces que non é permitido,
que escollamos o mármore da íntima cibdá.
Para, non corras tanto, non corras Albertiño,
voume quedando lonxe, non corras, Albertiño,
agarda un pouco ao tempo.

Alberte, xa és un home,
os teus fillos xogan, crecen e van deixando o niño
no que os teus soños xacen. Eu non xogo. Son soño.
Os intres sucesivos abrítanse no aire.
volto a agora. Sorrío.

M. GONZÁLEZ GARCÉS
A Coruña

UN TEXTO GALEGO ESQUENCIDO, DE XOHAN ROF CARBALLO

O día 1.º de marzo do 1927 saía en Compostela o número ún dunha revista quincenal ilustrada que, ao pouco de nacer, morría. Chamábase "Terra". E Xaime Vilas Cageao, o seu fundador-propietario. O enderezo tíñao na Rúa Nova, 13.

Facía mentes a revista de se convertir nun cruce de camiños, no que incidiran as angueiras da nosa terra, e nun estrado ben ergueito pra emplazaren nel a problemática e os aqueceres do tempo que ofreceran "perspectivas complementarias".

Pois ben; por un deses camiños botábase a andar un universitario, Xohán Rof Carballo, mozo lugués de 22 anos. E facíao ensaiando na obra poética de Paul Claudel. Que así, sin máis, "Paul Claudel", puxéralle ao texto galego, por esquencido e revelador, agora lembrado.

Nel, non refugaba Rof o xuicio crítico da estética claudeliá. Non. Comprendéndoa, estimóuna con verdadeiro requinte valorativo. Tanto que, ao falar das páxinas de "Connaissance de l'Est", adiantóuse en moito a Wilhem Grenzmann, poño por caso, que trinta anos logo descubre nas palabras do poeta polifonías de series imaxinativas, de seriaciós patéticas, co seu orixe no movemento do home na súa totalidade. Pero, por riba do estilo e "dos lenes problemas literarios", Rof reparaba xa na trascendencia *da poética claudeliá, en tanto en canto facíao cavilar nas insodables, iñoradas, desacougantes e contradictorias dimensiós do sentimento e da sensibilidade acochadas —e aquí o crítico alemán volve enlazar co xoven Rof— na intimidade dese mesmo home atendido na súa plenitude esistencial. Home que é como é —"plein d'un dieu, plein d'ignorance et de génie"—, na verdade poética de Claudel.*

Ataba Rof, xa que logo, un dos primeiros fíos —fixérao denantes, aos 19 anos, en "Bioloxía e esprito"— na trama do seu pensamento actual, coherentemente artellado dende moi lonxe, sin andrómenas improvisadoras, e cada vez máis e máis fortemente trabado

polo estudo e as pescudas que sin acougo levóu, e sigue levando adiante, na mesma dirección teorética e doctrinal no camiño certo das realizaciós concretas.

En suma: un Rof mozo —verédelo axiña— prefigurando un Rof maduro.

MARINO DóNEGA
A Coruña

PAUL CLAUDEL

Fai pouco, nun editorial do "Sol" comentábase o desinamento de Paul Claudel, o poeta e diplomata francés, prá embaixada de Francia en New-York. Antre outros non mal atinados xuicios, decía que sería intresante ver o viraxe que a materialista civilización nordeamericán improntaría na poesía dista esgrevia figura do arte do século XX. Semellóunos un tanto estrano que o cultivado editorialista cometera a falencia de iñorar que a esperencia que íl arelaba fixérase xa na xuventude do poeta e que, na ceifa varia e xurdia das súas obras, abondan as crianzas nascidas da interferencia do témero autor de "Tête d'Or" coa bruidosa civilización yanki.

Claudel estivera, aos vinteseis anos, de vicesónsul en New-York. E alí escomenzóu "L'Echange", que finóu en Boston, sendo cónsul xerente. "L'Echange", obra dispar e moi discutida dentro do seu teatro, é, axeitadamente, isa mostra da influencia do medio yanki que cobizaba coñecer o autor do editorial do "Sol". Néla atópase a semente que learáse despóis á influencia oriental, non tan importante coma ao primeiro ollar semella; e si dísta temos, por exemplo, ise arume guieiro espallado coma indicador dos riales máis belos, como ises caracteres xaponeses que amostran o xeito relixioso dunha pintura, por outra beira o sabio emprego das verbas artelladas da nosa industria dínos ben qué belos achádegos reserva a súa obra a unha boa crítica respecto á influencia néla da estancia do poeta no país de Witman e James.

A segunda versión de "Tête d'Or", e a traducción do Agamenón, foron feitas tamén nisa época. E tamén sería intresante laboura de fina crítica estudar en cánto valíu a devandita influencia nas variantes que hai na primeira.

Co gallo dista incompleta información periodística —que non deixa de tere noutro senso comentables trascendencias— imos falar un anaco, en inconexo enxuiciamento forzosamente incompleto, da outa figura literaria de Paul Claudel, coma limiar a outros estudos que seguramente faránse ao redor déla na nosa terra.

A sosegada crítica atopóu en Paul Claudel, nado nunha pequena vila do departamento do Aisne en agosto do 1868, un pedernal desacougante pra desgazar díl ises farrapos anatómicos que tanto lle gusta ao crítico amostrar despóis dende a súa carnecería pública. Atópase en xeral —falamos dos medios finamente cultivados no que isto pode ser realmente estrano— unha característica incomprensibilidade da súa obra. Déixanno os que se achegaron a conocelo, uns, por manxar demasiado forte, e autros, por se non estrever a debruzar nise Maelstrons, que é Claudel, coas súas sireas, as correntes pérfidas que lle levan as almas ventureiras, e as súas potentes quei-

xadas que sumen ao leutor nun doce, incomprensible e lubrificado xogo.

O rítmo e a mesura da súa poesía, o seu aspecto tipográfico, son as primeiras cousas que estranan niste poeta. Logo déixase avivecer o esprito no encanto formidable do seu estilo. Todo o máis preciso que poidera se decir do seu prodixioso xogo de finales francesas "de riqueza e delicadeza infindas", íl dixéraas belamente no prólogo ás obras completas de Rimbaud, e aínda nas súas "Reflesiós sobor do verso francés" ateiga deica os máis sotís descobrimentos que poideran ser feitos nos seus propios estilo e poesía.

E o mesmo, ou millor aínda, na súa prosa. No estilo dalgunhas páxinas de "Connaissance de l'Est" hai intres nos que acontez coma unha cousa miragreira. O ritmo das verbas (un ritmo endexamáis obtido en francés) pompea no ár da frase e vai creando o vacío na arela por comprender da nosa ialma, chegando un momento de outa tensión, casi doorosa e da meirande diafanidade. Entón, coma nises privilixiados días nos que dende a beiramar óllanse no horizonte terras do alén, albíscase, tras da xoia das verbas, unha realidade precisa e casi pantástica, lixada apenas co sangue da veíña sotíl que britárasenos no esforzo.

Nun pasaxe da "Muralla interior de Tokio" iste delicado autocrítico dí estes versos, coido que xa citados por Duhamel:

"Leutor, ten o teu bafe de medo que un alento profán destruia a superficie máxica.

O vento mareiro suflóu e nun intre a páxina estesa diante tí formiguea cunha innumerable escritura".

Do seu teatro non se pode falar máis que estesamente pois o tema é complexo e difícil. Diante "Tête d'Or" síntese ún empavorido coidando que aquela corte de varonía estética non figurara até denantes no arte, e percíbese coma si a vaga sombra dun mundo espritoal iñorado pasara trás dos lombos rexos das estrofas.

Toda a súa obra está inzada de problemas literarios formidables. E o seu raro "Art Poétique" opera cando plantea concretamente o problema da súa filosofía. Pero, coma dixemos, a crítica do noso século estreveuse somentes a encetar con teimosía a enorme canteira.

Habería que estudar a siñificación diste afastamento ou medo da crítica diante a súa alarbia figura, que revela un intresante desplazamento á beira do sieiro intelectual de hoxe en que sabe levar coma ninguén á perfección as millores características do esprito francés contemporáneo.

Claudel enreda coa beleza das súas análisis críticas, das comparanzas arriscadas de fino achádego escintilante e, sobor de todo, co aramio lonxano do seu misticismo —leit motiv discreto—, coma con doas de vidro, aos máis finos persoeiros da cultura francesa que, non embargantes, fican coma inxénuos indíxenas diante o mundo deslumeadoramentes ample, e novo, e insospeitado do Magnificat, da Santa Xenoveva e de todo o resto das súas obras relixiosas.

Namentras atéigase a crítica de Proust somentes por un refinamento da sensibilidade polo sinxelo desenrolo da vibración aguda

que ficóu en nós coma un metálico resoar —a sensibilidade a forza de afiárese chega a emparentar coa intelixencia como a corda co metal—, no enxuiciamento de Claudel non abonda co desenrolo das nosas cualidás, hai que "recrearse" outras novas provincias do esprito, petar nas esmorecidas virtudes da nosa intelixencia.

Unha outra dimensión do esprito desgázase da frase de Claudel, e hai que agardar a froitificación da sementeira na nosa ialma; a autofecundación néla do anaco que aínda se entende co anaco que se esvae na boira desa beleza, garantízanos somentes a nosa fiduncia.

Eis xa, por riba dos lenes problemas literarios, a outa trascendencia que eu véxolle á poética de Claudel. Temos que coidar despóis del nas dimensiós que non coñecemos, no infindo do sentimento e da sensibilidade que na nosa masa psíquica acubillamos. Coma o home sin sona, sin chamisso, decatámonos que falla pra completar a nosa persoalidade... unha sombra.

E a solución concreta, a técnica pra dominar iste infindo, dánola tamén, discutiblemente, Claudel. Poucos temas no Universo máis apaixoantes que iste da "realización" en Claudel. Porque isto entróncase xa coa cuestión da súa ortodosia, e iste tema do Claudel católico, férvedo en animaciós, fecundizante por sí só do esgrevio, aínda non atopóu o esprito irmao, máis que garimoso e fino, que afoutase coas súas complexidades, misterios e inevitables rozamentos. Duhamel, na súa fermosa obra de home comocionado, "Paul Claudel", refusa respetuosamente a empresa, e fáinos albiscar un anaco do seu conturbamento relixioso. Conturbamento que ateiga a todo leutor sinceiro e que producíu xa obras coma isa dramática "Correspondence" con Jacques Riviére.

Sobor de tódo, hai en Claudel a súa persoalidade dominante cunha enerxía activa nervando os seus desenrolos teóricos, a súa conducta poética que lle dona unha seguridade na metáfora, e ise rexo pulo centrípeto co que xeirea polo seu mundo xeográfico tan ample coma o seu mundo interior e co que vai preto, seña do mundo católico, da ialma xaponesa ou da poética de Francia, e incluso ao traveso da densidade esgrevia da súa ialma.

A ialma de Claudel! Algo da máis pura claridade medioeva que hoxe miragreiramente consérvase. E non embargantes, o leutor relixioso de Claudel —o seu único leutor posible— sabe ben que ingredente estraordinario hai néla da nosa civilización mecánica.

Vimos de novo ao noso tema limiar, e compre finemos ista non crítica, sinón entusiasta presentación diante quen seña, diste gran poeta. Presentación de Claudel que ten sempre un anaco coma de aportación ás tripulaciós esmorecidas polo escorbuto e fartas do aceite das conservas do zugo de laranxa que contén isa pequena cantidade de vitamina A que abonda pra xunguir de novo os corpos ao vieiro eterno.

XOHAN ROF CARBALLO
Madrid

¿PROCESO Á IGREXA GALEGA? A PROPÓSITO DO LIBRO DE ALVILARES MOURE [1]

Xosé Alvilares Moure é un sacerdote da diócese de Lugo. Del érame coñecida unha conferencia que pronunciou no "Círculo de las Artes" de Lugo no mes de Nadal do 1963, e que, seguida dun apéndice de Xesús Alonso Montero sobre a "Literatura reliixosa en galego", foi publicada en 1965 co título "O clero i o uso do idioma galego" [2]. Según a presentación que del se fai neste folletiño, estivo de cura no Cebreiro, primeiro, e en Cartelos (Chantada) despóis; e preparaba no 1965 a sua tese dotoral en Roma. "Ten publicado na prensa do país algús artigos, antre os que destacan "Testimonio contra el hombre instalado", aguda e vibrante crítica da novela de Alejandro Armesto "*Tiempo de morir*", e dous traballos premiados no certamen lucense de Corpus (1962-1963). É tamén autor dun libriño encol do milagre do Cebreiro" [3].

¿Será esaxerado decir que *¿Proceso a la Iglesia Gallega?* é o primeiro libro de Teoloxía galega que se escribéu?

Quen abra o libro atraído polo interrogante rechamante do título e pase revista ao índice, sentirá quizá, nun primeiro momento, unha leve deceición: oir falar dun proceso á Igrexa galega suxería a idea dun xuicio onde tamén os acusadores, e non só o acusado, estivesen presentes: un pouco confusamente ún esperaba outra cousa, quizá un xuicio sociolóxico-relixioso da Igrexa de Galicia onde a testimuña principal fose a aitualidade.

Noustante, nun segundo momento a deceición mudaráse nunha especie de descubrimento gozoso: o leitor daráse conta de que a socioloxía relixiosa que el esperaba é en realidá Teoloxía, e acabará por sentir que, ben mirado, sai ganancioso do trastroque.

O subtítulo centra e limita o alcance do estudio: "Testimonio de los escritores gallegos del siglo XIX". En realidade, non é mero século XIX o que o leitor encontra; páxina a páxina ún vaise sentindo cada vez máis de acordo co que Alvilares di na introdución encol da aitualidade do seu traballo: "La actualidad de nuestra Iglesia ha de estar presente en mi lectura de los textos gallegos decimonónicos de diversas maneras. En primer lugar, la actualidad como perspectiva. [...] Por otro lado, el presente de nuestra Iglesia no es

---

[1] José Alvilares Moure, *¿Proceso a la Iglesia gallega? Testimonio de los escritores gallegos del siglo XIX*, Ediciones Marova, Madrid 1969 (Coleición "Cuadernos y ensayos Marova", n.º 4). 255 pp. 20×11 cms.

[2] José Alvilares Moure, *O clero i-o uso do idioma galego*. Apéndice: Jesús Alonso Montero, *Literatura relixiosa en galego*, Celta (Col. "Anteo"), Lugo 1965; 35 páxs.

[3] *Ibid.*, páx. 5.

más que continuación de este reciente pasado. No es, pues, el pasado como pasado, como objeto de conocimientos eruditos, sino un conocimiento de ese pasado, en cuanto que, de una u otra forma, pervive en el presente o lo condiciona" (p. 14). ¿Quén non vai estar de acordo?

De todos modos, ainda sendo isto certo, o leitor que se acostumóu á calidade teolóxica do escribir de Alvilares, cando vire a derradeira páxina non deixará de desexar outro volume que responda á pergunta do título desde a situación aitual, e no que os acusadores sexan testigos de outro tipo, as aititudes eclesiales —e sobre todo eclesiásticas— por exemplo. Hai un pasaxe no que creo atopar xa a primeira pedra deste segundo volume: a segunda parte (que estudia a crítica da Igrexa presentada pola obra de Curros) remata cun apartado titulado "Actualidad del testimonio de Curros"; Alvilares lanza ao aire varios interrogantes, nos que os cristiáns galegos sentirán —sentimos— que se está poñendo o dedo sobre da chaga; e concluie: "Contestar a estas preguntas nos llevaría muy lejos del tema de este estudio. Además de llevarnos a un terreno demasiado conflictivo" (p. 174). ¿Sería moito pedirlle a Alvilares que agora, rematado o estudio sobre os nosos escritores do XIX, se metera, coa mesma lucidez teolóxica, co mesmo equilibrio, coa mesma fidelidade á verdá, co mesmo amor á Igrexa, neste "terreno demasiado conflictivo"?

O proceso ten tres partes. A primeira (70 páxinas) é a testimuña, fonda e dorida, de Rosalía. A segunda (80 páxinas) é a declaración desacougada, sincera, e, a forza de comprometida, ás veces un tanto esaxerada, de Curros. A terceira (50 páxinas) abarca a testimuña dos restantes escritores galegos do XIX, reducida aos puntos máis comúns. Pra acabar, unha conclusión de nove páxinas enlaza todas estas testimuñas xudiciaes nunha síntese breve que, xustamente, en troques de pararse a elaborar unha sentencia condenatoria, desemboca decamiño nunha conclusión teolóxico-prática de esperanza cristiá na Igrexa, santa e ao mesmo tempo pecadora [4].

O estudio sobre Rosalía é en definitiva un intento de elaborar unha Teoloxía da saudade. Costituie por tanto a primeira aportación que ven encher o vougo que Carballo Calero denuncióu fai xa anos: "Acho ainda de menos dentro da Literatura galega un estudo da saudade desde o ponto de vista da Teoloxía" [5].

A visión que Alvilares nos ofrece da saudade non deixa de ser orixinal. Unha teoloxía da saudade, como toda Teoloxía, ten que es-

[4] Quixera, de pasada, deixar costancia do meu profundo acordo con esta aititude: procesar á Igrexa galega hoxe é, pra unha conciencia cristiá, unha esixencia impreterible da súa fe; pero a finalidade desta pesquisa non pode ser simplemente a de declarar a culpabilidade dos reos e aito seguido levantar a sesión. Nunha mentalidade evanxélica non pode haber cabida pra a xusticia vindicativa. A única xustificación dun proceso á Igrexa, coa lei do Evanxelio como criterio, é a de millorar o presente, non a de arranxar o pasado. Non é ésta hora de denunciar culpables senón de propoñer remedios.

[5] Ricardo Carballo Calero, *Historia da Literatura galega contemporánea*. vol. I, Galaxia, Vigo 1963, páxs. 12-13, nota 3. Carballo Calero di: "desde o ponto de vista da teoloxía moral"; nembargantes, un estudio cristián da saudade non pode ser senón tarefa da Teoloxía Dogmática. A Teoloxía Dogmática preséntanos, á luz da Revelación, unha visión sistematizada da realidade toda, na que o home é, xuntamente con Deus, o protagonista: o ouxeto da Teoloxía Dogmática é "Deus-salvando-ao-home": a "Historia da sal-

tar basada sobre unha Filosofía previa. Alvilares esboza primeiro unha filosofía persoalista da saudade. Tal persoalismo aparez como unha superación, en certo grado, da metafísica esencialista que tíñamos nos estudios de Ramón Piñeiro; o mesmo Alvilares fai asomar esta idea nunha alusión moi discreta: "Ramón Piñeiro plantea sus análisis de la 'saudade' aplicando a ella la relación sujeto-objeto [e cita: *Pra unha filosofía da saudade*]. Hay que subrayar que la saudade es un determinado modo de relación sujeto-sujeto" (p. 30).

Este prantexamento persoalista comporta, entre outras, a ventaxa de abrir fácilmente un camiño pra unha teoloxía da saudade que soe a aitual. Nesta orixinalidade recoñecerá o leitor o mérito de Alvilares; pero tamén o seu límite. O desenrolo deste enfoque: o ponto de partida persoalista parez diluirse nunha ambigüedade historicista un pouco superficial. Intentaréi esplicar o que quero decir.

Na conclusión de Alvilares, a saudade ven equivaler á carencia de comunión [6]. En contra desta conclusión xurde un reparo fundamental que pode presentarse desde dous puntos de vista. Primeiro, o leitor quedará coa sensación de que Alvilares reduce a saudade a un puro fenómeno sociolóxico: o mesmo encadre de todo o estudio no marco dun "proceso" á aituación histórica da Igrexa galega deixa creer que a saudade é unha consecuencia histórica dun feito histórico, temporal, superable. Non nego a validez desta faceta histórico-sociolóxica nunha esplicación da saudade, incluso nunha esplicación teolóxica; pero penso que só pode ser considerada como secundaria na complexidá da saudade. Se reducimos a totalidá da saudade a este aspeito parcial, renunciamos a abordar o problema de fondo: a saudade como soidade ontolóxica da persoa. Un estudio filosófico-teolóxico da saudade debera empezar por delimitar claramente qué é o que na saudade ten unha dimensión ontolóxica, por encima do tempo, e qué é o que depende —polo menos en certa media— da historia e da vontade correxible dos homes. Despóis desta delimitación de estratos, o estrato máis fondo, o metafísico (metafísico-persoalista neste caso) debera arrastrar a predileición. En troques aquí o enfoque inicial metafísico-persoalista parez esvairse casi todo nun persoalismo puramente histórico, un tanto aéreo.

Ollando desde un segundo ángulo de mira, a conclusión de Alvilares aparez como a redución da saudade a pura negativa. Esta redución esaxerada non chega a ver a esencia fonda da saudade humá. A saudade é antes de nada unha dimensión positiva da vivencia que o home ten do seu ser, da sua limitación, da sua finitude.

Desde o ponto de vista filosófico o camiño pra a solución xusta estaría, ao meu ver, nunha auténtica ontoloxía persoalista da saudade. Ún ten a impresión de que o persoalismo orixinal de Alvilares non

---

vación" (*Heilsgechichte*) no que ten de dimensión presente. A Teoloxía Moral, en troques, deliña, sempre á luz da Revelación, o que debe ser a resposta do home a esta iniciativa de Deus: o obrar humán. A Dogmática móvese no campo do *ser;* a Moral, no campo do "*deber-ser*". Certo: a relación mútua entre as duas ramas teolóxicas é estreita, e unha visión do fenómeno humano da saudade abrirá sin dúbida a porta pra un novo prantexamento da moral cristiá; pero isto non nos esime de distinguir claramente o ouxeto da Teoloxía Dogmática do ouxeto da Teoloxía Moral.

[6] Cfr. p. ex. páx. 83: "La 'saudade' será, en este caso, el resultado de una pobreza de comunión en la Iglesia"; e páxinas seguintes, sobre todo 89-91.

se dá liberado dun puro socioloxismo persoalista. O auténtico persoalismo filosófico é un persoalismo metafísico. A síntese axeitada sería unha elaboración da metafísica de Ramón Piñeiro en clave persoalista.

Desde o ponto de vista teolóxico noto en falta, paradóxicamente, a dimensión histórica (histórico-teolóxica quero decir: a saudade como fenómeno do home imerso na Historia da salvación). O reducir a saudade a fin de contas a unha imperfeición do cristianismo galego ten moito de intuición pastoral feliz: de coñecimento das estruturas eclesiales de Galicia ao mesmo tempo que da esencia evanxélica da Igrexa; pero de ningún modo esplica na sua profundidade "la 'saudade' del gallego cualunque" (p. 91), tanto a do galego do século XIX [7] como a do galego do século XIII. A decir verdade, non faltan no estudio sobre Rosalía acertadas referencias á Historia da salvación; pero creo que se pode decir que permanecen demasiado fora do desenrolo xeral, non integradas plenamente na tese predominante. Nesta mesma liña, Alvilares debera insistir en que a salvación cristiá, anque "empieza ya en este mundo" (p. 82), é tamén, inevitablemente, esencialmente, "salvación escatológica" (p. 86); por tanto a "comunión" non poderá ser nunca perfeita nesta vida, incluso nunha Igrexa que amostre un grado intenso de comunión.

Partindo da concepción do home que nos ofrece a Teoloxía aitual, e á luz de todo isto, unha teoloxía histórica da saudade non debera ser moi difícil. A Escolástica falaba dun desexo fondo, insobornable, de todo home: o "desiderium naturale" de chegar á intimidade con Deus, de superar a sua finitude. Hastra aquí está ainda hoxe de acordo a Teoloxía: de esta costatación arranca tamén calquer antropoloxía teolóxica aitual. A bifurcación ven no tramo seguinte: a Escolástica concluía, un pouco cegamente, que tal desexo universal non podía ser inane; pero con isto viña poñer en apreto a gratuidade dogmática do sobrenatural, da salvación como "gracia": se a salvación é unha esixencia da natureza humá, non é xa unha salvación gratuita, sobre-natural. Os teólogos escolásticos mantiveron sin dúbida a ortodosia defendendo ao mesmo tempo o "desiderium naturale" por unha parte e a sobrenaturalidade da salvación por outra; pero non chegaron a unha síntese especulativa dos dous polos da tensión.

A Teoloxía aitual móvese con máis cautela. O home é esencialmente finito. Finitude equivale a inestabilidá, desacougo. A satisfación do seu "desiderium naturale" viríalle ao home da intimidade persoal con Deus: está claro que este trato íntimo acougaría definitivamente ao home, faríao parceiro dunha propiedade que é esencialmente suprafinita: divinizaríao. O ser do home non pode por tanto esixir naturalmente unha satisfación do seu "desiderium naturale", precisamente porque tal satisfación lanzaríao fora da sua órbita finita, fora da sua natureza. Temos que concluir que o ser natural do home é esencialmente *esixencia de "tender a"* satisfacer o seu desexo, pero *non esixencia de satisfacelo*: tender perpetuamente sin satisfacelo nunca definitivamente. Chegamos aquí a prantexar a paradoxa fonda do ser do home, dun xeito semellante a como a

[7] Nin no "gallego cualunque", nin, menos aínda, na "experiencia ritó común" (p. 90) de Rosalía.

prantexa o esistencialismo. Pero xustamente aquí é onde se ven enxertar o sobrenatural: efeitivamente, o home acadará a satisfación do seu desexo, o acougo definitivo, a divinización; pero non como esixencia da sua natureza senón como don gratuito *sobre-natural* [8].

Sin dúbida, estas reflesiós teolóxicas móvense nun plano que pertenece á esfera do puramente ontolóxico: o da relación de natureza e sobrenatureza. É preciso dar un segundo paso complementario: hai que considerar tamén a situación aitual, concreta do home. Os homes históricos levamos nese noso ser, finito e sobrenaturalizable, a marca do pecado: o pecado orixinal desencadea por parte de Deus unha iniciativa nova: a salvación por Cristo e, como consecuencia, a presencia costante da gracia sobrenatural na nosa historia. O sobrenatural non se ven enxertar na nosa vida só ao final do camiño; vivimos xa agora nun ámbito sobrenatural: o da gracia de Cristo. Pero ao mesmo tempo levamos ainda o selo misterioso do pecado; por isto a nosa vida presenta unha coloración dramática: debatímonos entre o pecado e a gracia. A salvación que Cristo nos ofrece é unha salvación só encetada: é a "primeira entrega" da salvación [9], somente "en esperanza estamos salvados" [10]: seguimos *tendendo* á salvación plena. E aquilo que nun principio chamamos "desexo natural" descóbrese agora como un "esistencial sobrenatural e crístico" [11] colorado tamén el de dramatismo.

¿Cáles son as consecuencias deste encadre pra unha teoloxía histórica da saudade? A saudade, nesta perspeitiva, ven equivaler a este "esistencial sobrenatural e crístico" que se esconde no fondo de nós. Como primeira consecuencia deste enfoque, debe quedar clara a necesidá dunha visión global unitaria de toda a historicidade do home; non se pode reducir a saudade á sua dimensión presente, "tendente", prescindido da sua satisfación plena escatolóxica: sería asistir só ao primeiro aito do drama. Carballo Calero, na pasaxe citada [12] na que, brevemente pero con fonda intuición, deliña unha teoloxía da saudade como "nostalxia do paraíso", atende compridamente a este ponto: "Só a beatitude *post mortem*, ou sexa, o regreso ao paraíso, posibilitado pola redención, pon fin ao sentimento da saudade" [13].

En segundo lugar, creo que se pode deducir deste esquema histórico-teolóxico o valor fundamentalmente positivo da saudade. Isto quer decir que non podemos reducir o ser da saudade a mera con-

---

[8] Cfr. Juan Alfaro, SI, *Trascendencia e inmanencia de lo sobrenatural*, en: Gregorianum (Roma) 38 (1957) 5-50.

[9] Cfr. 2 Cor 1,22; 5,5; Ef 1,13-14: o Espírito como prenda, como "primeira entrega".

[10] Rom 8,24.

[11] Cfr. Karl Rahner, *Sobre la relación entre la naturaleza y la gracia*, en: *Escritos de Teología*, vol. I, Taurus, Madrid 1961, páxs. 325-347; na edición orixinal alemá (*Schriften zur Theologie*, I, Einsiedeln 1954), páxinas 323-345.

[12] Cfr. supra, nota 5.

[13] Naturalmente, o "paraíso", de que fala Carballo Calero, o mesmo que a "fase anterior ao pecado", que as miñas reflesiós supoñen, hanse de entender no senso teolóxico (ou mellor: histórico-teolóxico), non no senso estrictamente histórico: probablemente o paraíso non esistéu nunca na historia real da humanidade. Cfr. Zoltán Alszeghy, SI, e Maurizio Flick, SI, *Il peccato originale in prospettiva evoluzionistica*, en: Gregorianum (Roma) 47 (1966) 201-225; unha condensación deste artigo foi publicada en España en: Selecciones de Teología (San Cugat, Barcelona) 6 (1967) 217-225.

secuencia do pecado orixinal: na sua última esencia a saudade non é o "selo do home caído" [14]. Sin dúbida, o pecado orixinal permea á saudade, como ao home todo, dunha coloración nova, dramática, intensa e íntima. Pero a esencia da saudade esistía xa antes do pecado: era o "desiderium naturale" de acadar a intimidade de Deus: un desexo ontolóxico, enxendrado asemade pola finitude e pola espiritualidade do home, e que antes do pecado non posuia, coma hoxe, o dramatismo da incertidume e da loita senón só o anceio integrado e feliz do progreso continuo no camiño da seguridade.

Xurde ainda unha terceira consecuencia: a universalidá do fenómeno da saudade. "A saudade aparez [...] como un feito humán esencial, que ha ser recoñecido e interpretado por toda visión sistemática do home. Diste xeito, o problema da saudade ha tender cada vez máis a sere pranteado como un problema universal, inda que históricamente teña nado como un problema portugués ou galego" [15]. Noutras verbas: como fenómeno ontolóxico a saudade está presente no fondo de todo home; en troques, como fenómeno sicolóxico que aflora á superficie da persoa presentará distintos grados de intensidade, desde a vivencia esceicional de Rosalía, pasando pola vivencia de todo galego, hastra un grado mínimo de manifestación como pode ser o pragmatismo norteamericán [16].

Neste momento, en que chegamos a enfocar a peculiaridade do ser esistencial da persoa galega, unha conclusión prática debe erguerse ante nós: a necesidade urxente, pra a aición pastoral en Galicia, dunha teoloxía profunda e completa da saudade. Sin dúbida, a evanxelización colle ao home ante todo no seu ser universal de home, pero con iso só alcanza un estrato elemental da persoa; unha evanxelización ben acabada ten que abordar non só ao home senón, sobre todo, ao individuo no seu ser peculiar [17]. A peculiar vivencia da saudade no home galego esixe unha pastoral peculiar; xustamente porque tende a crear unha vivencia cristiá que non pode deixar de ser peculiar, individual, persoal, se quer ser auténticamente humá, e, xa que logo, auténticamente cristiá.

A universalidade do fenómeno da saudade podería, a esta altura do desenrolo da argumentación teolóxica, sentar a base pra unha eclesioloxía da saudade. A Igrexa é unha comunidade pelengrinante; o mesmo que o individuo cristián, tamén a comunidade cristiá se sinte camiñar na loita entre o pecado e a gracia; tamén ela, comunitariamente, tende á satisfación escatolóxica do seu anceio, sentido intensamente nas comunidades primitivas e esteriorizado na liturxia coa espresión aramea *Marana tha*, "Señor noso, ven" [18]. O anceio da Igrexa é a cristalización comunitaria da saudade individual.

---

[14] Carballo Calero, *ob. cit.*, ibidem.

[15] Id., ibid.

[16] Encol dos distintos grados na escala vivencial da saudade, "dende o plano puramente psicolóxico ao plano ontolóxico puro", cfr. Ramón Piñeiro. *A saudade en Rosalía*. Da "experiencia no común" de Rosalía fala Alvilares na páx. 90.

[17] Unha consecuencia imediata deste principio é a aceitación pastoral da língua. Encol da aititude teolóxicamente contraditoria da Igrexa galega neste punto cfr. o antigo sintético de Os Irmandiños, *A língua e a Igrexa*, no libro en colaboración *O porvir da língua galega*, Círculo de las Artes (Instituto de Estudios, Sección de Publicaciones), Lugo 1968, páxs. 103-113. Pra ulterior bibliografía sobre a custión cfr. Xesús Alonso Montero e Epifanio Ramos de Castro, *Bibliografía de Lingüística galega*, capítulo XII, apartado b ("O Galego i a Eirexa"), números 203-221, na mesma obra, páxs. 154-156.

[18] Cfr. 1 Cor 16,22; Apoc 22,20.

Volvamos ao *¿Proceso a la Iglesia Gallega?* De todo o dito hai que concluir, por outra banda, que a saudade é unha realidade "supracategorial", é decir, que non se pode reducir a unha única categoría, senón que consta esencialmente de diversas "dimensiós". Alvilares está acertado cando distingue "tres posibles dimensiones de tal sentimiento de soledad" (p. 32): con relación ao mundo, á comunidade humá e a Deus [19].

Do resto, o estudio que Alvilares nos ofrece sobre a saudade rosalián, no que as duas grandes unidades de peso son a carga esistencialista [20] e a carga persoalista, amostra unha vez máis a modernidade de espírito de Rosalía, e, en definitiva, da alma galega [21].

Polo que se refire ao estudo sobre Rosalía [22], quixera apuntar ainda outra cousa. Quizá a Rosalía lle falte —por culpa da Igrexa circundante, certamente: predicación, catecismo, liturxia— un auténtico sentido cristocéntrico da fe e da vida cristiana toda. Certo que é admirable que Rosalía teña versos magníficos sobre Cristo (pp. 73-75): nefeito, en certos momentos ela chega *esistencialmente* a unha fe auténticamente cristiá. Pero ante a persistente hesitación de Rosalía, é pra perguntarse se o motivo da esporacidade do seu cristocentrismo esistencial non haberá que situalo na falta dun cristocentrismo *teórico* suficientemente esplícito. Quizá Alvilares debera insistir máis abertamente neste feito, que, é verdá, de algún modo está xa implícito en todo o seu prantexamento persoalista da esistencia de Rosalía como incomunión.

Do resto, teño a impresión de que ésta é unha caraiterística da espiritualidade galega, tanto pretérita como contemporánea; precisaríase de máis completas investigaciós teolóxicas sobre os nosos escritores e sobre a Historia da Igrexa galega, e de enquisas de socioloxía pra que esta impresión puidera ser verificada. Se da verificación resultase, efeitivamente, que a espiritualidade galega peca de carencia de cristocentrismo, sería necesario, dada a gravedade que pra o cristianismo galego reviste a custión, intentar bucear nas posibles causas, históricas ou sicolóxicas.

Históricamente, hai dous vértices que se ofrecen de seu ao investigador: o priscilianismo e o arrianismo [23]. O arrianismo mantívose en Galicia só durante a primeira mitade do século VI, desde a chegada dos suevos hastra a sua conversión; o período de influxo é, por tanto, breve; de xeito que podemos supoñer que a sua negación da

---

[19] Nesta triple dimensión da saudade coincide Alvilares con Carballo Calero que, no texto citado (cfr. supra, nota 5) fala da "oposición antre o home e Deus, antre o home e a muller, antre o home e o mundo" como consecuencia do pecado orixinal.

[20] Cfr. páxs. 39-40: Gabriel Marcel; páx. 58: "el infierno son los otros" (Sartre).

[21] A propósito da modernidade do esistencialismo será oportuno recordar que é, pra decilo con palabras de García-Sabell, "a filosofía eisistencial, e non a literatura eisistencialista" a que conserva vixencia aitual (cfr. a resposta de García-Sabell en: Ramón Piñeiro, *A Lingoaxe e as lingoas*, Galaxia, Vigo 1967, páx. 43).

[22] Sobre a problemática teolóxica da saudade, a tese doutoral en Teoloxía que Ramón Díaz Raña prepara na Universidade Gregoriana de Roma encol da espiritualidade galega, á luz sobre todo da obra de Rosalía, deberanos dar unha visión sistemática e ben tecida na súa complexidade.

[23] Cfr. José Madoz, sj, *Arrianismo y Priscilianismo en Galicia*, en: Bracara Augusta 8 (1957) 68-87.

divinidade de Cristo non acadóu grandes consecuencias na fe do pobo.

O priscilianismo, en troques, é capítulo aparte. Deixando a un lado a figura de Prisciliano, sobre o que difícilmente se pode dar un xuicio histórico definitivo [24], o que é sin dúbida certo é que durante todo o século V a Igrexa de Galicia confesaba e praticaba unha fe non correita, que hoxe recibe na Historia Eclesiástica a apelación de herexía priscilianista. Entre as suas caraiterísticas unha era a negación modalista da trindade. A divulgación desta doutrina debéu empezar en Galicia despóis da morte de Prisciliano, no ano 385, e debéu perdurar, ainda que con unha certa evolución interna, hastra mediados do século VI, poisque ainda no ano 561 o Concilio de Braga adica a millor parte dos seus esforzos a rebatir aos priscilianistas. Castelao afirma repetidamente que "o cristianismo de Prisciliano [...] ainda hoxe bule no fondo da alma galega" [25]. A custión merece, a meu ver, unha investigación seria.

Do libro de Alvilares o leitor terá en todas as páxinas a sensación de respirar un aire de sensatez e de equilibrio: Alvilares defende de posibles malentendidos —e non meramente posibles— aos nosos escritores, pero critícaos tamén con lealtade cando o cree oportuno.

Ún acaba a leitura cunha idea pesimista da Igrexa galega, na historia e en boa medida tamén no presente, e cunha idea optimista en troques dos homes galegos: os escritores galegos souperon, millor ou pior, distinguir entre a Igrexa de Cristo que xurde do Evanxelio, e a Igrexa galega, en contradición palmaria coa primeira. Esta distinción, decote latente, entre crítica "profética" da Igrexa por unha banda, e negación dos principios cristiáns de Evanxelio por outra, danos a validez aitual do libro e a estatura humá dos escritores estudados.

Alvilares sinala ainda, coa brevedá obligada por un tipo de estudo coma o seu, algunhos puntos nos que ún descobre temas capitales que están agardando unha reflesión teolóxico-pastoral.

---

[24] Probablemente Prisciliano non foi herexe. As obras que del se descubriron a fins do século pasado non se poden tildar propiamente de heterodosas, sobre todo tendo conta da espiritualidade que daquela se respiraba. Os errores que se lle atribuiron a el, son de culpar máis ben aos seus discípulos posteriores. Cfr. T. Barreira Suárez, *Fallo pontificio en el pleito priscilianista. Decretal de S. Inocencio I "a los toledanos"*, Vigo 1956.

[25] Alfonso Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza*, 2.ª edizón, "As Burgas", Buenos Aires 1961, páx. 36. Cfr. Igualmente páx. 51: "O *priscilianismo* botóu raices tan fondas na alma mística de Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, o noso pobo aldeán sigue sendo heterodoxo"; solpréndeme que na *Escolma Posible* (Galaxia, Vigo 1964, páx. 250) Marino Dónega reducira esta frase así: "O *priscilianismo* botóu raices fondas na alma mística de Galiza".

Outras afirmaciós de Castelao sobre Prisciliano parécenme, noustante, esaxeradas. Aínda dando por admitido que Prisciliano sexa galego —custión que non está históricamente zanxada—, non é certo "que o seu sangue fose o xerme da reforma católica e do libre pensamento" (*Sempre en Galiza*, páxina 36). Nin é completamente esato que fose "perseguido por enxertar na doutrina católica o sentido panteista do seu país natal e a liberalidade moral dos seus coterráns" (páx. 50); o seu panteismo, de habelo, era en todo caso, e antes de nada, dualista; e a corrupción moral que se lle atribuíe está basada na acusación do proceso imperatorial, que, certamente, non foi xusto.

Por exemplo, o feito de que o cristianismo galego viva ainda nunha relixión do terror esixe non só un estudio das causas (que é, desde logo, necesario, pero non moi difícil) senón tamén unha planificación pastoral de rementalización que teña conta das caraiterísticas sociolóxicas e psicolóxicas. Temos que xogar ao mesmo tempo coa prudencia antiescandalística e coa urxencia obxetiva da custión. Se gran parte da cristiandade galega está creída en que o demo é o segundo persoaxe na escea da nosa fe, protagonista xunto con Deus da Historia da salvación, e se por outra banda o seu vivir cristián se rexe sobre todo polo medo ao inferno, o espectáculo que se nos ofrece non pode ser senón unha caricatura aberrante do cristianismo.

Sobre todo hai un punto na relixiosidade do pobo galego que nos debe dar ocasión de longos estudios: a vivencia da morte. A vivencia galega da morte non se pode separar, no campo especulativo, dunha previa teoloxía da saudade. No terreo pastoral presenta, despois, un problema de primeira categoría: a celebración litúrxica e comunitaria da morte, a liturxia funeraria. Creo que era Karl Barth quen decía que a Igrexa malgastaba a maior parte do seu tempo en atender a suxetos incapaces de unha conversión persoal cristiá: os nenos e os... difuntos. Un observador non galego renovará quizá este pensamento á vista da aitividade dos curas de Galicia. Pero temos que evitar por outra banda o perigo sempre ameazante de simplificar de máis o problema. A vivencia da morte é unha realidade predominante no espírito galego, e por tanto, unha evanxelización cristiá non pode prescindir dela: ten que saber cristianizar o cristianizable e desbotar o estraño, e integrar a aititude humá que alí haxa, nunha aititude cristiá que sexa unha síntese equilibrada e dinámica da fe. O que sí non podemos facer é quedarnos mirando a ver en qué acaba todo isto: necesitamos teólogos que pensen con valentía, con amor ao pobo, con fe na verdade. ¿Será aquí o lugar de repetir unha vez máis que a Igrexa galega non acadará este repensamento de sí mesma, coa plenitude e a urxencia que a hora está a pedir, se non se instaura un centro rexional de formación teolóxica que sexa o fogar das inquedanzas e o ponto de fusión permanente da especulación teolóxica e da aitividade pastoral?

XOSÉ-MARTIÑO MONTERO SANTALLA
Roma

UN VIAXE A GALICIA DO SÉCULO XIX, NARRADO POR D. MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

O día institucionalizado das letras galegas veu adicado, no ano que andamos, a don Marcial Valladares Núñez, unha das figuras máis atraíntes da nosa renacencia cultural.

Terceiro fillo dos dez —oito femias e dous varós— habidos do matrimonio formado por don Xosé Dionisio Valladares e dona María da Concepción Núñez, nace don Marcial o día 14 de San Xoán do 1821 en Vilancosta, pequena aldeíña dominante dun val no Ulla medio, na freiguesía de San Vicente de Berres, do concello da Estrada.

Puxéronlle Marcial ao neno en lembranza da batalla victoriosa librada na localidade do mesmo nome o día 31 de agosto do 1813, na que intervira o pai, don Xosé Dionisio, coma teniente do 4.º Exército que, partindo do centro de Galicia, saíra cara o Bidasoa atrás das forzas napoleónicas en retirada.

Permanecéu en Vilancosta deica os dez anos de edade. Trasladárono entón, xuntamente co seu irmao Serxio, a Santiago pra facer os estudos de bachillerato, que rematan logo de cinco anos. E deseguida encetan na Universidade a carreira de leises, na que se licencian no curso académico 1841-1842.

Abogado en exercicio, funcionario público do Tesouro e político na línea dun progresismo morno, aínda tivo vagar pra se incorporar ao movimento cultural da nosa primeira renacencia como poeta, novelista, lexicógrafo e folklorista.

Fortemente avencellado ao seu país, apenas puxo pé fora del. Unha estadía en Zamora e dúas escapadiñas: unha a Valladolí e autra a Madrí. E volta á Terra e a Vilancosta. onde morre o día 20 de maio do 1903, aos 82 anos dunha vida farturenta de traballos fecundos, acougando de vez nunha campa cabo do ábside da eirexa parroquial de Berres.

E coma homenaxe á memoria do esgrevio devanceiro, reproducimos un anaco da súa autobiografía inédita tidoada "Memorias / de / familia / por / Marcial Valladares / Licenciado en Jurisprudencia". Aparéz en dous tomos —manuscritos da propia mao do autor con cuidada e xeitosa caligrafía, finamente rebirichada—, divididos en libros e ístes, á súa vez, en capíduos. Dun deles —o III do libro segundo— tiramos de corrido a narración do viaxe ou, millor, expedición de Zamora a Ourense, feita por don Marcial na compaña da súa familia, dun piano de cola, dun canciño de lás e dunha morea de libros, máis dous criados e cinco carabineros, de regreso xa definitivo á súa Terra.

Escrita nun castelán repoludo e solemne, cheo de hipérbatons, aínda que ás veces deixa ver unha sintaxis galega ben sabida de don Marcial, ten todo o engado pintoresco e romántico da literatura de viaxe propia da época. E o texto, por outra banda, non deixa de ter o seu aquél agora que tanto se fala das "vías de penetración en Galicia".

MARINO DÓNEGA
A Coruña

EXPEDICIÓN DE ZAMORA A ORENSE

Dije que para Orense partimos el 16 de enero de 1850. Con efecto, despedidos antes de las personas amigas y conocidas que en Zamora contábamos; oída la Misa el 14 en las Descalzas, Misa que nuestro capellán aplicó gratuitamente, para que el Señor no nos desamparara en el camino y diese feliz viaje; colocado el 15 en una galera y carro que hasta Lugo se ajustó, el equipaje y, saliendo por la puerta de Santa Clara el miércoles 16 de madrugada, dejamos a Zamora, rodeados de porción de amigos que, a caballo unos y en coche, otros, nos acompañaron hasta Torres, preparando de antemano allí gran comida para todos, último obsequio con que nos honraron y comida a que sucedieron tiernas lágrimas y abrazos, expresión dulce del corazón, que entonces no, no, mentía, a la que pudo apenas resistir, viendo como a la vez lloraban mis padres, tendiendo aquí y allá los brazos y en torno de ellos mis hermanas, tendiendo también los suyos y el llanto enjugando sin cesar; expresión pura, página palpitante y grata de nuestra historia que eternizará en la familia, así el nombre de aquel pueblo, como los de los señores Gutiérrez y Otero, Rodríguez, Bengoa y Bustamante, Galiano, Roldán y muchos otros que allí nos despidieron y a los cuales deseo y desearé siempre tantas prosperidades como entonces todos ellos unánimes nos deseaban. Asaz conmovido el pecho y la mente agradecida, dimos triste adiós a Torres, y con el amigo Crespo de Benavente, seguimos hacia Pajares, donde hicimos noche y aquel ricacho alcalde, a quien acababa de escribir el señor Gutiérrez, nos obsequió muchísimo, tanto que ni consintió gastáramos de nuestro fiambre, ni cobrar quiso la posada.

Comimos el 19 en Santorenia, caminando luego a Benavente por puente Castrogonzalo, pasando por el cual y, frente a la antigua Intercacia, hora en que el sol moría tras los vecinos montes, sentíme extasiado yo, al contemplar con entristecidos ojos los a la sazón bellísimos arreboles del horizonte, tiñendo de fina púrpura dehesas y arbolados que allá lejos se proyectaban y a través de cuyas ramas perdíase la mirada como suspiro en alta mar; arreboles que poco a poco y, cual cuadros disolventes en un teatro, achicaban y deshacíanse según que la noche adelantaba, ocultándonos los muros de la famosa villa, donde entramos después del toque de oraciones y diónos albergue el señor Crespo, cuya esposa en extremo amable a nada apenas más atendía que a obsequiarnos. Allí cenamos todos en compañía del párroco de Cernadilla señor Sierra que la casualidad hizo llegara a nuestro lado en ocasión tan oportuna: allí dormimos y, solos, enteramente solos con la doncella Maruja, nuestro criado Andrés y cinco carabineros de infantería que desde Zamora venían escoltándonos, salimos de Benavente el 18 con hermoso y claro día. Pasamos por Latorre y en Pobladura del Valle, último pueblo del

partido de Benavente, dejamos la provincia de Zamora, pisando la de León por Cebrones, sobre la izquierda del Órbigo, y la Bañeza, donde dormimos. De la Bañeza y su bonito valle pasamos el 19 a comer a Astorga, tocando en Palacios, Moral-de-Fondo y Celada. Permanecimos aquel día y el inmediato en Astorga, a causa de la mucha nieve que en los puertos Manzanal y Piedrafita había según noticias, especialmente en Piedrafita, donde yacía atascada una de las sillas-correo y ningún carruaje cruzaba a la sazón, haciéndose en caballerías el transporte de la correspondencia y pasajeros de un lado a otro de este puerto. Conferenciamos el 20 por la noche con nuestro mayoral Calvo y, decididos a ganar terreno, a adquirir noticias más seguras en Villafranca, una vez el Manzanal estaba practicable, salimos de Astorga el 21 antes de amanecer y, con dos parejas de bueyes uncidas a la galera, atravesamos sin gran dificultad, en medio de agradable sol, el Manzanal, pasando por Prado-Rey, Combarro y Rodrigatos. Las doce serían cuando avistamos el parador del puerto, parador en que se comió. Dejadas allí las dos parejas de bueyes, continuóse luego a Torres y Bembibre, donde dormimos, y el día 22 hasta Villafranca por San Román, Congosto, Cabañas, Cacabelos y Piñedo. Era al anochecer y, resueltos a detenernos en Villafranca interín con certeza no se supiera si el Piedrafita podía o no atravesarse, dirigímonos al Parador Nuevo, donde, esperando la galera de "Pantorrillas" procedente de La Coruña, encontrábase hacía días la del tío Pedro (a) "Papalandocha" que iba a aquella población conduciendo equipajes y algunos pasajeros, entre ellos cuatro señoras y dos niños. Háblanse los mayorales Calvo y tío Pedro; sábese que las sillas pasan ya por el puerto; recíbense noticias favorables de vários arrieros y maragatos; entusiásmanse mayorales y pasajeros; envíase propio a los Nogales en busca de parejas de bueyes; avísase, en fin, a los peones camineros y a las doce del 23, mal que al amo del parador pesase, salimos todos de Villafranca, población bonita en deliciosa cañada a la izquierda de los ríos Burria y Valcarce, llegando a media tarde a Trabadelo, por donde pasa el Valcarce, al cual mis hermanas bajaron Maruja a lavar pañuelillos de mano y otros trapejos, lavándome también yo en sus límpidas templadas aguas, a cuyo pie sentado largo rato contemplé, lleno de indefinible melancolía, la verde pradera en frente, que el labrador atravesaba, vestido de pardo traje al hombro puesta la azada; y en torno mío, la huerta, sembrada de *horto* y altas coles cabe la orilla misma, donde el copudo castaño alternaban los alisos y suspiraba el pajarillo...

Hecha noche en Trabadelo, salimos de aquel lugar antes que el 24 amaneciera y caminamos a Portela, Ambas-Mestas, Abeija y Ruitelán, pueblo en que, uncidas nuevas parejas de bueyes a las galeras, empezamos a subir hacia Piedrafita primera aldea de Galicia, tocando en Herrerías de Valcarce y descubriendo a poco la mensajería de "Pantorrillas" que dejaba el puerto y a nosotros entrando en él, acompañados ya de los peones y aumentadas a las galeras las parejas pedidas a los Nogales. Por mano que veíase ir con nueve, o sean diez y ocho bueyes a la del tío Pedro y con doce a la de Calvo, tras la cual y el carro marchaban nuestro borriquillo y perro negro de lanas, Andrés, llevando del diestro mi andaluz de Carmona, y carreta del país para las señoras de la muy cargada ga-

lera del tío Pedro. En tal orden y atronándonos los oidos discordantes voces y ternos de mayorales y labradores en dos filas al pie de sus pausados bueyes; voces y ternos que, contrastando con el miedo de los pasajeros, perdíanse entre las haldas del a la sazón peligroso puerto, logramos ganar el Castro, desde cuya aldea seguimos hasta la de Piedrafita, en que se descansó y sacó vino en abundancia para todo el que le quiso. La silla-correo acercábase en el entretanto: detiénese algunos minutos y lleva dos caballeros de la galera del tío Pedro, juntamente con una señora. Arregladas las otras tres en la carreta, sin más mullido que un poco de heno, ni más cubierta que la gran bóveda del firmamento, siguen tras la silla y delante de las galeras que, en la forma arriba dicha, empiezan a rodar de nuevo por carril bastante estrecho entre elevadas paredes de nieve, sostenidas las lanzas con sogas de que tiraban peones y carabineros, hundiéndose a cada instante sin poderlo remediar, tan poco sólido y seguro era el suelo sobre que pisaban; carril, donde, en medio del frío de la mañana, no obstante la claridad del sol, encontrábamos arrieros y maragatos con sus recuas, alguno de cuyos mulos, tropezando en las galeras, caíase con la carga; mujeres a caballo, ondeando al viento parte de su desprendido cabello y ropa que en vano sujetaban, y uno que otro viandante, en fin, de trecho en trecho, a pie y mal abrigado. Bajando de la galera, dejada ya en Piedrafita, adelantéme un poco yo y, a pie también, a manera de errante peregrino o aventurero temerario sin más norte que su capricho, miraba a un lado y otro aquel extenso mar de nieve desierto de todo objeto agradable, aquella deslumbrante capa monótona con que la tierra allí se arropaba y entre cuyos pliegues veíanse apenas las gentes que transitaban. Así llegamos a Castelo, lugar en que terminó la nieve. Descendimos seguidamente a Doncos y a los nogales, durmiendo en este último pueblo y haciendo jornada el 25 hasta Gomián por Herrerías de Nogales, Sierra d'horta, Cruzul, Portuz, Santa Isabel, Cerezal, desde cuya aldea descúbrese en larga cañada el hermoso valle Neira del Rey; Campo d'árbol, donde encontramos la compañía ecuestre de Mr. Gargué que iba a Zamora; Constantín, Ferreirós y Sobrado.

Salimos de Gomián el 26 y, adelantando yo en mi caballo con Andrés, acercábame, a poco de amanecer, a Lugo cuando, en compañía de mi primo Pepe y del párroco de Villamayor señor Gómez, descubro en la carretera a Sergio, corriendo a nuestro encuentro. Sorprendidos unos y otros alegremente, entramos todos en la ciudad, volviéndose luego a caballo y solo mi hermano a recibir a la familia que halló al punto y con la cual vino en la galera hasta el parador donde nos detuvimos aquel día, visitados de porción de amigos, y a donde llegó también en breve la galera del tío Pedro, continuando por la tarde viaje hacia La Coruña.

Descargóse el equipaje y, pagando a Calvo lo convenido, tórnase después de comer a Gomián con su galera y carro, llevando mil y mil cariñosos afectos de todos sus pasajeros para los conocidos que en Zamora habían dejado. Ajústanse seguidamente doce caballerías de carga hasta Orense, siete, además, para montar y dos carros del país para la conducción de algunos cajones de libros y un piano. Amanece el 29 y, colocado en las doce caballerías el equipaje, sale del parador con dirección a Orense, síguele en las otras siete la familia, acompañada

de Sergio, Pepe, Gómez y cuatro carabineros, quedando yo solo con Andrés a presenciar la carga de los dos carros que en la inmediata madrugada debían salir también escoltados del quinto carabinero. A caballo, por fin, Andrés y yo, dejamos a Lugo una hora después que la familia, a la cual hallamos cerca de Guntín, donde mi madre, ora fuese por haberse enfriado algo, ora por el paso incómodo del macho que montaba, empezó a sentirse indispuesta, de manera que, a pie un poco en medio de dos personas que, relevándose de trecho en trecho, la sostenían, y a caballo otro, casi en brazos del robusto criado de mi hermano, vino hasta la taberna de Narón. Detenidos breve rato en tan mal albergue, viendo que el dolor no cedía ni era cosa de permanecer allí toda la caravana, hubimos no sin sentimiento de dejarla en compañía de Sergio y Maruja, haciendo noche en Puricela el resto de la comitiva, excepto Gómez que se despidió camino de su curato, y entrando el 28 en Orense con nuestro amigo don Manuel María Santos Placer, quien salió a recibirnos y dejó en el alto de Amoeiro, según dijo, gran cabalgada en que con el mismo objeto iban autoridades, empleados de distintos ramos y otras personas distinguidas de la población, donde antes de cenar fue felicitado mi padre con una serenata, preludio, cual en Zamora, de mil otras felicitaciones que en visitas y por escrito obtuvo luego de dentro y fuera de la capital, a la que el 29 a las cinco de la tarde vinieron mi madre, Sergio y Maruja, alegres todos y completamente buena la primera, en cuya busca había partido al amanecer del propio 29 Don Manuel con una litera que desde San Pejerto ocupó mi madre, juntamente con aquel amigo.

Trasladados todos a Orense, faltaban solo las doce caballerías de equipaje y los dos carros, pero el 30, día en que a las once de la mañana juramos mi padre y yo ante el Consejo provincial, mi padre como gobernador de la provincia, y yo como vocal supernumerario de aquella corporación, llegaron las primeras, verificándolo los segundos el 1 de febrero, unas y otros con excelente tiempo y sin el menor obstáculo, detrimento ni avería; de modo que, aparte del considerable gasto de 13.000 reales ocasionado por una marcha de trece días en estación tan cruda, con tanto número de personas y tan mal camino, sobre todo de Lugo a Orense, fue nuestro viaje feliz cual pocas veces acontece en correrías de esta clase así largas y peligrosas.

MARCIAL VALLADARES
Vilancosta

RAUDA...

PRANTO POLO FILLO MORTO

1. Ó máno sūnéli, máno dobiléli, ó máno artojéli, máno šienpiūvéli! Išaúš pavasarélis, visų sūnélei pó lýgius laukeliùs sù naujomìs žagrélėmis, sù šemaís jautéleis; ó žmonių sūnélei pó lýgias lankelès sù švieseís dalgéleis švytúoja.

2. Ó máno sūnélio búbuoja šemi jautélei, sávo artojėlio pasigènda; ó máno vaikélio rūdýja švíesūs dalgélei.

3. Išaúš pavasarėlis; žmoniú moterėlės po ulytėlės sù glebùčeĭs nešiójas; ó àš vienà, ó àš vienà verkiù pasižiūrėdama; ó àš verkiù, neturiù neí jokiós patiekėlės, neturiù sù kuomì pasidžaúgti.

4. Ó máno sūnéli. máno diemedėli, kàd àš bučau užsiaugìnus, ànt kojėlių pastáčus. Ó máno mažiukėli, àr máno rankėlės taíp sùnkios àr máno žodėlei taíp skaúdūs?

1. ¡Ou meu filliño, miña rosiña nova, meu traballadoriño, meu segador de herba! Chegará a primavera. Os fillos lanzales de tódolos outros han andar polas leiras cos arados novos, cos negros bois; os fillos dos outros homes, coas fouces brilantes, escintilarán por antre os prados louzanos.

2. Mais, por mor do meu fillo, estarán a bruar os seus negros bois, sentíndose da falta do seu compañeiro; e tomaránse da ferruxe os fouciños luídos do meu rapaz.

3. Chegará a primavera. As mulleriñas dos outros homes, carregando feixes, axuntaránse polos camiños. Eu soíña, soíña eu choro, ollando ao meu redor; eu soíña choro, e non teño consolo algún, non teño con quén me regalare.

4. Ou meu filliño, meu arboliño novo, ogallá te eu criara somentes pra mín, agarimadiño sempre no meu colo. ¡Ou meu pequerrechiño! ¿seica tiñan tanta graveza as miñas mans, seica che daban tanto noxo as miñas verbas?

Trad. do lituano
ISIDORO MILLAN GONZALEZ-PARDO
Santiago

UN GAITEIRO

A primeira vez que o vín foi na taberna do Rulo, i eu era rapacete, sobre obra de oito ou nove anos. Non se escandalicen, que eu non iba á taberna a botar un trago. Xa teño contado que iba a me poñer en contas: sentábame coa miña pizarra ao pé do bocoi do Valdeorras, a carón da fiestra, e púñame toda a longa tarde a pescudar, si cinco pipas tran tantos litros, cántos traguerán dezasete.

Tamén hei contar os meus pecados: estando tan perto a cunca da pinguela, baixo da billa de buxo de Monterroso, adoitaba mollar o pizarrillo nela e despóis chupalo. Xa teño dito que foi o primeiro viño que catéi. Si erguía os ollos dos números, dexergaba a traveso da fiestra todo o chao de Quintás deica o Castro, e o centeo dárese en ondas, como a mar, ao amor da brisa, e o ir e vír das mulleres á fonte do Couso, e a cerca da aira, de loureiro román, tan paxareiro, onde tantas niñadas veléi, e a figueira ramona, ao pé da casa, xunto ao palleiro grande.

Pois alí, na taberna, conocín a Ramón Anido, Ramón de Crecente, o gaiteiro. Teño que decir, primeiro, que era moi xinete e que sempre tivo cabalo americano, tordos de longa cola, e inda que montaba sentado demáis, abrindo as pernas e botando cara atrás o corpo barudo, montaba ben. Gostáballe entrar cabaleiro en aldeas e lugares, tocando a gaita, tocando unha muiñeira antiga, rápida e algareira, nerviosa, que arremuiñaba o sangue, como si propiamente lle fixese cóxegas ás veas.

Nas parrafadas que, oito ou dez anos máis tarde, temos botado polo tempo das mallas, ou polos das San Lucas en Mondoñedo, gostáballe decir que si soupera solfa, iba poñer en música todo, "todo o que pasa". Pero o que pasaba, pra el, non eran mesmamente os sucedos do mundo, sinón o ritmo cheo e total da vida, a sementeira e a colleita, o vento e a chuvia, os ríos e as mozas, as nubes e os paxaros, as fontes e o lume do fogar, o amor e as catro estaciós, o viño e a ausencia. Todo o demáis é política.

De vez en veces, aínda decindo seriedades, víñalle ao rosto unha ancha sorrisa, esa sorrisa tan fermosa dos homes maduros, concentrados e reflexivos. Pasábase horas, coa súa navalla de Taramundi, labrando pequenos cachos de madeira, case sempre rostos, rostos de muller, e sabía poñer naquelas facciós afiadas, unha vaga e leda sorrisa amorosa.

Tamén facía mans pra se rañar as costas, de buxo ou de raíz de teixo, e montábaas moi ben, en finas varas de aveleira. (Lembro terme ido a examinar de doutriña, nas vísperas do Preceuto Pascual, co señor cura do Seixo, e mentres me demandaba os artigos,

víao meterse pola gola a man de rañar labrada por Ramón de Crecente, unha man que faguía unha seña, i eu non podía coa risa). Tiña por intención facer un punteiro pra a gaita en figura de San Xoán Bautista, co seu año e todo, pero non sei si chegóu a lle dar cabo.

Cando soupo dos meus primeiros versos —¡qué enorme malenconía a dos primeiros versos!—, díxome dos seus. Eran, xeneralmente, longas enumeraciós, ao meieval e xograresco xeito, de pobos e aldeas, de ouxetos ou de persoas, de manxares ou de albres e froitos. Lembraban ao Arcipreste de Hita, ou ao "Petit Joan de Saintré" de Antoine de Lasalle, que eu atopéi na casa dos meus abós, e no que coas miñas primeiras leiciós de francés, lía toda a cabaleiría da cristiandade europea acabalgando contra "les sarrazins", chea de bandeiras, escudos e alcumes.

Pero eu adeprendín en Ramón de Crecente o gosto polos nomes do país, por esa misteriosa toponimia chea de sombras e beleza, e tamén ensinoume que cada nome de aldea, vila ou lugar teñen a súa cór, e si digo Augaxosa xa estóu ollando a lama verde e a soedade escura de aquela chaira fría, e digo Bián e aparecen o loureiro e a bidueira e o puño de casas brancas, e Fremil, e xa se escoitan, ao soplo do Norde, abanearse as follas do carballo no souto, e mírase, ao sol, a dourada pedra dos lugares. Fremil: coor de outono montañés, como Guermantes, que si o decía Proust, con soio decilo xa o vía na súa cór "mordorée".

Mais, con todo esto, non teño falado de Ramón de Crecente como gaiteiro. Tiña a gaita alegre. Saíalle polo punteiro unha música moza e beiladora, punteada i elemental a un tempo. No adro de San Xoán do Seixo, a carón da portalada románica —seis capiteles cunha frola antiga, na que asoman uns paxaros de infantil rosto mofletudo—, poñéndose a abrir paso á procesión con aquela marcha pousona que el tocaba, a súa música era do mesmo orde, do orde de aquela porta de leviáns e graves arcos, de aquelas froles de longos talos, entrelazados asegún un ritmo natural i expresivo, de aqueles paxaros con cara de neno e os beizos apiñoados pra o asubío.

A música de Ramón era do orde románico, i estaba alí, posta na natureza, coma un rumor máis do mundo e as súas estancias... Por veces entráballe a ventoleira de cambear de palleta, e tocaba unhas tonadas monótonas, cheas de idas e vindas, apurando o fraseo, facendo xirar o canto, como un remuíño, arredor do poderoso roncón: era como unha música de eirexa, unha música sacramental, un prego.

A derradeira vez que o vin foi en Baltar. Houbo que lle axudar a montar o tordo de longa cola, e, xa a cabalo, aínda bebéu unha copiña de xerez doce. Dende a volta que fai o camiño antes de chegar ao bao —un camiño antre duas baixas muradelas de granito, nas que brilan os cristás de mica, tamaños como unha peseta—; dende a volta volveuse a onde estabamos os que o despediamos, i empreñando o fol da gaita, ceibóu ao aire e á luz da mañán setembrina

aquela leda, súpeta, beiladora muiñeira súa. E con ela marchouse polos pasteiros do Norde e as xunqueiras, alén do río e dos millos da valiña.

A Morte —el, que quería en música "todo o que pasa", sabíao— pode vir tamén, no seu longo cabalo de sombra, sobre das ledas notas ou froles da máis leda e ardente muiñeira.

ALVARO CUNQUEIRO
Vigo

O CENTRO GALEGO DE LONDRES

O leitor de GRIAL suporá que hai un Centro Galego en Londres, como o hai en tantas outras cidades espalladas polo mundo. Porque alí onde hai galegos tén que haber un Centro Galego, i eiquí pode que haxa perto de 25.000 galegos.

Así tamén razoaba eu, e non paréi de buscalo nos anos que levo aquí. Veña percurar nas guías telefónicas, veña perguntar a amigos:

—Sí, haberá, porque... haber ten que habelo, ou?

E outros:

—Eu cóidoche que está por alá... por alá por Nonseiqué Street...

Total, que non había maneira de atopalo, e xa me resiñaba a aceitar a ideia de que non houbese Centro Galego en Londres.

Entón empecéi a pensar que se non o había, habería que o fundar, non? Máis claro a iauga. Púxenme a buscar galegos por Londres:

—Home, eu téñoche moito traballo. Non vaias coidar que é que non quero. Por qué non buscas a outro?

—Sí, sí, todo iso está moi ben, pero quén vai pagar?

—A mín non me metas en políticas, ou qué coidas ti?

E, desgraciadamente, outros:

—Hombre yo, ya sabes; te tengo mi vida arrombada y no quiero meterme en esas cosas.

Bon. Pois a semá derradeira atopéi un rapaz novo que estaba entusiasmado ca ideia. O seguinte paso era atopar máis galegos e xuntármonos polo menos unha vez pra nos pór de acordo no que conviña facer.

Resultóu que este meu amigo, que se chama Xavier, tiña un coñecido da Cruña, que era xastre, e facíalle os traxes aos emigrantes. Os xastres ingleses seica non son quén de lle pór o xeito galego aos chileques.

Alá fomos.

—Home, mira tí por onde. Fai dúas semás que se instalóu en Powis Gardens. Pero xa hai moito tempo que funciona. O que pasa é que até agora sempre nos botaron dos locás por cousa do barullo que se facía. Os veciños non querían saber de centros galegos; e, coma sempre había bailes e festas...

Entón funme enterando dos detalles. Agora comprendía eu que non houbera topado co centro denantes. Claro, non paraban; de aquí pra alí pra acolá cos tarequiños ao lombo. Por iso non había nen tan siquer número de telefone.

Unha vez que demos coíl había que ir botarlle unha ollada. E o domingo fomos á tal Powis St., un rueiro afastado xunto a Notting Hill Gate. Facía escuro i estaba a choviscar. Había unha eirexa, e

dunha porta saía unha raxeira de luz marela que daba na rúa, no medio da escuridade. Entramos. Ao fondo dun corredor mirábase a cociña por unha fiestra: unhas raparigas estaban a cociñar polbo, i o cheiro bó chegaba até fora. Entramos nun grande salón. Un individo viuse a nós e díxonos:

—Vds. son españoles?
—Home claro, ¿por qué?
—Porque aquí sólo pueden venir latinos.

Aquilo deixóume abraiado, porque non podía comprender a qué viña semellante estipulación. Pagamos os nosos seis chelíns i entramos. Déronnos un impreso pra facerse socio. Decía: "Centro Gallego en Londres, Cultural & Social Society". Tamén lle chaman Sociedad Cultural Recreativa "Rosalía de Castro".

Nun esceario estaban uns rapaces a facer barullo cuns altavoces i a fervellar cuns cables e guitarras eléitricas. Nas mesiñas darredor había raparigas endomingadas e mozos rexos en camisa e remangados, peiteados de facía pouco, pero xa despeiteados.

Púxemonos a dar unhas voltas. Fomos arriba gardar os gabáns. Un chelín. Baixamos. Sentámonos a unha mesa e falamos cun dos diretivos.

—O noso centro fundouse en 1964, pero nin tiñamos local. Non había capital pra mercar un, e así tiñamos que alugar salóns ou "halls" das eirexas. Os veciños non estaban moi de acordo, e así andivemos até vir parar eiquí.

O directivo pasara dezaseis anos na Arxentina e soñaba con que iste centro chegara a ser coma o de Bós Aires. Díxonos que percisaba de propaganda, que a xente escrebira encol do centro, que se falara, que se soupera onde estaba, cómo chegar a el.

Nisto chegaron unhas tapiñas de polbo e uns vasos de viño.

—Todo isto hai que mercalo aquí, ainda que se podería importar se houbera intrés. Nós ben quixeramos ter Ribeiro e marisco galego. Fai falla unha biblioteca, traguer fitas pra proieitar, conferencias, xente das letras, da radio, dos xornás...

Entre grolo e grolo de tinto íanos esplicando os infindos proieutos: facer un centro do emigrante pra acoller ao que ven a Londres por primeira vez e non ten onde durmir, mercar un local propio, etc.

Logo empezaron a tocar os da orquesta e xa non se poido falar máis, do barullo que alí había; as parexas botáronse á cancha a beillar: houbo muiñeiras, tangos, "pop music". Había rapaciños cas nais nos currunchos; rapaces, xente maior, ...e máis un andaluz.

Nós marchamos de alí con ideias moi difrentes do que coidabamos atopar, pero con grandes esperanzas de que un día iste centro chegue a facer parexa a outros centros galegos de sona e consideración na historia do noso devagar polo mundo pra gañar o pan.

C. DURÁN
Londres

A LÍNGUA GALEGA NA ESCOLA

De acordo cos artigos 14 e 17 da nova *Ley de Enseñanza,* nas rexións bilingües a língua nativa será cultivada na educación preescolar e máis na formación lingüística do ensino básico. Trátase dunha novedade moi importante na orientación cultural española, xa que, deica agora, o ensino oficial non tiña en conta a pruralidade das línguas españolas e limitábase ao uso escrusivo da língua estatal. Dende agora, a Lei asume como obriga o respeito a todas as línguas hispanas e o amparo do seu cultivo docente.

A importancia desta novedade refírese de modo inmediato á eficiencia do ensino, que será tanto maior canto máis se axeite á realidade sobre a que vai actuar. Pro, a maiores desta importancia, verdadeiramente fundamental, da eficiencia do ensino, tamén se aprecia niste feito novo unha característica igualmente interesante: a de un cambio de mentalidade na visión da realidade española. Semella que a evolución natural do país tende a sustituir a vella idea de España, basada na abstracción centralista e uniformadora da estrutura estatal, por unha idea tomada direitamente da realidade española, na súa viva e creadora diversidade.

Naturalmente que a eficiencia do bilingüismo escolar e o alcance desta renovación da idea de España non están garantizadas sin máis polo mero feito da súa existencia lexislativa na forma precisa e concreta que teñen na *Ley de Enseñanza.* Esa existencia lexislativa é un punto de partida necesario, que será ou non fecundo na medida da súa veracidade e acerto aplicativos. Si de veras se aplica e se aplica ben, nin poderemos dubidar dos resultados nin tampouco do cambio de mentalidade, porque ambas cousas estarán patentes na realidade mesma.

O tono elevado que acadóu o debate diste problema e a *unanimidade* con que ao cabo foi aprobada a súa incorporación á Lei nos artigos 14 e 17 da mesma, falan a favor desta nova visión da realidade española a que nos referiamos. A aplicación que se faga da Lei darános a medida dise cambio, que de seu é espranzador polo que ten de apertura á realidade mesma e de superación de vellos prexuicios negadores e negativos.

No debate dos artigos 14 e 17, que tuvo lugar o día 17 de abril, dúas voces galegas erguéronse pra defender os dereitos das línguas vernáculas —que unha curiosa hiperestesia etimoloxista da Comisión preferíu denominar *nativas*—, a de Antonio Rosón, procurador por Lugo, e a de Filgueira Valverde, procurador por Pontevedra. Damos a continuación o texto dos discursos de ambos procuradores tomado do *Diario de Sesiones.*

Previa la venia de la Presidencia, dijo el señor ROSÓN PÉREZ: Mi enmienda al artículo 14 pretende que, al hablar de las actividades del lenguaje en la educación preescolar, se diga también expresamente que en esas actividades entran, para las áreas bilingües, los lenguajes nacional y vernáculo.

La Ponencia me contesta diciendo que "la enmienda número 9 (que es la mía), más las enmiendas de los señores Escudero y Sabaté (mucho más autorizadas que la mía), son innecesarias, porque el texto de la ley no excluye el uso de las lenguas vernáculas en la educación preescolar, y, por tanto, podrá usarse siempre que se juzgue conveniente, sin necesidad de ulteriores precisiones". Esto es lo que aproximadamente me contesta la Ponencia. Habla de ulteriores precisiones y en realidad no hay precisiones ulteriores.

Por eso, lo primero que tengo que decirle a la Ponencia, cordial y respetuosamente, es que parece como si tuviésemos temor a precisar en un punto, en un problema básico, en un problema de raíz, en el que, por conveniencia nacional y para prevenir, asegurar y tranquilizar el futuro es muy conveniente precisar. Por eso yo mantengo mi enmienda y las razones que aducía.

En esencia, se trata de que el empleo de la lengua materna como medio de instrucción, de educación, hasta el más alto grado de la enseñanza, constituye un principio pedagógico actual, de vigencia universal. Lo proclama constantemente la UNESCO; y España, al ingresar en la UNESCO, es indudable que aceptó, como los demás miembros, la validez de este principio pedagógico.

Los principios establecidos por la ciencia pedagógica, incorporados recientemente a la legislación de los Estados, a través de la UNESCO, son absolutamente claros. En los países bilingües la enseñanza ha de iniciarse partiendo de la lengua materna; es decir, los niños españoles, para empezar a desarrollar actividades del lenguaje en las regiones bilingües, tienen que arrancar de la lengua materna, por razones incluso psicológicas que, según los pedagogos —yo no lo soy—, son vitales; y además porque hay que respetar profundamente la personalidad espiritual y expresiva del niño y hacer que desde ella, y no contra ella, aprenda, y aprenda bien, lo que tanto necesitamos los españoles aprender bien, el castellano. No tengo más remedio que mantener la enmienda, que se apoya en unos principios científicos experimentados que, repito, son de aceptación universal. Pero, además, por su magisterio. Me veo obligado a apelar aquí a la propia Iglesia; la propia Iglesia que, rectificando errores del pasado —y yo me permito esta licencia de decir errores del pasado, refiriéndome a las clases dirigentes de mi querida y desventurada región gallega—, rectificando errores del pasado, repito, la Iglesia está realizando sus cometidos espirituales, incluso los de orden litúrgico, empleando las lenguas vernáculas. Y no diré con pleno éxito, porque esas acciones no se miden por el éxito, sino con pleno acierto, conservando y sin romper el encanto y la unidad de la fe.

Se me dirá que todo esto que pido en mi enmienda, tan lacónica, está comprendido en el artículo 1.º ya discutido y aprobado. Tengo que decir al respecto que por no pertenecer a esta Comisión, y no ser enmendante al artículo 1.º, no pude presenciar su discusión ni intervenir en la misma, aunque conozco la altura extraordinaria de

todas las intervenciones de los señores Procuradores a través de los medios informativos.

He leído posteriormente un bellísimo artículo del señor Campmany, al que cito como escritor y no como Ponente, en el cual sostiene que, siendo las lenguas vernáculas una de las peculiaridades más nobles de entre las peculiaridades regionales, tan variadas en España, él considera que por obra y gracia del artículo 1.º han quedado ya definitivamente incorporadas, dice, a los fines de la educación. Y luego, con la galanura de su pluma, dice más. Dice que ha sido ésta una gran conquista de la verdad y la llama la verdad "hermosa y difícil".

Sin embargo, para mí las cosas no están tan claras. Para los señores Procuradores que intervinieron en la discusión del art. 1.º tampoco están tan claras, y me refiero especialmente al Sr. Viola, cuya trayectoria he seguido con atención a través del "Diario de Sesiones". El señor Viola en su primera intervención trató el problema desde un punto de vista absolutamente objetivo, desapasionado; después, en su segunda intervención, se fue apasionando y tuvo una tercera intervención muy fogosa y...

El señor PRESIDENTE: Ruego al señor Rosón, en atención a la brevedad de que hemos hablado, que se abstenga de estas apreciaciones de juicios ajenos, y se concrete a sus propias apreciaciones.

El señor ROSÓN PÉREZ: El señor Viola dio la impresión, a última hora, con sus palabras apenadas, de que algo se había frustrado.

Me permito pedir —y termino— a los miembros de la Comisión, y especialmente a la Ponencia, que tengan en cuenta y acepten de una vez la realidad. Los datos que nos ofrece la realidad española son, señores Procuradores, muy claros. España es un país en el que además del castellano, de la lengua nacional —esa lengua que como decía el padre Mariana es una lengua común compuesta por la avenida de tantas lenguas—, se hablan y se cultivan diariamente el gallego, el catalán y el vascuence, y perdóneseme el orden en que las cito, porque debía hacerlo a la inversa. Todas ellas constituyen el patrimonio cultural español básico, que el Estado tiene el deber de proteger y de garantizar. Con esto sólo, creo que está justificada mi enmienda.

Para terminar, quiero recordar que, como hombre del 18 de julio, como hombre perteneciente a esa tan conocida y baqueteada generación de tan probado amor y lealtad a España, comprendo, entiendo y siento, como muchos más españoles, que a la altura del año 1970 el bilingüismo no es ninguna anomalía. Lo que es una anomalía constante es el no reconocimiento del bilingüismo. El bilingüismo es una riqueza, o expresándolo de otra manera quizá más correcta, es un bien, y una Ley General de la Educación no puede cerrar los ojos a la realidad, a esta entrañable y hermosa realidad".

Con la venia del señor Presidente, dijo el señor FILGUEIRA VALVERDE: Señor Presidente, señores Procuradores, en realidad prosigo mi interrumpida intervención de ayer.

Había dicho que iba a ser claro, pero no había previsto que iba a ser tanto como para que siguiese hablando a las veinticuatro horas,

o hiciese un discurso "por entregas". Os ahorraré, por tanto, lo que había dicho. Era el merecido elogio de la Ponencia y de cuantos la componen, en la redacción del artículo, en el reconocimiento de la realidad de las peculiaridades regionales.

Con este artículo, al tratar de la enseñanza en lenguas nativas, lo que haremos es aplicar aquellos principios generales, como estamos aplicando otros, porque es necesario hacerlo así, de una manera clara, determinada y específica.

No voy a apoyarme en esta intervención en sentimentalismos legítimos, pero ajenos a mi propósito, ni en la defensa de la personalidad de las regiones, ni en la tradición cultural; ni voy a invocar, aunque lo haría de buen grado, a Ramón Llull ni a Alfonso X, ni voy a decir que uno de los más bellos tesoros españoles es la lengua vasca. No voy a hacer nada de esto, porque voy a llevar el problema a donde es necesario situarlo, que es en el terrono de la pedagogía, terreno en que, estoy seguro, la Ponencia hallará feliz acogida para mi propuesta.

Quiero recordar que en este salón, asesorándonos, se encuentra una personalidad a quien se debe un libro bellísimo que todos conocéis. Este libro se titula "Tres hombres y un problema". Los hombres son Feijóo, Sarmiento y Jovellanos. El "problema" es este que tenemos entre manos; es el problema de la transformación de España por medio de la educación; el profundo cambio, la íntima renovación educadora que entonces, hace dos siglos, necesitaba España y que sigue necesitándola.

Una huella de nombres estelares se abre ante nosotros, cada vez que se suscita uno de estos problemas pedagógicos. Es lógico que a la mente acudan constantemente, desde ángulos distintos, Joaquín Costa o Concepción Arenal..., don Francisco Giner o don Andrés Monjón o don Gabriel María Ibarra, como sucedió el otro día. Entre esos nombres yo querría destacar brevemente, porque no quiero convertir esta intervención en una conferencia —que ni me dejaría el señor Presidente ni me tolerariais vosotros—, a aquel gran intuitivo que fue el Padre Sarmiento, que hace doscientos años supo encontrar la razón de lo que hoy podéis —yo diría debéis— llevar a este artículo de la ley.

El padre Sarmiento se enfrentó entonces con el problema de la pluralidad de lenguas en la enseñanza. Fue, quizá, una de las primeras veces que se planteó el problema, y él llegó a unos resultados positivos, muchos de ellos válidos hoy.

Porque aquí no estamos tratando de los idiomas literarios.

Yo creo que el gallego es un idioma, pero es discutible que sea estrictamente una "lengua vernácula". De lo que se trata aquí es del habla nativa del niño, del habla hogareña, de lo que el niño habla en el hogar, de cómo se expresa en estos jardines maternales y en estas escuelas, que son una prolongación de su casa, y en las que la maestra tiene que ser una sustitución de la madre; que hable con la lengua de las madres y que transmita con amor (y esto no es sentimentalismo, sino que es absolutamente pedagogía y es psicología de hoy), lo que entonces sólo con amor se transmite. Y que es necesario transmitirlo en el habla familiar y nativa: de Tomelloso o de Bece-

rreá, de donde procede el Procurador que acaba de hablarnos tan brillantemente en defensa de la lengua gallega.

¿Qué era lo que decía el padre Sarmiento hace doscientos años? Pues se planteaba los problemas de la doble expresión en la adquisición del lenguaje; del choque de lo nativo con lo adquirido; de la posesión de esta nueva lengua; los problemas de la precisión y del dominio del léxico de la nominalización, que todo esto entraña.

Para el padre Sarmiento una segunda lengua sólo podía aprenderse usando como vehículo la nativa. No puede adquirirse una lengua distinta de la usual más que enseñando con la familiar. Las hablas nativas —decía— tienen una riqueza amplísima por su oralidad. No es posible enseñar la lengua usual española, si no establecemos sistemas de equivalencia con el lenguaje familiar, muchísimo más amplio, de que el niño dispone. Para que el niño sepa el valor de la voz "hierba", es necesario que partamos de la serie de realidades que ya el niño conoce, porque el niño rural posee una amplísima gama de especificaciones de "hierbas" muy diversas: "herba" mismo es ya una aprendida abstracción, una generalización. Insisto en que es necesario partir del habla familiar, porque en este artículo no se trata de la lengua literaria y porque en el artículo 17, y es honrosísimo, la Ponencia ha aceptado el cultivo de las lenguas literarias.

El padre Sarmiento nos habla también de lo que sucede cuando se cohibe la lengua espontánea como un vicio, cuando sobre la lengua ingenua se imposta violentamente, produciendo una crisis de personalidad, la nueva lengua, sobre todo cuando ésta se considera como un signo de superioridad y de cultura; cuando el niño cree que está hablando mal y se le enseña a vacilar; cuando se siembran en su alma, por este procedimiento, una serie de frustraciones, de prejuicios, de complejos de inferioridad. Es incuestionable, pues, que el niño necesita que se le hable como le hablan en casa, y que se le enseñe bien nuestra lengua oficial española, por medio de la lengua que la madre está usando. Pero el padre Sarmiento intuyó más; intuyó que la posesión de esta doble personalidad lingüística, el poder contar con dos lenguas desde esta primera escuela, es un enriquecimiento espiritual, y que a quienes poseen esta riqueza les es mucho más fácil adquirir el dominio de otros idiomas.

Hasta el año 1915 no se suscitaron con demasiado rigor científico estos problemas; afloraban sí en el área política, se habían expuesto muchas veces en el área de la defensa de los derechos de las personalidades regionales. Pero es desde aquella fecha con Epstein y Stern, y muy recientemente con Diebold, cuando se han visto estos temas como cuestiones técnicas en los cuales hay que distinguir entre las tierras en que existe un bilingüismo que se llama perfecto, y hasta un trilingüismo, también perfecto, "ordenado", como sucede en Suiza, donde se hablan bien varias lenguas, y aquellas otras tierras de bilingüismo subordinado como sucede en varias zonas de España, donde se produce una lengua intermedia, y se habla mal la lengua oficial; zonas en las que el chico duda y, sin adquirir un buen castellano, pierde, por ejemplo, el gallego. No se trata de esto; se trata de que el niño tenga el gallego bonísimo que todos deseamos, cuando se exprese en lengua gallega, y que pueda llegar a dominar un español lo más perfecto posible. Eso es lo que Galicia necesita.

Termino, señores con un elogio, renovado, a la Ponencia, sobre todo en cuanto se refiere a la redacción del artículo 17, con la seguridad de que tanto la Ponencia como la Comisión aceptarán aquí, en éste, una referencia a la lengua nativa como lengua vehicular. Yo sé que con ello daréis facilidades a los maestros; sé que esto no puede causar ninguna complicación, porque en centros donde hay varios, cuando se trabaja en equipo puede alguno de ellos dedicarse específicamente a estas tareas; sobre todo, Galicia necesita preparar en estos momentos muchísimas maestras para las enseñanzas preescolares, de las que estamos tan necesitados, y en esta preparación puede incluirse todo esto; porque es muchísimo más práctico hacerlo así y porque comportará extraordinarios, grandísimos éxitos en la eficacia de la enseñanza.

Sé que los niños gallegos se sentirán, en cierto modo, redimidos cuando no sufran esto que el padre Sarmiento, quizá con excesiva dureza, llamaba "bárbara costumbre" y "necedad inaudita" del intento de enseñar "otra lengua en otra lengua". Yo os ruego encarecidamente que aceptéis este precepto, y entonces en la lengua de Galicia, en la lengua de los niños gallegos yo os diría: "Deus volo premie. Mellor ben non podiades facernos".

CASTELAO ARTISTA, de Luis Seoane [1]

Algún día Galicia rendirálle un homenaxe a Luis Seoane. Endebén, non será un homenaxe cas "forzas vivas" e as bandas municipales. Seoane non é un home de bandas —nin municipales nin das outras— senón un traballador infatigable, unha vida enteiramente ao servicio de Galicia. Maxino cal sería o homenaxe que máis lle iba acaer: un libro no que xente curiosa e amiga fora analizando e mostrando ao lector os aspectos parciales, as facetas desa inmensa vocación de inteleitoal ao servicio da comunidade que Seoane reflexa en cada unha das súas actividades: pintor, grabador, ceramista, poeta —e gran poeta, tan grande na poesía como na súa actividade plástica—, home de teatro nos seus máis variados aspectos: decorador, dramaturgo, crítico. Compriría falar tamén do Seoane inconcebiblemente activo nas comunidás de emigrantes galegos, do Seoane que crea revistas, editoras, emisiós radiofónicas, que ilustra libros, que alporiza aos inxenuos ou aos tépedos, que loita e polemiza, que ergue a súa paixón con mesura, porque hai sempre en Seoane un alicerce fondísimo de respeto aos máis, de paixón controlada, de humanísima disciplina que sólo se encende en lume asañada e faiscante —xenerosa ira— diante a parvada de mala fe. Maxino este libro de homenaxe e penso si haberá en Galicia xente dabondo pra dar conta cabal de toda esta actividade de Seoane, probada na eficacia. Non quixera aproveitar o espacio dunha nota bibliográfica pra adicalo a facer himnos á amistade. Himos diante os que o mesmo Seoane íbase sentir incómodo. Digo todo esto tendo diante a adicatoria deste "*Castelao Artista*": "A Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado, por todo canto fixemos xuntos en Buenos Aires, perdendo. Por canto soñamos en Galicia dende Buenos Aires, escribindo, pintando, loitando e perdendo. Soios". Eu sei do maxisterio de Seoane cabo dos nomes novos da Galicia de B. Aires —Palmás, Pérez Prado, a inesquecible Elsa, e cito sólo os que eu conozo. Foron eles os primeiros que me falaron de Seoane, e deles recebín aquela revista espléndida, "Galicia Emigrante", que algún día quixéramos ver imitada.

Chéganos agora este "*Castelao Artista*". A bibliografía encol de Castelao é aínda moi esquía. Encol de Castelao artista tiñamos un primeiro achegamento no libro de Zubillaga "*Castelao no arte galego*", forzosamente limitado pola súa brevedade. En España, os capíduos que lle adica Valeriano Bozal en "*El Realismo*" e máis no "*El Realismo plástico en España*". Tamén os traballos pubricados nunha espléndida páxina de "La Voz de Galicia" co gallo da aparición do album "*Dibuxos de negros*". Poida que algún traballo máis que eu desconoza. Hai unhas semáns vimos como nunha escolma —amplía por outra parte— do humorismo gráfico en España, non aparecía nin xiquera a faceta máis accesible do arte de Castelao. Fora de Galicia, o nome de Castelao non se conoce. E dentro de Galicia corremos o peligro de caer nunha beatería feita de palabras valeiras, un lindeiro de tópicos insalvables. Penso por exemplo no

[1] Ed. Alborada. Buenos Aires, 1969.

que aínda hai pouco decía Blanco Amor dunha "probable mitificación que pode dare nunha desintelixente e pouco agradecida adeministración do seu herdo. Hai que defendelo, incruso dentro de nós, desta posible desviación que nos levaría a caere nun culto estantío". Falaba Blanco Amor do remoquete de "biblia galega" que algúns véñenlle dando con desafortunada teimosía ao "*Sempre en Galiza*", i engadía unha frase de Castelao: "Os que me chaman *patriarca* estánme a propoñer un enterro de primeira. ¡Que se patriarqueen eles!". Diante a beatería conmovedora e peligrosa —a mesma que deformóu a face real de Rosalía— compre encetar o estudo serio da obra e do calco de Castelao. Será o mellor homenaxe que lle poidamos rendir agora, ao cabo dos vinte anos da súa morte no esilio. A obriga acáelles de xeito especial a cantos o conoceron e o trataron. Non temos aínda unha biografía de Castelao. O libro de Marcial Fernández, "*Trascendencia y hondura de Castelao*" é un libro de circunstancias; o espléndido número especial de "A Nosa Terra" pubricado no ano do pasamento de Castelao, resulta hoxe inasequible. Atopámonos pois diante unha tarefa urxente. As dificultades conocémolas todos, pero penso que non é imposible facer unha edición dos seus álbumes da guerra e reconstruir a lembranza de Castelao antre os que viviron coil nos seus anos derradeiros. Seoane, neste "*Castelao Artista*", refírese ás lembranzas de Luis Soto, que acompañóu a Castelao no seu viaxe polos EE. UU. e Cuba, lembranzas que esperamos se publiquen algún día. Compre salvar todo este material. Verdade é que encol de Castelao temos o testo básico: o seu "Sempre en Galicia", espresión das súas angueiras i espranzas ao longo dos anos máis vougos, complexos e dramáticos. Pero non abonda.

O libro de Seoane foi preparado no ano 1950. Tiña que formar parte dunha obra coleitiva que enxergaría tamén a Castelao dende as diversas perspeitivas da súa laboura política, e do seu quefacer literario. O espléndido proieito non se realizóu. Agora, visto este traballo de Seoane, aínda o sentimos máis. Esperamos que algún día se publique o traballo de Blanco Amor encol da laboura literaria de Castelao, ou as lembranzas de Rodolfo Prada.

Seoane pola súa parte non se limita a facer un estudo aséptico do arte de Castelao. Máis ben, cunha cárrega polémica considerable, inxíreo no ámeto político do seu tempo. Tamén nas súas relaciós co arte espresionista alemán —que Seoane conoce moi ben. O estudo de Seoane colócase baixo as cordenadas dunha frase de Baudelaire: A crítica "debe de ser parcial, apaixoada, política, é decir, feita dende un ponto de vista que abra máis horizontes". Castelao está no seu tempo cunha fecundidade incontestable. O seu arte, tan fondamente galego, apóiase, polo que aos seus alicerces técnicos se refire, nunha etapa crucial do arte europeo, na súa etapa de másima politización —aínda o surrealismo tivo moito de esperencia política— e as palabras de Dieste acadan unha siñificación relevante neste aspecto: "As súas armas son as verdades que entran polos ollos, e o seu arte é un xeito de falar galego dibuxando. Mostrádellas a quen viva en morna indiferenza. E si hai alguén que non desperte véndoas, é que ten xa o peito valeiro de ilo vendendo pouco a pouco". Este é tamén o ángulo dende o que Seoane enxerga a obra de Castelao. É posible que esistan tamén outros. Esta é a fecundidade da obra xenial: cada época pode atopar a perspeitiva máis axeitada pra arrincar dela unha circunstancial fecundidade. O que vemos hoxe nos "*Dibuxos de negros*" é posible que non o vira Castelao con tanta craridade. Pero alí o puxo. I elo permítenos enxergar estes dibuxos coma si responderan ás angueiras do mundo negro tal coma hoxe bule e se revolta. García-Sabell pronuncióu hai anos en Barcelona unha conferencia de moi fondas resoancias encol do album "Nos" —conferencia recollida no número 27 de GRIAL— baixo a afirmación básica de que "A adicación de Castelao a Galicia é un valor ético que se realiza atraveso do arte", e amostra como "as soluciós políticas que Castelao siñala pra o futuro de Galicia van evolucionando ao longo da súa esistencia: movimentos de reivindicación agraria nun estremo, socialismo humanista no outro. Pro o seu arte non cambea de signo en toda a vida". Penso que é afalagador constatar que neste ponto concreto todos os galegos pensantes están acordes.

O cabodano de Castelao non deu o froito cuantitativo que esperabamos —non o deu polo menos polo de agora— pero penso que puxo as bases pra o que hoxe é xa unha esixencia. Non nos podemos conformar ca visión beata que nos alonxe a Castelao nunha deformación inconsecoente e inoperante. O libro de Seoane é un fito inicial nesta laboura.

O libro, cun Epílogo sustancioso no que Seoane pasa revista á bibliografía xurdida encol de Castelao nos derradeiros anos, vai acompañado dunha escolma —moi ben feita— de estampas e dibuxos de Castelao.

B. LOSADA

EL VIAJE A GALICIA DE URRABIETA VIERGE (1880), por José Filgueira Valverde [1]

Daniel Urrabieta Vierge é un artista que recorréu a nosa terra e recorreuna amorosamente acollendo coa meirande sensibilidade o encanto das paisaxes, o latexar miudiño do solpor nas rúas silandeiras e a emoción das xentes na xeira cotián da festa ou do traballo. Do seu paso quedaron moitas notas, dibuxos que agora podemos conocer gracias á moi ben pensada escolleita de X. Filgueira Valverde.

O senso artístico, a sensibilidade que acouga no esprito de Urrabieta Vierge foi herdada de seu pai, don Vicente Urrabieta Ortiz, e na esculca inqueda do rapaz ergueuse a estampa romántica nos camiños do cuidado libro e no decorrer dos xornales. A vida ten que ser refundida nos mornes aconteceres do artista, e, de man maestra, sitúa Filgueira os máis agudos roteiros que recolleron a vida e acougaron a obra.

É preciso señalar as datas das xeiras por Galicia. Sería a primeira polo ano 1865 tendo en conta que no seguinte aparecen os seus dibuxos ilustrando o traballo de Villaamil y Castro: "Provincia de Lugo", que forma parte da *Crónica General de España,* "son dibujos puramente informativos, sin aliento artístico". As ilustracións son: unha de paisaxe e outra monumental. A primeira ten como tema o paso do río Sil por Monte Furado e mostra o comenzo do arco de túnel por onde se meten as augas do río que figura no primeiro plano. Abundan as penedas que semellan enlousado do monte. A segunda ilustración é a fachada principal da catedral de Lugo falta de unha das torres que remataría o arquitecto Cobreros.

Concédelle Filgueira "mayor interés" a unha curiosa ilustración que representa un alpendre, lagar e galiñeiro, onde hai roupa a secar, galiñas e pitos pequenos, homes e un rapaz; están tomando "a parva" e algún quizáis máis lixeiro a comer escribéu coa fouciña na parede: "Guacinto Jómez", pronunciación que lle chamaría a atención a Urrabieta sin decatarse de canto esforzo supuxo pra as xentes de Galicia adequerir esa falta no linguaxe.

O segundo viaxe do artista ten un triste motivo: Morrera seu pai no mes de Nadal do ano 1879, e pouco despóis morre o seu tío de Pontevedra; Urrabieta quere distraer a súa nai na compaña de súa hirmá Lola e algunha que outra vez co seu grande amigo "el original y delicado pintor Martín Rico".

O viaxe ten pra Galicia unha importancia moi grande pola calidade do artista e máis pola falla de traballos nestes anos. No seu camiño andado hai tres lugares preferentes: Santiago, Pontevedra e Tuy. Santiago doulle ao dibuxante temas de grande intrés dende os pelengríns deica as tellas e chamineas, xentes e moimentos, santos, procesións e botafumeiro e a impresión do enterro denoite

[1] Bibliófilos Gallegos. Colección "Obradoiro" XI. Santiago, 1969.

e outros motivos do campo dos arredores da ciudá, principalmente Conxo. En Pontevedra ten o campo tamén as súas motivacións e os lugares de certas resoancias de antergas tradicións como Santa Margarida ou Lérez e o vivir da ciudade, a feira, a tendiña, as xentes na rúa. Pontevedra gardaba emocións familiares que lle traían lembranzas e garimosos recordos que reviven agora e gardóu pra sempre quizáis. O viaxe a Tuy doulle motivo pra chegar a Portugal, onde tomóu notas de muíños de vento e de tipos portugueses. Na ciudade siguéu a súa xeira recollendo garimosos rinconciños, balcóns, xentes máis ou menos populares e rúas co seu clásico soportal.

Con acerto van ademáis dos datos da vida do artista, que nacéu o 5 de marzo do 1851, en Madrí e finóu en Boulogne-Sur-Seine o 10 de maio de 1904, os eloxios de José María Heredia e de Apeles Mestres, a relación dos 97 apuntes do viaxe, as crónicas francesas das Festas Compostelans coas ilustracións do Camarín do Apóstol, a Procesión Mitrada cando pasa o Botafumeiro e a entrada de unha peregrinación pola Porta Santa, e dous capítulos coa bibliografía e os eloxios nos prólogos.

Corenta e oito láminas, ademáis das ilustracións que van na compaña do texto, permiten estimar profundamente a un artista que parece que andaba pillando motivos, xestos e costumes colléndoos como un lóstrego que fuxe. O mozo que estaba diante das escaleiras de San Martín con aire de festa e distinguido señorío, está así, "pillado" con seguro, pero lixeiro lápiz, pola espalda, recollido con moito apuro, denantes de que marche. Os camiños festeiros, o xogo da tixola, e o chamuscado do porquíño quizáis con fachicos de colmo ou con chamuscas de fento, son acertos de espresión e sinxeleza. Lixeiro no seu apunte leva sempre a máis outa sinceridade estética; sirva de exemplo a aguada da lámina 40 que titula "Una elegante" e que moitas veces chamábanse "o figurín" polo seu ben posto traxe.

O viaxe de Urrabieta Vierge non podía esconderse por máis tempo, e temos que felicitar a quen puxo ao noso alcance "los rápidos y nerviosos apuntes" dun artista que do seu camiñar pola nosa terra deixóu unha obra cargada de acertos e realizada con afervoada pasión de mocedade.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A MULLER DE FERRO, por Xosé Neira Vilas [1]

A obra de Neira Vilas viña avanzando dun xeito demorado, sin crebas súpetas, dende as *Memorias dun neno labrego* hastra as *Historias de Emigrantes*. A realidade galega —albiscada a traveso do tempo e da memoria— e a realidade da emigración eran os temas constantes. *Historias de Emigrantes* dábanos, hai apenas un ano, a imaxe máis real e ferinte que a narrativa galega teña plasmado da emigración. Sin mitificación nin efectismos, todo o drama do desarraigo quedaba vivo e patente nunhas historias cortas que contan entre o máis denso e dramático da prosa galega. Dentro do realismo dominante nesta obra que semellaba xurdida compacta e sólida —e invariable— percebíase un proceso de intensificación, cada vez máis axustados os recursos expresivos, limitada a narración a apuntes breves, pouco discursivos, cunha prosa cinguida, áspera ás veces, aceda e crispada. Dende o seu primeiro libro, *Memorias dun neno labrego*, o autor fórase esvaíndo do relato, a materia da narración era cada vez menos autobiográfica. A lembranza iba esmorecendo e a realidade ouservada —o mundo galego da emigraci5n— acadaba unha plasmación cada vez máis ispida en intensidade.

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1969.

Agora ofrécenos un feixe de narraciós breves, contos máis exactamente. Pero moi lonxe dos do seu *Xente no rodicio,* estes contos parten dun desplegue de fantasía e intensifican o ambente con recursos que están lonxe do seu adoitado realismo. O ámeto destes contos é aínda Galicia, pero o contorno físico do relato —por mor precisamente desta intensificación— vai acadando unha resoancia inconcreta. Non é a Galicia real, vista ou lembrada nos soños da nenez, senón unha Galicia dramáticamente soliñada, cunha febra soterraña de traxedia escura e vouga. Nos mellores contos de *A muller de ferro,* Neira Vilas asimila con difícil orixinalidade o xeito espresionista —espresionista de antes de que o espresionismo fora unha fórmula— da narrativa fantástica norteamericana. Nalgúns deles pódese percibir un eco de Cortázar. Pero un Cortázar perfeitamente asimilado e transido de galeguidade —porque Galicia está presente nestes contos, por riba ou por baixo de todo simbolismo. A intención simbólica aposta coma unha máscara intensificadora a esta realidade base, vai nembargantes muito máis aló do xogo técnico, do requinte de habelencia creadora. Xunto cos contos de *Vento Ferido,* de Carlos Casares, éstes de Neira Vilas marcan unha superación dos procedementos da "nova narrativa galega". Esta escola —"ecsola" por chamarlle dalgún xeito e salvando as diferencias evidentes entre obra e obra, entre autor e autor— apontóu unha corrente de novidade e inquedanza, e agora empezamos a ver clara a súa fecundidade, por riba do que tivo de fórmula e máis de eco. Si máis non, servíu pra abrir vieiros novos á narrativa galega que nun intre estivo a pique de varar na imitación estéril da gracia de Cunqueiro —inimitable e seu esencialmente—. Contra o engado escintilante do mundo cunqueirán tan difícilmente maxistral, reaccionaron os novos narradores abríndose ás técnicas entón máis novas da novelística europea. E os logros foron evidentes. A "nova narrativa galega" foi sen dúbida o movimento máis fecundo entre os varios que polos mismos vieiros agromaron na Península. As obras ehí están. Pero o que a "escola" tiña de escesiva preocupación instrumental tolléulle as súas posibilidás de resoancia popular. Agora, superado o que houbo de moda ou de actitude naquela esperencia, comenza a agromar o seu esforzo con superior fecundidade. *A muller de ferro* é unha proba cabal.

Non é alleo este quebro súbito da narrativa de Neira Vilas ao influxo da narrativa sudamericana máis nova. Cortázar por exemplo, xa citado. E poida que algún outro, a pouco que furáramos na percura de coincidencias. E sinon sempre nos resultados, este influxo é evidente na actitude. A valoración da fantasía —fantasía desacougante, dramática, retorta— é o logro maior deste fecundo influxo. Kafka e Capek, tamén Faulkner, están no fondo desta revalorización da capacidade maxinativa, que laboura en intensidade, non en distensión. Os novos narradores americanos tiveron ao seu tempo a Kafka nas mans, en espléndidas versiós casteláns realizadas na Arxentina polos anos 1949 e 50, e que aquí non chegaron ou o fixeron a destempo e por camiños revirados. ¿Quén en España leía a Kafka por estes anos? ¿Quén entre os novos lembraba as ediciós de Capek feitas na anteguerra pola "Revista de Occidente"? Neira Vilas, como todos os autodidactas —e as promociós universitarias españolas dos primeiros anos de posguerra foron autodidactas, pois nada útil e á altura dos tempos podían recibir daquela Universidade que sofrimos— asimilóu estas influencias con retraso, pero non con esterilidade. Si os narradores galegos mozos dos anos 60 percuraban un xeado ouxetivismo evitando toda referencia ambiental, posiblemente por noxo ao folklórico e aos ecos dun ruralismo limitado, Neira Vilas e Carlos Casares volven a unha realidade galega moi concreta, pra inxerir nela un vóo maxinativo e intensificador muito máis doado no conto que na novela.

É difícil escoller entre estes contos de *A muller de ferro.* E non precisamente porque sexan moi iguales. Un dos méritos do libro é precisamente a súa diversidade. Hai algún, mália a todo, nos que a intención simbólica é evidente demáis —"O señor Manuel" por exemplo— e poida que os mellores sexan precisamente os que máis lonxe están do xeito realista dos contos de *Xente no rodicio* ou *Historias de emigrantes.* Contos coma "O corgo" ou "A casa engruñada", son do mellor do libro. Precisamente aqueles en que o xeito novo é máis patente. I ésto de por sí xa é prometedor. Neira Vilas, no intre en que a súa obra parecía

coallada nun crecente de madurez, bótase a pelegrinar novos camiños. O máis fecundo narrador galego da posguerra —o máis leído tamén— enceta unha percura aventurada. En *A muller de ferro* hai tres ou catro contos estraordinarios, e o resto non desmerece. Queda por ver si a novedade deste libro é algo incidental na obra total de Neira Vilas, unha reviravolta con valor de pescuda técnica que arrequente o seu mundo narrativo habitual, ou ben un vieiro tentador capaz de levalo a unha renovación técnica radical. Neira Vilas, hai tempo xa —pra muitos dende a súa primeira novela— deixóu de ser unha promesa na narrativa galega. É unha sólida realidade. Por máis que aínda esperamos a gran novela que con toda seguridade nos dará. Porque Neira Vilas ten visión de novelista e dispón do lingoaxe narrativo máis eficaz entre os escritores galegos xurdidos tras da guerra.

B. LOSADA

SABENCIAS, de Alvaro Paradela [1]

Álvaro Paradela —ou Amaro Orzán, que tanto lle é— ten unha bibliografía abondosa en língoa galega. Unha bibliografía un tanto fantasmal, pois os seus libros, que poida que pasen xa da ducia ben complida, foron publicados polo propio autor, en ediciós non venales, destinadas aos seus amigos —que son muitos— e ás veces tamén aos seus enemigos, que non son menos, pois Álvaro Paradela ten a virtude de alporizar, de encarrexar aos inxenuos, aos benpensantes e aos conformistas. Pero os que non somos nin amigos nin enemigos témonos que conformar cos seus artigos dende hai tempo cada vez máis raros.

Anos atrás semellaba imposible abrir un xornal galego sin atopar as prosas abelloantes do bon médico i escritor da Cruña. Hai doce anos, recoñecía que levaba escritos máis de tres mil artigos, cifra asoballante, e máis si temos en conta de que raramente escribe Amaro Orzán sin propósitos ben definidos, sin apuntar a un blanco ben concreto, cunha ardentía e unha xenerosidade —xenerosidade, repitámolo, tamén ás veces irritante— que non abonda nas letras galegas.

Este *Sabencias* que agora aparece nas librerías, pode supoñer o inicio do contacto normal de Álvaro Paradela cos seus lectores. Pode supoñer que todos os que o admiramos, e que non formamos nas filas dos seus amigos conocidos nin dos seus alporizados enemigos, poidamos facernos cos seus libros. *Sabencias* é un diccionario informal —un "definicionario" dí o autor— no que se amostra en todo o seu poder a prosa faiscante ás veces arbitraria, sotil e rebuldeira —rebuldeira e ca súa cárrega ferinte ben acochada, pra que fira máis— do noso raro e indomeñable escritor. Hai nestas definiciós, lóstregos de brilantez, frases definitorias ás veces asañadas, e sempre unha intelixencia irritante que xoga cas ideas cun arte de prestímano. Libro estraño, incoherente, enrabechado e lúcido. Libro dun escritor persoalísimo que avanta pola vida aguzando as aristas da agresividade, cunha árdiga independencia capaz de amolar aos conformistas e aos asisados, e ás veces capaz aínda de facerlles cavilar. Algunhas destas definiciós percuran sólo o xogo lostregante do inxenio. Outras pola contra calan moi fondo, máis alá da intrascendente brincadela.

Álvaro Paradela —complidamente o amostra nestas muxicas sorprendentes— é un dos escritores galegos con máis posibilidás cara unha creación literaria de resoancia popular, unha obra que chegue ao pobo, que se merque nas feiras (o día que nas feiras se vendan libros) que chegue a leerse nas lareiras labregas. O seu lingoaxe é a fala viva, muitas veces tamén cas fallas e vacilaciós da língoa oral. Pero o que resulta indiscutible é a súa enorme eficacia espresiva. Non sei si na abondosa e fantasmal bibliografía de Álvaro Paradela haberá algunha novela, un feixe de contos, pero penso que nel hai un escelente narrador si logra superar a súa preocupación pola prosa aforística, polo efecto sorprendente. A concentración espresiva destas *Sabencias* podería inxerirse ao servicio dunha trama maxina-

[1] Ed. Galaxia. Vigo 1969.

tiva, asentada tamén na realidade galega que o autor tan a fondo coñece, non en vano vivéu co pobo moitos anos, nesa intercomunicación de másima fondura que sólo o médico pode conquerir. Amaro Orzán —ou Álvaro Paradela, que tanto lle é— leva esa Galicia no fondo das entranas. I esperamos que algún día nola ofreza, atraveso da súa esperencia de escritor.

X. GONZÁLEZ

PÁGINAS DE MONFORTE, por Germán Vázquez [1]

Si fora doado sintetizar nunha soia frase o libro de Xermán Vázquez, nós diríamos que nas súas páxinas valeiróu o autor todo o seu grande amor pola bisbarra monfortina que o víu nacer.

O libro, xa que logo, é un canto profundo de agarimo ao país de Lemos, e nel refréxanse as fondas saudades e grandes inquedanzas que, pola súa terra, latexan na ialma de Xermán Vázquez:

"...Lemovia, pobo esgrevio, grande e lucente...".
"Lemovia, frol...
Lemovia, chama acesa de amor...
Lemovia, cantar...".

O contido de *Páginas de Monforte* é variado, e os temas tratados nas mesmas abranguen oito grupos, cada un dos que amósanos facianas desemellantes do devalar de días e feitos de Monforte de Lemos.

O primeiro grupo, "Notas históricas", descóbrenos aspeitos pouco coñecidos de esgrevias xentes do país de Lemos, con axeitadas puntualizaciós encol da natureza monfortina do Cardeal Rodrígo de Castro, "o máis excelso de todos os monfortinos", ao que se lle deben as mellores alfaias moimentales da vila. E non menos intresantes son as dúas cuestiós sobre do Sétimo Conde de Lemos "un galego universal", que propicióu a obra e laboura de xenios literarios como Cervantes, Lope de Vega, Quevedo e outros de menor outura. Cheos de lembranzas íntimas son os artículos contidos en "El pasar de los días"; e na terceira parte, "Monforte como tarea", quérenos o autor amosar os vieiros que os monfortinos teñen de seguir pra erguer o nome e o esprito da súa terra, e, ao mesmo tempo, non deixa de ser unha chamada á concencia de todos os galegos diante de cuestiós da meirande aitualidade. Bucólico é o grupo de artículos que constituien "Paisajes y evocaciones", mentras que o "Monforte anecdótico" leva cabo de nós seis fermosos retazos da historia "non escrita" da terra de Lemos. A "Síntesis monumental y artística" comenta as obras máis merecentes da vila, testimuña do seu pasado grorioso e relembro perenne da súa importancia na Edade Moderna.

Complementan o libro, "Un cuento" e unha escolma de "Prosas galegas de Monforte", das que dúas, por riba das outras, na nosa estima, léense con verdadeiro engado. Son elas: a adicada ao "Día das letras galegas":

"...o día do idioma galego, renacente e puxante, escuma e nervio insustituibre de todas as posibilidás",

e o lírico e saudoso "Meu canto a Lemovia", cabo e resume deste fermoso libro, escrito con tanto amor e sentimento, que quixeramos facer nosas as verbas do seu autor cando dí:

"...na ideia de que non hai nada máis xeneral que o particular. E, poderíamos asegurar que tampouco hai un sentir máis universal que o que ten o seu inicio no propio pobo...".

R. BARRAL

[1] Ediciones "Celta" Lugo, 1969.

MÁQUINAS E TREBELLOS PRA LABRAR A TERRA, por Luis Odón Abad Flores [1]

Fai pouco que "Ediciós do Castro", da Cruña, editóu o *Catón Galego* de Ben-Cho-Sey, que eu considero o primeiro libro feito pra a escola galega de cara a un futuro bilingüe que agardamos dende fai moitos anos.

Agora aparece outro libriño: *Máquinas e trebellos pra labrar a terra,* complemento agrícola do CATON GALEGO da mesma editorial, do que é autor o Inxenieiro Agrónomo Luis Odón Abad Flores, home xoven moi vencellado ao noso campo polo seu traballo e a súa devoción ás cousas campesiñas.

Niste libriño contrapóñense as vellas ferramentas labregas ás novas máquinas que se deben usar agora no noso campo, e danse unhos sinxelos consellos pra a millora agraria da nosa terra.

Pra min canto se faga niste senso merece aprauso; pro penso que hai que ir a unhas pubricaciós máis sinxelas e baratas que poidan mercar sin esforzo os nenos das nosas escolas.

A lista de libros en galego pra as escolas é ben cativa, cousa lóxica si temos en conta que deica agora non están autorizados oficialmente.

Na exposición bibliográfica celebrada no Círculo de las Artes de Lugo no 1963 reséñanse os libros seguintes:

La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia. Lugo, Soto Freire, 1868. (O autor é Manuel Murguía. A obra, en castelán, non é allea ao problema do galego na escola. Véxase o Cap. "El Dialecto") [2].

Notas viejas galicianas, de Pablo Pérez Constanti. Vigo, 1927 (interesa só a páxina 388 do t. I.) [2].

O galego na escola, de Juan Vicente Viqueira. In Viqueira, "Ensayos y Poesías". La Coruña 1930.

Método de lectura, de Josefa Iglesias Vilarelle. S. E. G., 1932.

Libro das primeiras letras, de Xosé Ramón Fernández-Oxea, 1936. (Inédito. Expóñense tres follas. O groso do libro encóntrase na Sección "Inéditos") [2].

Nociones de lenguaje, de M. Porcel y Riera. "Vocabulario gallego-español". In Porcel, "Curso completo de Enseñanza Primaria", Palma de Mallorca, 1942.

Anaquiños, lecturas gallegas de M. Fernández Novoa. Barcelona. Salvatella, 1950.

Los niños gallegos, de José Ramón Fernández-Oxea. In Ga., núm. 294, 1957.

Enciclopedia pró neno galego, de Antía Cal. (Inédito; premio do Lar Galego de Caracas, 1958. Son 522 páxinas, máis ilustraciós. Consta de: Prólogo. Formación do mundo. Xeografía descriptiva. Galicia. Historia. Apéndice: A Hixiene) [2].

Os nenos galegos, de Ben-Cho-Sey. El proyecto de "As roladas". In L. N., 1960.

No 1935 cando eu me preparaba pra as Oposiciós a Ingreso no Maxisterio nunha Academia da Praza compostelán da Quintana, o Direitor, Sr. Barreiro encargóume de correxir unha "Xeografía galega, prás escolas" que penso que xa entrara no prelo cando a Guerra Civil.

Distes libros eu uséi na miña Escola Agrícola da Granxa Barreiros de Sarria (Lugo) ANAQUIÑOS, único que naquiles tempos se atopaba encol de temas galegos pra o insino.

Un Mestre xoven e intelixente, Valentín Arias López, ten preparado un libriño de lecturas que penso debe pubricar axiña.

Estamos nun intre de grande intrés pra o porvir cultural da nosa terra, o que quer decir que estamos facendo un futuro millor pra Galicia.

A. POUSA ANTELO

---

[1] Ediciós do Castro. Coruña, 1970.

[2] Notas dos profesores Alonso Montero e Ramos de Castro, autores do Catálogo da Exposición Bibliográfica: CEN ANOS DE LITERATURA GALEGA, 19-12-1963. *Círculo de las Artes de Lugo.* Instituto de Estudios. Sección de Publicaciones.

A PARROQUIA HOXE, por Barreiro, Maure, Chao, Alvilares, Gómez Barros e Torres Queiruga [1]

A Parroquia hoxe é o libro co que a Editorial Galaxia inagura unha nova colección: "Xeira Nova". Colección que trata de recoller as inquedanzas de pensamento cristián e a súa aportación á laboura común do que facer galego.

Iste libro é froito dunhas xornadas de refleisión tídas en Pontedeume en marzo do 1969, e que, como moi ben dí Torres Queiruga na súa presentación, vén ser un "paso modesto e inseguro, cuio maior mérito é, sin dúbida, a súa valentía de esistir, o seu coraxe de botarse a andar".

A Parroquia é —ao menos polo de agora— a célula fundamental da estructura eclesial, compre pois afrontala con urxencia e dun xeito anovador. Velahí a razón do libro.

X. R. Barreiro percura o destiño histórico da parroquia dende as súas orixes de sinxelo servicio evanxelizador da comunidade, hastra o aparato xurídico con marcado senso territorial de tipo feudal e a súa correspondente polarización cultual. Despóis dunhas breves notas da súa Teoloxía afincada no esprito misioneiro, remata coa realidade concreta da parroquia galega que ben conocemos todos, antre cuias características destácase o feito migratorio que vai creando ises mónstruos artificiales que veñen ser as micro e macroparroquias.

O Esprito da Misión, apuntado xa por Barreiro, é tratado por Xulián Maure no seu traballo tiduado: "Algo encol da Misión". Tras unha breve eiséxesis bíblica do siñificado de "enviar" e o seu contido: o Evanxelio, suliña Maure o respeto ao mundo máis ao home concreto co que se debe espallar pra que o encontro sexa auténticamente humán nunha autonomía de proceder de homes verdadeiramente libres. "Non se trata de respetar unha astración mental —o animal racional— xa que acabaríamos por respetar as nosas ideias, a nosa única concepción das cousas. Ante o home concreto hai que renunciar a toda astración, anque leve o calificativo de teolóxica. Por eso é condenable todo proselitismo, por postergar ao home ante a seita". Con Robinson distingue tamén tres tipos de misión ante tres tipos de sociedade: A precientífica artellada co vencello da "dependencia" ante a natureza; a capitalista coa súa valoración individualista da "independencia"; e a socializada que percura unha máisima persoalización dentro da "interdependencia".

Chao Rego espón de xeito ben concreto as limitaciós estructurales que asolagan a parroquia de hoxe, tanto na evanxelización, como na Liturxia como na mesma Administración na que o clericalismo, o minifundismo e a falta de probeza —que non quer decir tan soio abundancia de cartos— son espoñentes ben claros destas limitaciós.

Por fin Alvilares máis Xaquín G. Barros abeiran o problema do laicado, fundamental na concencia cristián de hoxe.

A laboura analítica de Alvilares enxerga nidiamente a concencia cristián galega xurdida principalmente nunha corrente platónica tradicional que tanto estafóu o Evanxelio hastra hoxe; naturalmente non faltan outros aspectos sociolóxicos que tanto condicionan a dinámica cristián.

Finalmente Barros dá unha liñas de promoción encarriladas fundamentalmente en tres aititudes ben definidas: Toma de concencia da realidade, esprito refleisivo e responsabilización; única maneira de fuxir do evasionismo platónico e de ser fieles á encarnación. E pra rematar, non podemos esquecer a laboura confortadora de Mns. Delicado, bispo de Vigo, e non soio polo seu apoio á públicación deste libro sinón tamén porque o seu pensamento recollido sobre todo na súa obra "La Pastoral diocesana al día" latexa decote en todos estes traballos que acabamos de comentar. Atopar un bispo no frente anovador por estes eidos non é cousa de todos os días.

Confiamos en que ista colección siga pra diante co mesmo pulo co que empezóu, e que os seus plantexamentos e desexos vaian convertíndose en realidade pois, neste país, de palabras xa imos estando fartos. Os autores así o desexan e nós tamén.

X. M. R. PAMPIN

[1] Editorial Galaxia. Colección Xeira Nova. Vigo, 1970.

NORMAS ORTOGRÁFICAS DO IDIOMA GALEGO

A Academia Galega aprobóu en xuntanza celebrada o 15 de febreiro último unhas normas ortográficas do noso idioma que agora aparecen en edición oficial. Con anterioridade tíñanse insertado en todos os diarios de Galicia e noutras pubricacións periódicas de carácter galego.

O folleto que as contén consta de dúas partes: unha espositiva, en que se razonan os criterios que inspiraron a redacción das normas, e outra que contén, debidamente artelladas, as normas mesmas.

A Academia non se propuxo, desde logo, fixar a morfoloxía e a fonética do galego. Propónse aquela Corporación, para o futuro, acometer tal empresa. Pero son éstas, como o demostra a escasa fortuna de anteriores intentos, materias de moita complexidade, que só a inesperiencia ou a irresponsabilidade xulgan doadas de tratar. Seméllanos axeitada a prudencia da Academia ao comezar por codificar a ortografía. E decimos codificar, porque realmente o que se fixo foi ordenar e axustar as prácticas que por costume e acordo tácito viñan hoxe rexendo nos máis dos escritos que ven a luz. Pártese, pois, da realidade, sen utópicos proídos de radical reforma científica, que crearían dificuldades no uso popular. Nada se propón que non se veña facendo xa por estes ou estoutros escritores; e dese xeito non hai ningunha innovación que a sexa para todos, senón que se reducen a sistema, en canto é posible, as normas de feito ouservadas, escollendo, nos poucos casos en que non había unanimidade, as solucións máis ventaxosas desde o punto de vista da facilidade e da craridade.

Nesta escolla pártese da realidade actual da formación escolar na ortografía castelá. Unha ortografía do galego totalmente allea a esa realidade desembocaría nun diferencialismo ortográfico incompatible coas circunstancias. Seguindo a orientación dos nosos mellores escritores,' forxada e depurada, contrastada e perfeicionada durante máis dun século, a ortografía agora oficial arrinca da ortografía castelá, que todos coñecen, e modifícaa somente para representar de acordo cunha firmemente asentada tradición os fonemas proprios que non esisten no español común. Aparte deste criterio, o de aceitar a ortografía da Academia Española en todo canto sexa compatible coa realidade fonolóxica da nosa língua —se ben aproveitando toda oportunidade de achegar as grafías aos fonemas, eliminando cultismos ortográficos que resultarían gandideiros—, só opera o de aprosimación ao portugués nas contraccións e outros aspectos análogos, co ouxeto de facer máis cursiva para os leitores lusos a nosa escrita, cando esto non crea interquinencias para os educados na ortografía castelá. En todo esto, repetimos, a Academia, cun grande respeito aos forxadores do idioma, que son o pobo e os escritores, mantivo por vía de regra a práctica vixente, sen cair na ilusión de impor un criterio tecnocrático nunha custión de política cultural, como é a custión do idioma.

A ortografía é sempre unha convención. Sería corriqueiro discutir por miudo a proposta pola Academia. Seméllannos asisados os criterios adoutados, e o carácter oficial daquela Corporación faina o órgano axeitado para poñer orde na nosa língua.

As normas constitúen un conxunto mínimo de preceitos, que remiten á ortografía castelá como supletoria, o cal non debe ser esquecido, pois facilita a solución dos problemas que a cadaquén se lle podan presentar e que non ache resoltos no articulado que se pubrica agora. Deste xeito, ninguén que seipa leer atopará dificuldades para escribir en galego. A Academia deixa espresamente aberta a porta a unha reforma das normas actuás, feita co asesoramento de todos os que crean poder aportar algunha luz a esta custión. Pero é evidente que urxía a edición dun prontuario que contivera as normas indispensables para a introducción na ortografía galega. Este prontuario témolo xa nas mans, e con el a Academia ten prestado ao pobo galego o servicio que era mester. Agardamos que con análogo siso acometa a Academia a ordenación dos aspectos morfolóxicos do idioma e vaia aínda máis alá na tarefa que o seu lema resume: *colligit, expurgat, innovat.*

OITOCENTOS ANOS DA MORTE DE TOMAS BECKET

O 29 de Nadal do 1170, foi asesinado na Catedral de Cantorbery o arcebispo Tomás Becket. Co gallo do oitavo centenario, a partir do mes de maio diste ano, celebraránse na cidade primada da Eirexa de Inglaterra diversos actos conmemorativos. Entre eles, unha nova representación de *Asesinato na Catedral*, de T. S. Eliot, dirixida por Martin Browne —o mesmo que, en 1935, dou a pirmeira representación da obra—, e tamén varios dramas musicaes da Idade Media, coa colaboración da famosa coral "Quem Quaeritis". Da peza de Eliot daránse vintecinco representaciós entre o 25 de setembro e o 17 de outono.

A editorial Galaxia vai pubricar axiña, co tiduo de *Morte na Catedral*, unha tradución galega da peza de Eliot, obra de Isidoro Millán González-Pardo. Como indica o Prof. Millán, é case seguro que Tomás Becket fixo a pelerinaxe a Compostela, nos anos nos que estaba en Francia, no desterro, pola súa oposición ao Rei Enrique II, de quen tan amigo fora denantes de sere nomeado arcebispo de Cantorbery.

Becket, di Previté-Orton, "tiña un carácter ardente, e entregóuse en corpo e alma ao seu novo cárrego de primado da eirexa inglesa. Era a tal ingre para o martelo de Enrique... volvía os ollos con saudade aos días nos que a Eirexa de Inglaterra estaba libre das cortapisas do poder temporal. Iba sere o perfeito arcebispo: de cortesán que fora, trocóuse nun asceta. E non tiña medo das arroutadas do monarca". O Rei, cando Tomás retornóu a Cantorbery, e suspendéu nas súas funciós aos prelados que tiveran parte na coroación do herdeiro real, e denuncióu púbricamente aos que invadiran a súa sede, Enrique II alentóu, irado, aos cabaleiros da casa real, a dar morte ao arcebispo na súa catedral. Becket tiña recibido un martirio grorioso, trocouse no santo máis popular do reino, e o seu santuario foi o máis visitado de Inglaterra"...

Unhas das obras mestras da literatura inglesa, *Os Contos de Cantorbery*, do "grand translateur" Godofredo Chaucer, son os contos que van contando, durante a pelerinaxe, uns a outros, uns romeiros que van ao Santo: unha linda priora, a viuda de Bath que tamén tiña feito a romeiría xacobea, e outras xentes de máis diversa condición e orixe.

UN IMPORTANTE PREMIO PRA NOVELA GALEGA

O "Centro Gallego" de Buenos Aires acaba de convocar un importante premio literario, denominado *Premio Galicia*. Está dotado con 10.000 pesos arxentinos novos, equivalentes a unhas 206.500 pesetas, e outorgaráse no mes de outono do presente ano.

Este valioso galardón será concedido á millor novela en galego —un dos xéneros menos cultivados antre nós— por un xurado encabezado polo Presidente da Academia Gallega e formado por dous membros da mesma Corporación e outros tantos propostos polas Editoriás "Galaxia" e "Castrelos".

Os orixinás que concurran han ter unha estensión mínima de 180 folios e másima de 300. Deberán remesarse por

quintuplicado ao Centro Gallego de Buenos Aires, ou ser entregados na Academia Galega, na Coruña, antes do 31 de setembre prósimo.

As obras terán que estar escritas necesariamente en língua galega. E o tema, inda que libre, deberá desenrolárese en Galicia.

Asimesmo, o propio Centro Gallego citado convocóu un premio de xornalismo, dotado con 20.000 pesetas, con motivo do 150 cabodano do nacemento de Concepción Arenal. Será concedido ao millor traballo adicado á figura da esgrevia pensadora ferrolá.

STRINDBERG OUTRAVOLTA

O Teatro Nacional Popular, de Francia, pon en escea istes días, en París, a peza de Strindberg *A danza da morte*. E con este motivo, son varios os críticos que suliñan a importancia do dramaturgo sueco: "Alemán ou inglés, Strindberg tería acadado unha groria ben máis grande. Sueco, mete medo aos franceses. Non embargantes, é o igual de Kafka, de Proust. de Pirandello. El é dos nosos pais, o máis novo, e o que dá máis que descifrar" afirma François Régis Bastide, quen engade:

"Ao lér ista peza escrita no 1901, e que prefiguran Kafka, Artaud, Beckett, con ollos de hoxe, atopámonos con un mundo grande, salvaxe, escandinavo, implacable. Ese capitán que non será nunca comandante, bébedo de alcohol e de tolemia, e ista comedianta fracasada, súa dona, esiste "invitado" hegelián, Kurt, fascinado, rexeitado, destruído, son aquí coma persoaxes prodixiosamente modernos, apricados a esfolarse cunha violencia a carón da cal as liortas de Albee son grotescas, os difuminados de Pinter craros demáis, e os *Huis clos* de Sartre, máis ben un exercicio escolar".

Maria Casares e Alain Cuny, con Jean-Marc Bory, representan os tres grandes persoaxes da peza. A carón de Cuny, dí Bastide, "grandioso, vivindo a loucura de Strindberg como viviu Claudel ou Pirandello, cuspindo no seu odio, bulrando a súa caida, superpoñendo varias loucuras e deixando locir unha tras doutra, tolo de raiba: "os pés e os puños, esto é a miña filosofia", a nosa paisana María Casares é por unha vez sobria dabondo, os dentes apertados sob a súa máscara de Pierrot verde. Chea de raras modulaciós, pódese ser insensible, pro o talento é sempre evidente".

Tíñase dito que Strindberg era "irrespirable". Entón, había que esquencélo, ou confinálo. Pro, ahí está. Como está Valle-Inclán, coma sigue estando Pirandello. Figuras as meirandes do teatro diste século.

MUSEU DE ARTE CARLOS MASIDE

O día 9 de febreiro formalizóuse a aita notarial de constitución do "Museu de Arte Carlos Maside", baixo do patrocinio do Laboratorio de Formas de Galicia e de Cerámicas do Castro. Propóñense os orgaizadores deste Museu, reunir de xeito sistemático obras de arte galego contemporáneo, caraiterísticas da nosa época e debidamente escolmadas.

Antre as finalidás do indicado Museu figura asemade, a de axuntar documentación referente aos artistas galegos do século XIX: libros, monografías, críticas de prensa, manuscritos, fotografías, catálogos, etc.

O "Museu de Arte Carlos Maside" nutriráse coas obras que aportan as Sociedás que o patrocinan, os membros compoñentes delas e coleicionistas.

Tenciónase que o novo Centro en constitución, encha unha lagoa no panorama museístico de Galicia, recollendo nas súas salas todo o representativo do noso arte contemporáneo. Tal feito era necesario, como aportación ao conocemento do desenrolo dese arte nos días de hoxe en relación cos novos problemas artísticos; e servindo ademáis de como instrumento de conservación, de divulgación cultural.

Vicenzo Josia fixo unha versión ao italián do libro de M. González Garcés, *El cuervo en la ventana*. Editóuna en Roma, Angelo Signorelli, co tíduo de *Il corvo sulla finestra*. O tradutor púxolle ao libro un esteso limiar, no que enxuicia o labor poético de González Garcés. Despóis de se referir á produción anterior déste, dí:

No novo libro "é doado atopar o predominio dunha palabra-chave —o vento—, á que se engade, con frecuencia, outra: o cristal. Estes dous termos, inda que están carregados, en xeneral, dun valor simbólico, teñen, asemade, un valor descritivo, os elementos estilizados da paisaxe da Coruña, *a cidade de cristal* onde nacéu o poeta e onde reside, dediante dun mar que absorbe da luz todas as súas coloraciós e todas as tonalidás, e que, en certas e determinadas horas, é luz mesma.

Nós tivemos oportunidade de albiscar os verdes promontorios ao fondo da estesa badía, a alporizada corrente da ría do Burgo, así como as luces rosáceas que, dende lonxe, refréxanse esprandecentes ao longo das galerías do Paseo dos Cantós, a paisaxe que Garcés describe, e que a traveso das palabras do poeta revela a súa máis suxestiva realidade.

Pero é, quizaves, cando a paisaxe se troca en difícilmente interpretábel cando Garcés resalta e potencia a beleza, embebéndoa daquel recendo de misterio que é un dos compoñentes esenciás da poesía de González Garcés".

Vincenzo Josia remata o seu estudo coas seguintes palabras: "Diremos que todo nos satisfái neste libro. Comprácenos a súa pantasía en permanente ascensión, así como as alteraciós e os xogos de palabra. A poesía de Garcés, é un mensaxe de amor, de espranza, e un chamamento ou invitación á rebelión, na forma máis sublime e máis noble da linguaxe".

NOTAS

NO mes de xunio derradeiro reuníuse en Dublín o segundo Simposio Internacional adicado a James Joyce. Un dos temas tratados foi a fixación dos textos joycianos, algús moi "corrompidos". O eisame dos borradores e máis das probas do *Ulises* permite rexistrar nas mellores ediciós publicadas arredor de tres milleiros de erros pra reitificar. Jack Dalton prepara o texto definitivo desta obra e ten mentes de facer o mesmo co *Finnegans Wake*. Pra elo calcula que necesita dez e deica vinte anos de traballo: consultas de borradores, probas e libretas inéditas. Non todos son partidarios, nembargante, do estabrecemento dun texto ideal e único.

COA presencia de grande número de inteleituás, notadamente mozos, foi lanzado en Copacabana o *Poema-Postal*, "tentativa de massificação da poesía", de un grupo de mozos caerenses, presentado por Pedro Lyra. Este escritor, que agora se insurxe contra do poema-libro, seguindo a nova tendencia da poesía nas sociedades de masa, é autor de dous libros-poemas: *Sombras* e *Doramor*. O *Poema-postal* que, según Lyra, "é una saída comercial para o artista esmagado pela sociedade de consumo", anda a provocar interés nos círculos culturás do Río de Janeiro.

UNHA das figuras máis importantes no mundo da "negritude" é Leopold Sedar Senghor. Leva escrito diversos ensaios, pero son os seus poemas os que o destacaron, nun plano mundial, antre os escritores negros de língua francesa. Agora remata de se editar un volume de Ernest Milcent e Monique Sordet, tiduado *Leopold Seder Senghor et la naissance de l'Afrique moderne*, no que se sigue o seu itinerario político a traveso do cal se ilumina o destino moderno do mundo negro. Ademáis, Presses Universitaires de France reedita unha das súas obras: *Anthologie de la nouvelle poésie negre et malgache*, cuia primeira edición data do 1948.

A AITIVIDADE pictórica en Galicia anda a proliferar dun xeito que quizaves supere á de todos os tempos precedentes. O feito refléxase non soio nas exposiciós que se celebran arreo

dentro do país, sinón nas que teñen lugar nas salas de arte doutras latitús. Unha boa proba delo amóstranola, o que soio nos meses de marzo e de abril se fixeran en Madrid nove exposiciós de artistas galegos, que acapararon outras tantas salas da capital: *Luis Seoane,* na galería Ramón Durán; *Grandío,* en Krisler; *Xavier Pousa,* en Macarrón; *Andrés Colomo,* en Fernando Fé; *Xoaquín Marín,* en Toisón; *Xurxo Castillo,* en Santa Catalina; *María Antonia Dans,* en Biosca; *Acisclo Manzano,* en Galería Frontera, e *Beatriz Rey,* en Edaf. Tamén na Sala Municipal de Arte, de Córdoba, espuxo con grande ésito unha coleición de litografías e grabados, *Ortiz Alonso.*

O BRASIL ten arestora unha linguaxe nova en materia de teatro. Os dramas sociás da década do 60, nos que os seus autores semellaban máis imbuídos nun planfetarismo político do que propiamente en teatro, deu lugar a unha nova fornada de autores máis coerentes, dando meirande destaque ao home do que ao sistema no que vive. En fin, unha universalización do drama do conflito persoal de cada quen, o teatro reflexando a esperiencia íntima.

HALLDOR Laxués é o único islandes, dende o historiador Snorri Sturluson, do século XIII, que acadóu sobrepasar o estreito circo da súa fala —unha das catro línguas escandinavas—. Cando no 1955 recibíu o Premio Nobel de literatura, tiña publicado as súas duas grandes novelas: *Salka Valka* e *Xente independente,* frescos da vida cotiá do seu pobo, ás que logo se amecéu *Mundo lumioso,* Laxness, que escribíu tamén poemas e dramas, ven de recibir o Premio Sonning 1969, que se concede a quenes contribuíron en forma sobresaínte á cultura europea.

NO VRAN que ven celebraráse na localidade de Uzama, no val do mesmo nome en terras navarras, un simposio sobre línguas hispánicas. A este simposio acodirán persoalidás da Academia Española, do Instituto de Estudos Catalás, da Academia Galega e da Academia da Língua Vasca.

FINOUSE perto de París, na súa posesión de Verriéres, Louise de Vilmorín, poetisa, novelista, e como ela mesma dixo nunha ocasión, "xardineira". Casara dúas veces, pero o seu grande amor dos seus anos de maturidade, foi André Malraux. Na esquela publicada no "Carnet du jour" de "Le Figaro", cos membros da familia figuraba o autor de *A condición humá.* Fayard dixo dela que era unha persoa chea de fantasía, que apenas sí pesaba sobre da terra. Fai anos que Lois Tobío traducíu ao galego varios poemas de Mme. de Vilmorín.

CON un prólogo de Anthony N. Zahareas —ao que sigue unha estesa bibliografía valleinclanesca— ven de se publicar un volume co tíduo de *Teatro selecto de Ramón del Valle-Inclán.* O prólogo do Prof. Zahareas é unha introdución intelixente e afondadora da obra dramática do escritor de Vilanova de Arousa. Afirma nel que as esperiencias co teatro de Valle-Inclán están por facer, e que constitúe este teatro a novedá máis importante da escea española nos derradeiros anos. A calidá do teatro valleinclanesco é dilucidada por Zahareas peza por peza, destacando o orgullo que o autor de *Romance de lobos* sentía e a súa conciencia de revolucionador do arte dramático.

ELIAS Canetti nacéu no ano 1905, en Bulgaria, de pais xudeus españoles. Despóis de estudar na Alemaña e na Austria refuxiouse no 1938 en Londres, onde vive aitualmente. A súa novela *Auto-da-Fe,* publicouse no 1935 en Viena. A acollida esceicional que lle dispensóu a crítica despóis da guerra deulle moita sona. A mitade de camiño antre o Quijote e Kafka, *Auto-da-Fe* foi traducida por primeira vez ao francés co tíduo de *La Tour de Babel* e outivo o premio ao millor libro estranxeiro. Agora remata de se editar en nova versión.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	70	ptas.
Estranxeiro	85	"
Suscrición anual, 4 números ..	240	"
Estranxeiro	280	"

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO